



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 57

Sesión plenaria
22 de novembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-ELSK4ADFr-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único: Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 (doc. núm. 23846, 11/PL-000011)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 20.10.2021

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 226, do 12.11.2021

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 23847, 11/PL-000012)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 20.10.2021

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 226, do 12.11.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor presidente comunica a delegación de voto do deputado D. Moisés Rodríguez Pérez para os días 22, 23 e 24 de novembro no deputado D. Pedro Puy Fraga. (Páx. 6.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. (Punto único da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas do grupo I, emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

Defensa das emendas: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 21.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 29.)

Intervención da Xunta de Galicia: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar posicións: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 47.)

Rolda de réplica: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 53.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 56.)

Intervención da Xunta de Galicia: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 60.)

Votación das emendas á totalidade do grupo I

O señor presidente anuncia a votación das emendas do grupo I formuladas polos grupos parlamentarios. A votación farase de forma conxunta por cada grupo parlamentario emendante. (Páx. 63.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución das seccións ou axentes xestores de gasto, do G. P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 63.)



Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución das seccións ou axentes xestores de gasto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

Debate e votación das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 64.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 69.)*
Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 74.)*

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar posicións: *Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 86.)*

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 90.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 93.)*

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 95.)*

Votación das emendas á totalidade do grupo II

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia a votación das emendas do grupo II formuladas polos grupos parlamentarios. A votación farase de forma conxunta por cada grupo parlamentario emendante. (Páx. 97.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto único da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 98.)*

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Francisco Rivera (S) (Páx. 103.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 107.)*



Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 112.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 117.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 118.)

Votación das emendas presetadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación conxunta das emendas á totalidade de devolución, dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 120.)

O señor presidente (Calvo pouso) anuncia que este proxecto de lei continuará o seu trámite parlamentario e dá por rematada a sesión. (Páx. 120.)

Remata a sesión ás sete e trece minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Teño que comunicar á Cámara unha delegación de voto que fai o deputado Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do artigo 84.7 do Regulamento —faina para os días 22, 23 e 24 de novembro—. Este deputado delega o seu voto no portavoz do Grupo Parlamentario Popular, don Pedro Puy Fraga.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas aos grupos I e II, emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento para explicar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022. Comezamos o debate económico máis importante do ano, e o primeiro que quixera salientar é, afortunadamente, que a situación sanitaria, como a evolución económica de Galicia, é moito máis favorable que hai once meses, cando o anterior conselleiro, Valeriano Martínez —ao que quero lembrar unha vez máis e recoñecer todo o seu traballo ao longo dos últimos seis anos—, tivo que expoñer as contas en vigor.

Ademais, o máis importante é que estamos no camiño de superar a situación máis difícil á que se ten enfrontado a Administración autonómica. Galicia xa saíu da situación de emerxencia sanitaria na que estivo dezanove longos meses. E fíxoo cos mellores datos de incidencia da covid en toda España. Isto debería alegrarnos a todos porque considero que non é un éxito do Goberno, é un éxito de toda a sociedade galega.

O Goberno fixo e segue a facer todo o posible para minimizar os efectos da pandemia. Os servizos públicos galegos foron quen de responder con nota a unha situación nunca vivida antes, e todos debemos sentirnos orgullosos dos noventa mil servidores públicos. Queda



moito traballo por diante pero, afortunadamente, o peor pasou. E entre todos temos que ser quen de achegarlles solucións e certezas aos cidadáns.

Señorías, o Goberno ten como principal ferramenta económica os orzamentos. E neste senso o primeiro que quixera salientar é que as contas en vigor están a ser útiles para cumprir o triplo obxectivo que nos marcamos hai case un ano: seguir combatendo a pandemia, artellar os recursos financeiros precisos para apoiar a reactivación económica e atender as familias, as pemes e os autónomos en todas as súas necesidades.

As principais cifras confirman a boa evolución da economía e do emprego en Galicia. En termos de PIB, o último dato coñecido, o referido ao segundo trimestre, ratifica que a economía galega se reactivou e recuperou en taxas positivas interanuais por primeira vez dende o inicio da pandemia. En termos interanuais, o PIB do segundo trimestre creceu un 17,5 % —o mellor dato da serie histórica—. Reactivouse o consumo dos fogares cun aumento do 23,4 %. O gasto das administracións públicas incrementouse un 8,2 % —máis do dobre que na media de España—. O crecemento do sector servizos foi do 19,8 %. O sector industrial mellorou nun 18,7 % e a construción avanzou un 9,3 %.

É certo que estamos comparando co peor trimestre da pandemia, pero temos que salientar que a evolución trimestral tamén é moi satisfactoria. A economía galega no segundo trimestre medrou un 3 %, moi por riba do conxunto da española. É o segundo mellor trimestre dende hai quince anos. Evidentemente, o primeiro foi o terceiro de 2020, que non é comparable, porque subiu un 15 % pero porque viñamos dunha época de confinamento, como ben saben. En poucos días coñeceremos o dato do PIB do terceiro trimestre e agardamos poder seguir confirmando esta reactivación económica.

No caso do emprego, xa temos datos da EPA correspondentes ao terceiro trimestre. E a primeira conclusión é positiva. O emprego xa está en niveis previos á pandemia e volvemos á senda de crecemento e creación de emprego que Galicia levaba camiñando nos últimos anos.

As tres taxas que mide a EPA tamén mostran un mellor escenario. Baixa a taxa de paro, crece a taxa de ocupación e crece a taxa de actividade tanto na evolución anual como trimestral. Ademais, temos datos moi positivos, como que a calidade do emprego mellora, xa que temos a maior cifra de traballadores indefinidos da serie histórica. A anterior mellor era a do terceiro trimestre de 2009.

A taxa de paro continúa a ser menor en Galicia, ao situarse en 4,34 puntos por debaixo do conxunto do Estado. A taxa de paro dos menores de 25 anos continúa a ser menor en Galicia, ao situarse en 6,83 puntos por debaixo da media nacional. E tamén é menor o desemprego feminino: Galicia, 11,1 %; e España, 16,4 %.

Estes datos —insisto— confirman que a estabilidade e as receitas económicas da Xunta funcionan e que debemos seguir perseverando de cara á recuperación económica. Como dicía ao principio, os orzamentos de 2021 están sendo útiles e contribuíndo decididamente á reactivación de Galicia. Para 2022 temos que dar un paso máis. As contas para o vindeiro ano, que hoxe debatemos, deben xogar un papel importante para pasar da reactivación á recu-



peración económica. É certo que queda moito que facer e moitas necesidades que atender, pero, obxectivamente, a situación mudou para mellor e agardamos que en 2022 evolucione de maneira aínda máis favorable.

Señorías, tan certo como é que quedan moitas dificultades por superar tamén o é que Galicia está superando dúas crises nunha década. Iso si, son moi diferentes na súa orixe pero moi difíciles de xestionar cada unha por distintas razóns. Aínda con todas estas diferenzas quixera poñer en valor que desas dúas enormes dificultades Galicia está en disposición de saír nunha mellor situación. Entre os anos 2008 e o 2014 tivemos que xestionar a grande crise, a crise financeira, e en todo momento Galicia mantivo a súa solvencia, a súa autonomía financeira e puido exercer de forma plena o seu autogoberno sen intervencións. Por iso superou esa crise financeira sen ter que ser rescatada, pagando as súas facturas en calquera momento e circunstancia e cun control do seu déficit e endebedamento.

Todo este traballo tivo un efecto moito máis alá de quedar ben nos ránkings e permitiunos en pouco tempo consolidar un modelo de crecemento, o «crecemento san» — termo moi querido polo noso lembrado Valeriano —, que nos permitiu ser a terceira comunidade autónoma que máis mellorou o seu nivel de riqueza entre 2008 e 2019. (*Aplausos.*)

Cando encadeabamos seis anos de crecemento, no 2020 chegou a pandemia e provocou a peor crise sanitaria mundial. Pasamos meses moi duros, durísimos, pero neste momento — insisto, con toda prudencia — a responsabilidade cidadá e a vacinación masiva dos galegos e das galegas permítenos albiscar un horizonte dunha normalidade aínda non plena pero xa bastante parecida á que tiñamos antes da irrupción da covid-19 nas nosas vidas.

Señorías, quixera felicitar a todos os galegos e galegas polo seu sentidiño. Todos deberíamos felicitarlos pola boa xestión da pandemia en Galicia — unha afirmación que podemos sustentar en datos —. Galicia é a comunidade peninsular con menor taxa de mortalidade, Galicia é a segunda comunidade con menor mortalidade no ano 2020; Galicia mantén a incidencia acumulada a catorce días entre as máis baixas de todas as comunidades autónomas. E Galicia tamén ten a porcentaxe de ocupación de UCI por covid máis baixa de todas as comunidades autónomas.

Agora tócanos — sen baixar a garda, sen confiarnos — seguir poñendo todas as ferramentas ao noso alcance para superar canto antes a tripla crise — a sanitaria, a económica e a social —, para pasar da reactivación económica acadada coas contas en vigor a unha recuperación económica que agardamos consolidar con estes orzamentos en tramitación e para reforzar a senda de crecemento san na que estabamos ata marzo de 2020.

Reitérolles o meu convencemento de que o orzamento que debatemos hoxe na Cámara é un bo instrumento para axudar a estes obxectivos. Estamos ante unhas contas expansivas: dispoñemos de 11.627 millóns de euros, os maiores recursos da historia de Galicia por segundo ano consecutivo. E son os orzamentos máis altos, mírenos como o miren, tanto en termos homoxéneos — como hai que miralo segundo o noso criterio — como tendo en conta os recursos extraordinarios deste exercicio non consolidables.



Aínda que para 2022 non teremos un fondo covid pola negativa do Goberno central a atender esta petición —seica iso era o que semellaba inicialmente, veremos o que pasa na tramitación dos orzamentos xerais do Estado—, os orzamentos do vindeiro ano seguirán a ter unha compoñente de excepcionalidade, que é a que lles outorgan os fondos extraordinarios de recuperación procedentes da Unión Europea —aos que me referirei máis adiante—, que teñen que ser clave para reforzar a recuperación da comunidade autónoma. Pero estes fondos teñen unha natureza diferente do fondo covid tanto na súa contía como no seu destino finalista e como no seu período de execución, que non son anuais e poderán ser executados, como ben saben, ata o 2026.

Aínda que estes recursos están xa chegando, fano de forma máis lenta do desexado e cunha repartición por parte da Administración xeral do Estado que en demasiadas ocasións non destina a Galicia todo o que nos debería transferir segundo o noso criterio, cunha repartición por debaixo das porcentaxes que nos deberían corresponder —como tamén exporei—.

Señorías, chegados a este punto, considero que é bo reflexionar nesta Cámara sobre que modelo orzamentario é o axeitado para consolidar Galicia na senda de crecemento san. A este respecto, no Goberno galego estamos convencidos de que debemos reforzar as fortalezas que nos permitiron encadear seis anos de crecemento sostido antes da pandemia. Neste sentido, a nosa intención non é volver ao ano 2019 senón avanzar cara a un novo modelo económico orientado cara a proxectos transformadores que modernicen a estrutura económica da comunidade autónoma. Porque temos unha mellor situación, tanto cuantitativa —con máis recursos— como cualitativa —con medidas para transformar e modernizar a nosa economía—. En definitiva, queremos adaptarnos á nova realidade pospandemia e que Galicia estea entre os territorios que saian reforzados da crise.

Vexamos as dez principais fortalezas, o noso decálogo en materia orzamentaria.

O primeiro é a prudencia nas previsións. En primeiro lugar, quero pór en valor a prudencia e o realismo co que sempre traballamos na nosa política orzamentaria. É esencial deseñar unhas contas con realismo, pois elaborar un cadro macroeconómico irreal leva a uns orzamentos inservibles e que hai que mudar con frecuencia.

Pola nosa banda, estamos convencidos de que unhas contas prudentes e realistas achegan certezas e confianza, e, polo tanto, son útiles para a cidadanía. Por iso, dende o Goberno galego quixemos elaborar un ano máis uns orzamentos cribles construídos a partir das previsións realistas que nos aporta o IGE, o noso Instituto de Estatística, que nos confire a máxima confianza.

Neste momento, co ritmo de crecemento que levamos este ano, e de acordo coas propias estimacións do IGE para o seguinte, podo confirmarlles que Galicia está en disposición de recuperar a riqueza prepandemia no primeiro semestre de 2022 e, polo tanto, superala ao longo do vindeiro exercicio. E así o estimamos porque prevemos un crecemento sostido do PIB do 6 %, tanto este ano como o vindeiro. Este crecemento estará sustentado, por unha banda, nun incremento do consumo privado pola mobilización do embolsamento producido durante a crise pandémica; e, por outra, nun especial esforzo dende a Administración auto-



nómica neste bienio no investimento produtivo. Este esforzo para o 2022 terá reflexo no crecemento do 8,1 % da formación bruta de capital —tendo en conta tamén a execución dos fondos Next Generation, dos que logo falarei—.

Tamén agardamos un forte incremento do ritmo das exportacións, ata un 10 %. En canto ao mercado de traballo, igualmente, tras a brusca caída do pasado ano pola pandemia, estamos en disposición de encarar dous exercicios de forte crecemento. Os últimos datos da EPA son moi positivos e confirman esta tendencia, como xa relatei. Para este ano, o incremento de postos de traballo equivalentes a tempo completo esperamos que remate cun medre do 5,4 %; e para o próximo ano, para o vindeiro exercicio 2022, do 3,1 %, de forma que de xeito acumulado poderán superar a baixa do 8 % do ano 2020.

Esta mellora do emprego permitirá rebaixar a taxa media de paro en 2022 ata o 11,7 %. Insisto, son previsións realistas e avaladas como prudentes pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Segundo punto, o reforzo dos servizos públicos. A segunda fortaleza no noso modelo orzamentario é o reforzo dos servizos públicos, aos que nunca se dedicaron tantos recursos como este ano. E o vindeiro ano aínda terán máis, porque nos orzamentos para o 2022 de novo reforzamos tanto o gasto social tradicional, os servizos públicos fundamentais —sanidade, educación e políticas sociais—, como o emprego. Reitero que é o orzamento máis elevado da historia de Galicia. En total, haberá 8.660 millóns de euros para sanidade, ensino, políticas sociais e para o emprego, cun aumento de 610 millóns máis.

Señorías, para que se fagan unha idea deste montante, só o gasto social máis o emprego supera todo o orzamento da Comunidade Autónoma dos anos 2013, 2014 e 2015. Pero o máis importante non é fixar un novo récord. O máis importante é destinar á sanidade pública máis recursos ca nunca, 4.583 millóns de euros —269 máis—; destinar ao ensino público máis recursos ca nunca, 2.695 millóns de euros —179 millóns de euros máis—; destinar a políticas sociais máis recursos ca nunca, 987 millóns de euros —126 millóns de euros máis—; e destinar a emprego máis recursos ca nunca, 395 millóns de euros —37 millóns de euros máis—.

As tres consellerías que acaparan o gasto en servizos públicos esenciais concentran o 75 % do incremento do orzamento; ou, dito doutra maneira, tres de cada catro euros de aumento orzamentario van dedicados a sanidade, ensino e políticas sociais. Para o reforzo dos servizos, unha parte esencial son os profesionais que os prestan, especialmente nos servizos públicos fundamentais. E para o ano 2022 o gasto en persoal sobe un 4,9 %, que se sitúa en 4.327 millóns de euros, o máis elevado da historia da comunidade autónoma. Señorías, daranse conta de que este 4,9 % de incremento está moi por riba —case tres puntos por riba— do 2 % do aumento do salario dos empregados públicos. Este é un sinal do esforzo que se fai no reforzo dos cadros de persoal e na mellora das condicións laborais dos empregados públicos.

Terceiro punto, o aforro público. A terceira fortaleza neste modelo orzamentario é o aforro bruto. Como saberán, o aforro bruto é a diferenza entre ingresos correntes e gastos correntes, un parámetro que fomos recuperando dende o ano 2010, cando era tan só de 276 millóns de euros. Para 2022 ascenderá ata 845 millóns de euros, máis do triplo. Grazas a esta recu-



peración dos orzamentos tamén mellora moito o conxunto de recursos que conforman a formación de capital, porque, como saben, a base dun crecemento san dos investimentos é a xeración de aforro bruto, e este é a suma do aforro bruto e os ingresos de capital. Pois ben, os ingresos de capital duplicáronse practicamente na última década, ao pasar de 730 millóns de euros aos 1.388 millóns de euros. Con estas cifras, para o vindeiro exercicio a formación bruta de capital chegará ata os 2.236 millóns de euros. Lembremos que hai unha década estaba nos 976 millóns de euros.

Cuarto punto, o reforzo do investimento produtivo —corolario do anterior—. A cuarta fortaleza do noso modelo orzamentario é o reforzo do investimento produtivo, que tamén contribúe ao fortalecemento dos servizos públicos. Para o vindeiro exercicio, os gastos de capital, os recursos para investimento produtivo, refórzanse con case 325 millóns de euros —un aumento do 14,6 % que se suma ao incremento do 53 % do orzamento en vigor—. Soben o triplo que o gasto corrente. Desta forma sumamos os dous orzamentos con máis de 2.500 millóns de euros para investimentos, ou, o que é o mesmo, con 5.000 millóns de euros en dous exercicios.

E ademais do reforzo investidor xeral, buscamos o reequilibrio territorial para cohesionar Galicia cun maior investimento por habitante nas provincias de Lugo e Ourense —como vimos facendo cada ano desde 2009, e que tamén se fará no 2022—. Este reforzo permite que Galicia lidere o esforzo investidor de España, tal e como poñen de manifesto os datos correspondentes ao último ano pechado, os do ano 2020. Así, o peso do gasto de capital sobre o total de gasto non financeiro —que é como se mide este esforzo investidor— foi en Galicia do 13,5 %, practicamente o dobre que a media das comunidades autónomas, que se sitúa no 7,2 %, e o triplo, por exemplo, que outras comunidades punteiras, como Cataluña.

Cinco, o control do endebedamento. Como quinta fortaleza do noso modelo orzamentario podemos referirnos ao control do endebedamento, ao endebedamento responsable. Precisamente nesta conxuntura a falta de dinamismo e de suficiencia do actual modelo de financiamento —como logo veremos— fai preciso recorrer a un endebedamento temporal como mecanismo complementario de financiamento. Iso si, sempre de maneira controlada e nos límites acordados. Señorías, este é precisamente o ano no que non debemos preocuparnos demasiado polo endebedamento. Polo que nos debemos preocupar é por atar a recuperación. Enténdanme ben, non nos temos que preocupar demasiado porque este goberno é responsable: cumpre coa senda de consolidación fiscal cando a conxuntura o require e aplica unha política de gasto máis expansiva cando a conxuntura tamén o require —como está a acontecer nestes intres—. Obviamente, cando a situación extraordinaria pase, haberá que volver á senda de consolidación fiscal. E esta xestión responsable ten cifras detrás. Estamos nunha mellor situación para endebedarnos agora que é preciso porque esta comunidade autónoma é a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento, a pesar de que tivemos que pasar a gran crise entre 2008 e 2014, na que houbo unha caída bruta dos ingresos.

Señorías, xa o comentei en comisión e quero que quede constancia tamén neste pleno. Este ano e o que vén si ten xustificación recorrer ao endebedamento. E curiosamente seguimos a recibir críticas dos grupos parlamentarios da oposición por este motivo. Resulta sorprendente que o BNG e o PSdeG pedisen en épocas pasadas que a Xunta de Galicia se endebedase



máis — nos anos prepandemia, de crecemento económico sostido e con regras fiscais que a limitaban— e que agora, cando están suspendidas estas regras e que é o momento de endebedarse para volver ao crecemento sostido, se critique. Imos xusto ao revés, piden máis débeda nas épocas de bonanza que favorecen a consolidación fiscal e critican o endebedamento nos momentos en que é necesario para favorecer a recuperación económica.

Pois ben, precisamente porque non aumentamos o endebedamento tanto como nolo pediron, agora podemos recorrer a este financiamento extraordinario e, o que é máis importante, mantendo a solvencia da facenda galega. Señorías, son afirmacións que se sustentan con datos. No 2008 Galicia estaba entre as comunidades autónomas máis endebedadas, agora está entre as menos endebedadas. En 2008 Galicia tiña a mesma ratio débeda-PIB que a media —¡perdón!, unha décima por riba da media—, agora está a 6,8 puntos por debaixo da media.

O aforro en xuros tamén é consecuencia do anterior. A sexta fortaleza deriva deste endebedamento responsable e tradúcese en beneficios para os galegos. Dende o 2009 evitamos endebedar os galegos en 5.847 millóns de euros. A consecuencia é que cada galego debe 2.167 euros menos que a media. Señorías, dareilles un dato máis: no ano 2009 o gasto en xuros da débeda era de 179 millóns de euros. E ¿saben cal será en 2022? Serán 75 millóns de euros; ou sexa, 104 millóns de euros menos que hai doce anos. Son recursos que poderemos empregar en gasto produtivo ou en rebaixar tributos. Como acabo de dicir, só o aforro en xuros no vindeiro ano, en relación co presente, permítenos financiar as rebaixas fiscais con impacto no 2022.

Sétimo punto, o pago áxil. A sétima fortaleza do noso modelo orzamentario é o pago áxil aos nosos provedores. Dende que existe un rexistro para medir o tempo medio de pago das administracións, a Xunta sempre está nos primeiros postos en canto a rapidez. De feito, ao peche do primeiro semestre deste mesmo ano, Galicia é a comunidade que máis rápido pagou as súas facturas —segundo os datos oficiais publicados polo Ministerio de Facenda e Función Pública—. O período medio de pago de Galicia ao peche do primeiro semestre situouse en 10,99 días. Señorías, isto non é só unha cifra. O importante desta cifra é que Galicia paga no menor tempo entre as dezasete comunidades autónomas, que Galicia paga en menos da metade de tempo que a media das comunidades autónomas e que o período medio de pago de Galicia se situou en vinte días por debaixo da normativa estatal. Nun ano tan complicado coma este, Galicia segue sendo a que mellor atende os seus provedores, axilizando pagos e evitando problemas de liquidez ás empresas que prestan servizo á Administración galega.

Oito, a autonomía financeira. A oitava fortaleza é a nosa autonomía financeira, unha autonomía que non só temos hoxe en día senón que mantivemos en todo momento e en todas as circunstancias, sen necesidade de rescates financeiros nin de plans de pago de facturas. A solvencia da facenda galega permítenos tomar as nosas propias decisións sen máis compromisos que os intereses dos galegos e das galegas.

Nove, menos impostos. Grazas a esta autonomía financeira podemos seguir desenvolvendo a novena fortaleza do noso modelo orzamentario, que é a continuada baixada de impostos. Señorías, este goberno ten un modelo fiscal que beneficia as rendas medias e baixas, e non



está limitado a un ano — neste caso aos orzamentos de 2022—. Levamos baixando impostos máis dunha década coa intensidade que nos permite a conxuntura económica en cada momento. Se nos referimos ao IRPF, o primeiro que temos que ter en conta para entender o alcance desta baixada en 2022 é que levamos aprobadas tres rebaixas deste imposto en oito anos, 2014, 2016 e 2022. E as tres teñen un obxectivo común: favorecer as rendas medias e baixas, que son as predominantes en Galicia. (*Aplausos.*)

De feito, e pese a que, como todos vostedes saberán, este imposto é progresivo e, polo tanto, ten que beneficiar a todos os tramos da tarifa, o máis relevante é que o impacto das tres rebaixas do IRPF foi o triplo para as rendas máis baixas que para as medias e altas. Para que se me entenda mellor, en 2022 os contribuíntes galegos que menos ingresan pagarán un 22,6 % menos de IRPF que en 2009, co anterior goberno; ou, dito doutra forma, o vindeiro ano case a metade dos contribuíntes galegos deixarán de pagar un de cada cinco euros respecto do exercicio 2009. E para que poidan comprobar como favorecemos as rendas máis baixas e medias, o aforro acumulado para as rendas máis baixas —o tramo de 12.450 euros— baixa o 22,6 % de xeito acumulativo; para rendas medias baixa entre o 16,7 % e o 7,9 %; e para as rendas superiores a 60.000 euros baixa entre 6,2 % e o 1 %.

Señorías, as cifras son teimudas. Compróbase claramente que as maiores baixadas fiscais se concentran nas rendas medias e baixas. Este goberno galego favorece que os galegos con rendas medias e baixas se sitúen entre os que menos pagan de todas as comunidades autónomas. Coa nova rebaixa todos os tramos autonómicos son máis baixos que a tarifa estatal, agás o tramo de 60.000 euros.

Esta é unha rebaixa progresiva dun imposto que é progresivo. Señorías, todas as decisións teñen un efecto concreto, e a principal vantaxe desta política de baixada continuada e complementaria do IRPF é que en 2022 un contribuínte galego que teña unha renda de 23.500 euros —penso que poden convir comigo en que é unha renda media— pagará 3.090 euros, mentres que un veciño de Asturias pagará 3.203 euros, 113 euros máis —por non falar dun contribuínte de Cataluña, que pagará 3.341 euros, 351 euros máis que un galego—.

Isto é o verdadeiramente importante, que o modelo galego de rebaixas de IRPF permite que os contribuíntes galegos estean entre os que pagan menos de toda España (*Aplausos.*), concretamente —reitero— cada contribuínte galego paga de media 403 euros menos por IRPF que cando gobernaba a oposición.

E, ademais do IRPF, esta política de rebaixa de impostos esténdese a todos sobre os que temos competencia na comunidade autónoma.

Vexamos.

No imposto de transmisións patrimoniais baixamos para 2022 un 10 %, tendo en conta que xa temos —como saben— uns tipos reducidos que chegan ata o punto de non pagar este imposto os mozos, familias numerosas e persoas con discapacidades que deciden ter unha vivenda habitual en zonas menos poboadas. A nosa intención é reducilles a tributación ás



familias que adquiren unha vivenda usada, para favorecer a dinamización do mercado inmobiliario e reactivar a rehabilitación.

No imposto de patrimonio mantemos o mínimo exento e bonificamos un 25 % da cota. A nosa intención é que ese tributo siga baixando de forma progresiva se a situación económica segue a mellorar. Parécenos lóxico que Galicia se vaia adaptando neste tributo á nosa con-torna da Unión Europea.

Ademais, mantemos todas as rebaixas aprobadas no imposto de sucesións, que sitúan a Galicia entre as comunidades autónomas con mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos e para irmáns. De feito, están exentas de tributación o 99,9 % das herdanzas por vía directa.

Tamén mantemos o programa de impostos cero no rural, coa eliminación deste tributo para todas as compravendas de solo rústico, as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias e as agrupacións de fincas rústicas.

Señorías, Galicia leva anos demostrando que é posible baixar impostos, mellorar os servizos públicos e cadrar as contas ao mesmo tempo, e pagamos máis rápido ca ninguén aos nosos provedores. Nestes momentos, todas as administracións deberíamos pensar en fórmulas para incentivar o crecemento económico, o emprego e o investimento. De feito, a tendencia dos países europeos durante a crise sanitaria foi apostar por baixadas de impostos para estimular a economía. Lamentamos que o Goberno de España estea a facer xusto o contrario.

Décimo punto, a defensa do autogoberno. Como décima fortaleza do noso modelo, está a defensa do exercicio pleno do noso autogoberno. No caso dos orzamentos para 2022, esta defensa do autogoberno non pode ter mellor exemplo que a confirmación de que podemos incorporar a aqueles os 211 millóns de euros do IVE de 2017 que mantivo retidos o Goberno central e que en reiteradas ocasións solicitou este Parlamento, ao que llo quero agradecer en nome do Goberno e dos galegos e galegas. É un asunto especialmente satisfactorio para este goberno. E aquí de novo quero ter un recordo do gran traballo realizado por Valeriano Martínez para recuperar estes cartos para os cidadáns galegos. En todo momento fomos leais pero firmes. Esgotamos todas as canles de diálogo e negociación co Goberno central, mesmo proponendo alternativas para chegar a unha solución global pactada, dado que este foi un problema de todas as comunidades autónomas. Pero, lamentablemente, o Goberno central non quixo atender as nosas propostas e vímonos obrigados a acudir aos tribunais en defensa dos intereses de Galicia. Como digo, exercemos o noso autogoberno e fixémonos respectar. E o máis importante é que recibiremos —seguro— estes cartos, porque os temos recoñecidos por sentenza e non dependemos de que se aproben nos orzamentos xerais do Estado. Temos blindados estes recursos con independencia dos resultados das negociacións do Goberno central cos seus socios parlamentarios. *(Aplausos.)*

Unha vez explicadas as fortalezas do noso modelo orzamentario, a seguinte pregunta ten que ser: ¿que queremos conseguir coas contas para 2022?



A prioridade é pasar da reactivación á recuperación económica e reforzar o crecemento san, pero dende unha nova perspectiva. Señorías, teño escoitado críticas da oposición ao Goberno galego por querer retomar este modelo prepandemia. Agardo as súas argumentacións para oporse a un modelo que propiciou moitos beneficios pero que quero resumir tan só en dous: favoreceu un crecemento económico e unha creación de emprego sostidos durante seis anos, e, como xa indiquei pero quero remarcar de novo, permitiu que Galicia fose a terceira comunidade autónoma que máis avanzou na súa riqueza per cápita na última década, ata 2019 —o previo á pandemia—. Con este resultado, ¿como non imos querer reforzar o modelo de crecemento san? E para iso esgotamos nos orzamentos que estamos a debater toda a marxe posible, tanto pola vía do ingreso como pola do gasto, para implantar as políticas fiscais expansivas.

Señorías, o apoio fiscal e a flexibilidade monetaria favoreceron a achega de recursos para loitar contra os efectos socioeconómicos da pandemia e mantela baixo control. Ademais, evitaron contraccións económicas máis severas e maiores perdas de emprego. Este apoio, sumado ás caídas dos ingresos, eleva os déficits públicos e os niveis de débeda cando aínda non se regularizara a xerada durante a grande crise. Por tanto, cómpre evitar a retirada prematura de estímulo que free a volta á senda do crecemento san, no que reitero que se atopaba a economía e as finanzas galegas no intre previo á pandemia.

Para iso, dende o Goberno galego consideramos que debemos empregar todas as dispoñibilidades financeiras ao noso alcance; en especial, os fondos extraordinarios mobilizados pola Unión Europea, así como a marxe de manobra que ofrece a taxa de referencia de necesidade de financiamento. A pesar disto, uns marcos fiscais cribles a medio prazo son cruciais para acadar o equilibrio e trazar o camiño cara á reconstrución das reservas fiscais a un ritmo supeditado á recuperación da economía e do emprego. Por se estas incertezas non fosen abondo, nestes últimos meses está a xurdir unha repunta dos prezos, que a maioría dos analistas estiman que se normalizarán no primeiro semestre de 2022. De non ser así, os riscos dun endurecemento das facilidades monetarias poderían mudar sensiblemente para paliar o perigo de inflación. A actual política monetaria está a posibilitar a liquidez nos mercados das políticas fiscais expansivas. Esta circunstancia, xunto coa boa xestión da carteira de débeda, fai que nos presentes orzamentos volva baixarse sensiblemente o custo financeiro do servizo da débeda, que achega 25 millóns de euros á capacidade de gasto real das consellerías.

Señorías, aínda que xa tiveron a oportunidade de debater en comisión parlamentaria con todos os membros do Goberno e analizar as partidas sectoriais, tan só me gustaría lembrar algunhas liñas concretas destes orzamentos.

As contas para 2022 contan cos recursos necesarios para, entre outras prioridades, blindar as infraestruturas sanitarias da lexislatura, incorporando recursos precisos para dotar a sanidade galega das tecnoloxías máis punteiras; consolidar un sistema educativo cos mellores resultados no informe PISA —en liña coas rexións líderes de Europa— e impulsar o sistema universitario cara á excelencia; implantar un novo modelo de residencias da terceira idade —que transforme estes centros en fogares—, así como mellorar os servizos sociais para familias e infancia e facilitar a conciliación e a promoción da igualdade coa gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos; reforzar un ano máis o investimento en I+D e fomentar a actividade empresarial e comercial co impulso da competitividade e a internacionalización



das empresas e dos autónomos; promover un modelo enerxético sostible, que faga da transición ecolóxica unha oportunidade para a competitividade industrial e o emprego; priorizar a formación e a empregabilidade das mulleres —o programa de apoio ao emprendemento feminino acaba de cumprir vinte e cinco anos, e ten un incremento do 20 % nestes orzamentos—; a formación das persoas mozas, o emprego inclusivo e a loita contra a violencia de xénero e a promoción da igualdade en todas as súas vertentes; favorecer a mobilidade sostible, estender a toda Galicia os descontos nas áreas metropolitanas e manter a gratuidade do transporte aos menores de 21 anos; favorecer as axudas ao alugueiro aos mozos; dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación de vivenda e promover solucións habitacionais para as persoas máis vulnerables; reforzar a recuperación do turismo sostible e celebrar o Ano Santo que Galicia merece; fomentar o sector primario cun modelo baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural. Só son unha decena de exemplos sobre prioridades e liñas de actuación que podemos seguir implantando coas contas deseñadas e que estamos neste intre a debater.

Señorías, unha vez presentadas as contas para o ano 2022, tamén quixera remarcar cales son os nosos retos máis alá destes orzamentos.

En primeiro lugar, tendo en conta a conxuntura, coido que teño que referirme aos fondos Next Generation, porque unha das claves, non só da recuperación económica senón tamén da súa velocidade de consolidación, estará sen dúbida no aproveitamento destes recursos, unha iniciativa da Unión Europea que busca garantir unha recuperación sustentable, integradora e equitativa.

Quero remarcar que, para garantir unha recuperación efectiva e un crecemento sólido tras a pandemia, é vital unha asignación de recursos inversamente proporcional ao nivel de renda per cápita, ademais da súa boa execución. Na distribución por países, España ten acceso a uns 140.000 millóns de euros a prezos constantes de 2018, como ben saben. No montante global prevense 126.640 millóns de euros para a execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e uns 12.400 millóns en concepto de React-EU, que operan como fondos estruturais pero con maior flexibilidade e axilidade na súa execución, dos que 10.000 millóns foron repartidos entre as comunidades autónomas.

Galicia, tan só recibiu 411 millóns, moi lonxe do que lle correspondía en termos per cápita, en termos de poboación axustada ou en termos de financiamento de fondos estruturais. Neste sentido, o Goberno galego seguirá demandando en cada repartición que se favoreza unha recuperación cohesionada, cousa que ata o momento o Goberno de España non está a facer senón todo o contrario. Tamén descoñecemos que ten previsto facer o Goberno central cos 70.000 millóns de euros para préstamos que se contemplan no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, cos que se poderían impulsar proxectos público-privados.

Ademais, hai que ter en conta que as comunidades autónomas non deciden o destino e o montante do recursos, senón que estes veñen marcados polos ministerios. A principio deste 2021 comezaron as conferencias sectoriais e, desde o principio, a maior parte das asignacións para Galicia están a situarse entre un 5 % e un 6 %. Ata o de agora, están distribuídos o 67,6 % dos fondos non reembolsables do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e é a



Administración xeral do Estado a principal perceptora, cun 58,7 % dos fondos. As corporacións locais teñen un papel importante, xa que, ademais do 5,9 % que lles corresponde de xeito directo, dentro das asignacións ás comunidades autónomas tamén serán destinatarias de recursos. Da distribución monetaria por compoñente podemos deducir que os investimentos protagonistas do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia son aqueles relacionados coa mobilidade sostible, a eficiencia enerxética e a dixitalización, xa sexa para a cidadanía ou para as administracións públicas.

Polo de agora, a Comunidade Autónoma de Galicia ten un 5,9 % dos fondos repartidos entre as comunidades autónomas; isto é, un 2,5 % do total asignado do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ata o momento, que se traduce en algo máis de 1.000 millóns de euros. Destas contías asignadas —estou a falar dunha asignación para tres anos, como ben saben— están formalizadas en convenios ou bases reguladoras de investimentos tratados nas conferencias sectoriais apenas un 47 % do total. Pero, é máis, dos 1.000 millóns de euros, tan só chegaron 50 millóns de euros ás arcas do tesouro da Comunidade Autónoma, menos do 5 %.

Paralelamente ás primeiras conferencias sectoriais en abril, a Xunta de Galicia publicou a Estratexia para a transformación de Galicia, un documento que avalía, para os principais eidos socioeconómicos, a evolución dos últimos anos e a situación de Galicia despois da covid-19, expoñendo dun xeito claro e gráfico a senda de crecemento dos últimos anos e como a crise sanitaria interrompeu esta evolución —como xa expliquei—.

Neste traballo, na estratexia Next Generation Galicia, propónse unha serie de actuacións inmediatas para a aposta galega para a recuperación. As accións enmárcanse nos obxectivos de desenvolvemento sostible en cinco cadeas de valor cunha orientación netamente público-privada.

En primeiro lugar, a economía circular e a transición enerxética. Os orzamentos de 2022 recollen proxectos por 91 millóns de euros, incluídos nesta cadea de valor, en eidos como a protección do medio ambiente e da biodiversidade, con iniciativas sobre o cambio climático, a política forestal e a economía circular, co impulso das enerxías renovables e a eficiencia enerxética, co fomento do proceso da descarbonización e o impulso de redes intelixentes de transmisión da enerxía.

Segunda cadea de valor: a mobilidade sostible. As contas públicas inclúen para 2022 iniciativas por importe de 25,1 millóns de euros en temas como o fomento de infraestruturas e redes intermodais verdes, impulso do vehículo eléctrico, coche autónomo e novos combustibles, así como novos modelos loxísticos, sistemas intelixentes de transporte de pasaxeiros e drones.

A terceira cadea de valor detectada da Estratexia Next Generation Galicia, son os *hubs* de innovación, a industria 4.0 e TIC. Nos orzamentos temos proxectos por importe de 103,6 millóns de euros para este eido, en temas como o impulso para a creación e implantación de centros de transferencia para o desenvolvemento de tecnoloxías disruptivas e innovadoras, co apoio á industrialización 4.0 das pemes; co desenvolvemento e implantación de solucións dixitais sectoriais e co impulso do e-goberno e da transformación dixital da Administración pública.



A cuarta cadea de valor é a cadea mar-industria, agroalimentaria e o crecemento cohesionado. Nas contas incluímos iniciativas por importe de 153,7 millóns de euros nesta cadea, en temas como o desenvolvemento dun emprego sustentable e innovador, innovación e transformación da industria agroalimentaria, pulo á dinamización do rural e loita contra o despoboamento, impulso do turismo e a cultura, capacitación dixital e superación da fenda dixital e o impulso dunha educación máis dixital e inclusiva.

E, por último, a quinta cadea de valor é a eminentemente social, a que fala da sanidade, dos modos de vida saudable e da nova economía dos coidados. Nos orzamentos temos importes por 134,1 millóns de euros no 2022 en temas como o sistema sanitario máis innovador, sustentable e próximo ao paciente, cunha industria biotecnolóxica e farmacéutica moderna e eficiente, co deporte e os estilos de vida saudables e co impulso das políticas sociais. En total, son máis de 500 millóns de euros. No deseño destas cadeas de valor buscamos a máxima coherencia entre a Estratexia Next Generation Galicia, o Plan nacional de recuperación e resiliencia e a recuperación dos obxectivos de desenvolvemento sustentable 2021-2030, como ben saben.

Galicia tamén conta actualmente cunha carteira de 151 proxectos privados candidatos a fondos Next Generation, que representan un volume de investimento de case 15.000 millóns de euros. Ao 55 % destas iniciativas —83— presentouse algunha manifestación de interese da Administración central.

Señorías, como consideramos que a gobernanza é fundamental para potenciar os proxectos das empresas e dos concellos galegos, creamos a Oficina Next Generation Galicia dentro da Xunta, con dependencia orgánica da dirección do Igape e dependencia funcional da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Empresa e Innovación —pero estreitamente vinculada á Consellería de Facenda e Administración Pública—.

A oficina ten dúas unidades. A primeira é para proxectos estratéxicos e empresariais, para asesoramento e busca de sinerxías entre o tecido empresarial, cun papel importante da sociedade público-privada Impulsa como vehículo motriz para impulsar proxectos tractores, transformar a economía e contribuír así ao crecemento económico, ao emprego e á competitividade do noso tecido empresarial. A segunda unidade de proxectos estratéxicos públicos encárgase da xestión operativa, da tramitación administrativa, de asesorar e coordinar os distintos xestores das consellerías e de dirixir de xeito periódico as comisións Next Generation Galicia. Esta oficina coordinou un calendario de xuntanzas de diálogo social cos axentes sociais galegos para consensuar e analizar as candidaturas galegas. E, por petición dos axentes sociais, manterase este equipo de traballo para informar do seu grao de avance.

En definitiva, os fondos Next Generation supoñen unha inxección para a economía galega e tamén implican un esforzo para as administracións públicas galegas pola carga burocrática e de xestión que redunda destas axudas ao ser avaliadas por obxectivos, como ben saben.

Quero rematar este primeiro reto, máis alá do orzamento, remarcando que, nun momento tan transcendental como o actual, a nosa comunidade autónoma está completamente aliñada coas directrices europeas para constituír unha Galicia máis verde e máis dixital. En concreto,



para o 2022 os orzamentos inclúen unha dotación de 507 millóns de euros de fondos Next Generation, que ademais son o primeiro paso para o novo Plan estratéxico de Galicia.

Un segundo punto do que quería falar —tamén máis alá dos orzamentos— é do Plan estratéxico de Galicia 2021-2030. Precisamente este plan é o segundo reto que vai máis alá das contas para o vindeiro exercicio. Sen dúbida, o reforzo do crecemento san está ligado co mantemento da planificación a medio prazo. Para isto, o ano 2022 comezará cun novo plan estratéxico que marcará a folla de ruta para esta década e que parte da avaliación do impacto da pandemia na nosa sociedade e na nosa economía. Será unha ferramenta clave, coa participación da sociedade civil e que teremos tempo de debater polo miúdo, xa que presentaremos os obxectivos estratéxicos da vindeira década antes de que finalice este ano, tal e como nos comprometemos. Ademais, traerémolos ao Parlamento para o seu debate e para recibir as achegas dos diferentes grupos parlamentarios se é mester.

A revisión do sistema de financiamento é o terceiro punto. Señorías, antes de finalizar, e como terceiro reto que vai máis alá destes orzamentos, gustaríame referirme a un asunto de gran importancia para as finanzas autonómicas —e no que mañá Galicia será protagonista coa celebración dun encontro de presidentes autonómicos encabezado polo titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para abordar a revisión do sistema de financiamento—. Este é un debate moi oportuno sobre o modelo que leva en vigor doce anos e que está pendente de revisión dende hai xa sete. No eido financeiro a pandemia demostrou que o actual sistema non está preparado para certas situacións críticas de caída de ingresos, e que provoca disfuncións nas administracións en forma de cuantiosas liquidacións negativas.

Tamén existe un consenso en que non achega suficientes recursos. Cun exemplo entenderíanme mellor. En Galicia só as tres consellerías que concentran o gasto social tradicional, os servizos públicos fundamentais —sanidade, educación e política social—, teñen un orzamento superior a todo o que achega o modelo en vigor. Seguro que é algo coincidente con moitas outras comunidades autónomas. Por tanto, tras o anuncio do Goberno central da súa revisión, os retos teñen que ser sumar e buscar as mellores solucións para todos os cidadáns e que, con independencia de onde residan, teñan garantido un financiamento suficiente e equitativo. Por tanto, a intención de Galicia con esta reunión é tender pontes para conseguir espazos de diálogo e colaboración entre as comunidades autónomas. Estas, obviamente, teñen criterios lexítimos e non sempre coincidentes pero sobre os que é preciso buscar puntos de encontro nun asunto tan complexo se queremos de verdade contar cun novo sistema de financiamento.

No que todos estamos de acordo é en que o actual sistema ten limitacións e deficiencias e que é necesario corrixilo o antes posible. A solución necesariamente ha de ser global. E, por suposto, o Goberno galego ten a súa posición, como saben, porque é moi clara e coñecida dende hai moito tempo. Tamén levamos traballando moito tempo con outras comunidades autónomas —reitero— na liña de garantir o dereito de todos os cidadáns a recibir uns servizos de igual calidade, con independencia de onde residan, cun modelo que asegure a cobertura total dos servizos que hai que financiar, pero tamén a corresponsabilidade fiscal e a posibilidade de facer política fiscal dende a comunidade autónoma. O obxectivo ten que ser financiar persoas, non territorios. E por iso, ao noso xuízo, o novo sistema de financiamento debe respectar catro principios que consideramos básicos.



O primeiro é o principio de transparencia e multilateralidade para evitar que o proceso de negociación sexa tan opaco como o anterior e para que sexa pactado entre todos, sen privilexios de ningún tipo.

O segundo é o principio de suficiencia. Os recursos deben asignarse en función das competencias de cada nivel de administración e con base no gasto real —algo incompatible con reparticións en función de criterios históricos—. E a razón é que non todas as necesidades de gasto evolucionan de igual maneira. O exemplo máis claro é a sanidade, que acapara cada vez máis porcentaxes de recursos. Se analizamos o peso da sanidade na clasificación funcional das contas públicas consolidadas das administracións públicas españolas, veremos como medrou, nos dous últimos anos, dous puntos de peso porcentuais.

O terceiro é o principio de equidade, equidade na asignación de recursos a igual esforzo fiscal, xa que a repartición entre as distintas comunidades autónomas debe ser equitativo. Aquí apostamos por unha nivelación total a competencias homoxéneas.

E o cuarto é o principio de autonomía financeira e corresponsabilidade para que o sistema lles deixe marxe ás comunidades autónomas para facer política fiscal.

Señorías, é clave coñecer o custo real da prestación de servizos por parte das comunidades autónomas. Xa levamos perdido demasiado tempo e isto non se calcula. É o que nos daría a certeza das verdadeiras necesidades de financiamento de cada territorio, ademais dos factores diferenciais de gasto dentro destes, e eliminaría tamén moita demagogia ao respecto. Estamos absolutamente convencidos da necesidade de elaborar un mapa de servizos que permita coñecer os custos efectivos da súa prestación en todas as comunidades autónomas e que ofrezca unha completa avaliación e valoración dos elementos estruturais que os integran. Este traballo tamén daría estabilidade a un novo modelo de financiamento autonómico. Temos que articular un debate sosegado no que todos nos sintamos escoitados. Erraríamos se formulamos esta revisión nos termos de comunidades ganadoras e comunidades perdedoras porque os únicos beneficiarios deben ser os cidadáns que teñen que ter garantido un financiamento equitativo dos seus servizos básicos vivan onde vivan. E como goberno o que nos guía é a defensa dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, que se aseguren os recursos necesarios para que poidamos prestar servizos en condicións de equidade co resto de territorios tendo en conta os nosos factores diferenciais de custo —nomeadamente, o avellentamento e a dispersión—. Neste sentido quero felicitar os grupos parlamentarios por acadar a unanimidade non só para crear unha comisión de estudo para realizar a reforma do sistema de financiamento autonómico, senón porque será un traballo áxil. E para iso poden contar con toda a miña colaboración, tanto aportando informes como a información que precisen. Este é un asunto de país e sería bo que Galicia falase cunha soa voz.

Remato xa cun chamamento a que, dentro das lóxicas discrepancias dentro dos grupos parlamentarios, se busquen puntos de encontro nun momento en que son máis necesarios ca nunca os consensos. Por iso, ademais de desexarlles unha boa tramitación parlamentaria, os animo tamén a buscar puntos de encontro nos orzamentos para o 2022 nun momento vital para Galicia, para consolidar unha recuperación que xa comezou pero que ten que afian-



zarse. No Goberno galego estamos convencidos de que estas contas serán útiles para pasar da reactivación á recuperación económica, para reforzar o crecemento san.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Moitas grazas, señor conselleiro.

Debate e votación das emendas do grupo I, emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á defensa das emendas á totalidade, grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

Comezamos, en primeiro lugar —como dicía—, polo grupo I. Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a rolda de defensa das emendas disporán os grupos parlamentarios dun tempo de trinta minutos —como falamos—. E iniciámola coa defensa das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o señor Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Quería empezar esta intervención ante o Pleno do Parlamento de Galicia cunha lembranza a quen foi un servidor público, ao conselleiro de Facenda e compañeiro nesta Cámara, Valeriano. Quero, dende logo, trasladarlle a toda a familia unha vez máis todo o noso respaldo. E quero trasladarlle ao grupo parlamentario e a toda a Cámara unha lembranza solidaria, unha lembranza de recoñecemento e que lamentamos que hoxe non poida estar el aquí facendo este debate, servindo o público e defendendo aquilo no que cría, defendendo a Galicia no que cría. Vaia a solidariedade e o apoio de toda a Cámara. (*Aplausos.*) Tamén queremos desexarlle ao novo conselleiro todos os éxitos nas súas tarefas, porque os éxitos do Goberno galego para a reactivación económica e a reactivación do país serán os éxitos de todos e de todas.

Quería tamén empezar esta intervención, señoras deputadas e deputados, señores parlamentarios e parlamentarias, pois facendo unha referencia a como estabamos cando hai un ano tivemos que debater nesta Cámara os orzamentos do ano 2021.

En primeiro lugar, quero sinalar que hoxe o presidente da Xunta de Galicia non pode estar agora neste debate aquí, e non pode estar porque ten outras tarefas institucionais —que respectamos, que valoramos— para traballar como presidente da Xunta. E esas responsabilidade-



des son estar, nun día que é importante para Galicia, na chegada do AVE á nosa comunidade. E quero poñer en valor o traballo feito por tantos galegos e tantos responsables ao longo do tempo. Pero quero sinalalo porque tamén sei que aínda hai un ano o Grupo do Partido Popular, o propio presidente da Xunta de Galicia e a súa conselleira de Infraestruturas negaban que o AVE chegaría a Galicia en datas de antes de finais deste ano 2021. Ese mantra que o Partido Popular mantivo de forma continua, tentando lavar a cara á señora Pastor —que ralentizou os investimentos, que meteu na neveira as obras do AVE cando era ministra—, ten hoxe que darse unha labazada coa realidade.

Hoxe o Partido Popular de Galicia debe recoñecer ante os galegos e as galegas a súa mentira, a súa falla de responsabilidade, a súa negación continua de que as obras do AVE chegarían a Galicia antes de finais deste ano. E débeo facer por boca parlamentaria, por boca do Goberno, por boca do partido, porque os galegos e galegas merecen políticos que digan a verdade. O Partido Popular enganou, negou de forma continua a realidade que hoxe o señor Feijóo ten que acabar aplaudindo ao estar no AVE que chega a Galicia. *(Aplausos.)*

Pero tamén hai un ano o Grupo do Partido Popular dicía cousas distintas, porque no outono do ano pasado, no outono do ano 2020, cando o Goberno de España presentaba as bases para unha estratexia de vacinación e dicía que iamos estar vacinando dende principios deste ano, o presidente da Xunta dicía que o ministro facía anuncios grandilocuentes, que non ía haber vacinas a principios deste ano 2021 en Galicia e en España. E o presidente da Xunta enganou e mentiu de novo. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, cando falamos dos retos do ano 2022 temos que facelo tamén tendo en conta o que pasou en tempos pasados. A vacinación foi a estratexia do éxito que marcou a mellor garantía fronte á crise sanitaria no ano 2021, e que establece tamén os mellores fundamentos para a recuperación e a reactivación económica.

Feijóo dicía que non ía haber vacinación dende principios deste ano. Errou. E cando errou no fundamental, errou tamén na planificación de todo o que é tan relevante no ámbito económico, no ámbito social e no ámbito cultural. A estratexia de vacinación marcada polo Goberno de España a carón da Unión Europea e a carón da ciencia e dos profesionais sanitarios é un éxito. É un éxito administrado polas autonomías —tamén pola autonomía galega e pola Consellería de Sanidade— cos profesionais sanitarios. Pero todo ese proceso é o proceso do éxito do ano 2021. Porque o ano 2020 foi o ano da chegada da covid, o ano da gran pandemia. O 2021 é o ano da vacinación, o ano no que conseguimos superar os peores escenarios da crise. E o ano 2022 ten que ser o ano da recuperación estable, da recuperación que impulse os grandes retos da cidadanía.

E é por iso que, en momentos en que o presidente da Xunta nos traslada que ten preocupación polos riscos dunha sexta onda —e ademais sabemos que superar toda a pandemia é a base fundamental para a reactivación económica—, temos que trasladar nesta Cámara parlamentaria que os orzamentos que plantexa o Grupo Popular e o Goberno de Galicia son uns orzamentos que non están á altura do que Galicia necesita. Son unha oportunidade perdida, un plantexamento contable sen proxecto de país, sen estratexia para a reactivación, sen modelo económico, sen medidas e sen política económica. Non abordan a modernización do



país, non potencian os servizos públicos de benestar e de igualdade, non teñen orientación para xerar emprego de calidade na reactivación.

Vostedes seguen crendo que a política de facenda é axustar as contas, facer un documento contable. Pero detrás das contas non hai medidas, non hai compromiso, non hai ideas, non hai estratexia, non hai política económica. E ese é o maior suspenso en materia económica de todos os gobernos do señor Feijóo ao longo de doce anos á fronte da Xunta de Galicia. Carecen de modelo de política económica para impulsar este país e plásmalo unha vez máis nestes orzamentos para o ano 2022, que son unha oportunidade perdida para os galegos e as galegas que están esperando por unha Xunta que os axude.

O Goberno do Partido Popular xestionou a crise anterior cunha saída pola dereita. E por iso aínda me sorprende que, cando o conselleiro intervén, se atreva a facer referencias a como os gobernos do Partido Popular xestionaron a saída da gran recesión en España e en Galicia, que foi con políticas de austeridade, con políticas de axuste, con políticas que non potenciaron nin o crecemento nin o emprego e que priorizaron o mantra neoliberal de axustes económicos para intentar abandonar a cidadanía a través de axustes contables.

Aquela crise foi unha mala xestión da dereita, de conservadores e liberais, cun paradigma económico que hoxe na academia todo o mundo xa rexeita. E por iso, ante unha nova gran crise, hai un paradigma totalmente distinto para sacar o país adiante. Vostedes aínda non se enteraron de todo o que cambiou nin saben o que están facendo, porque aínda non entenderon como cambiou toda a política económica dende hai unha década ata agora. Nas súas contas está unha cantidade inxente de fondos coa que vostedes non saben o que facer nin como orientala, porque non cren nas posibilidades dos gobernos para salvar a xente e para impulsar a economía.

No ano 2020 a pandemia amosou como houbo que parar toda a actividade co confinamento e como emerxeu un novo paradigma que impulsou as políticas fiscais, as políticas monetarias, o conxunto das políticas activas con perspectiva de expansión. E é agora cando hai que aplicar esas políticas. Hai dous modelos ben distintos para saír de crises tan profundas coma estas.

Vostedes seguen representando a inercia das políticas da anterior crise económica, a inercia das políticas dos axustes, a inercia das políticas da inacción, a inercia das políticas económicas dos brazos caídos esperando a que os mercados e os axustes por si mesmos poidan remontar unha situación de gravidade. E por iso —á vez que, cando defenden que agora hai que facer políticas expansivas, están suspendéndose a si mesmos durante tantos anos de goberno do señor Feijóo— non saben o que facer con tantos fondos para impulsar a economía, para defender a igualdade e para xerar emprego.

Desta crise hai que saír con políticas progresistas, con políticas keynesianas, con políticas expansivas, con políticas que entendan a importancia do social e que aposten polo crecemento económico, pola xeración de emprego de calidade e por un modelo de benestar. Seguir pensando en termos de déficit público e de axustes segue sendo o maior erro dun Partido Popular que carece da capacidade de establecer círculos virtuosos na economía para moderar, para xerar emprego e para saír deste tempo.



Vostedes non recoñecen que a xestión da dereita e dos gobernos do PP ante a gran recesión foi un desastre que ralentizou o crecemento, que imposibilitou a xeración de emprego de calidade e que implicou unha década de arrastres continuos a nivel europeo e en tantos lugares. E agora teñen que poñer un traxe novo, pero o traxe nin lles gusta nin saben como vestilo. E é por iso que darlle un traxe novo de progreso a un goberno de reacción e conservador é perder ese traxe e permitir que non fagan ben as cousas. Porque vostedes seguen crendo que é a destrución creativa —como dicía Schumpeter— da economía a que por si mesma vai modernizar a economía galega, porque non entenden que hai que ter un Estado emprendedor —como sinala Mariana Mazzucato— para impulsar un novo modelo baseado na ciencia, no I+D+i e na transformación económica que faga fronte á dobre transición ecolóxica e dixital.

Vostedes seguen sen entender que a desigualdade é o maior risco que fai desaparecer a clase media, e que fronte a iso necesitamos un Estado do benestar, un Estado que aposte polo gasto social e que teña un efecto redistributivo. Porque o maior risco desta gran crise é a desigualdade, é o risco da falla de modernización e da falla de xeración de emprego. Para iso, ademais de traer contas, hai que ter políticas que impulsen o país, e vostedes non as teñen.

Estes orzamentos da Xunta para o ano 2022 son unha oportunidade perdida. Cren vostedes que a facenda pública simplemente é a elaboración de documentos contables, coma se tivesen que facer unhas contas para unha comunidade de veciños ou para calquera tipo de plan-texamento. Pero hai unha ausencia total dunha nova política económica para a Galicia poscovid. Non hai política industrial detrás destes orzamentos da Xunta; non hai política de medio rural detrás destes orzamentos da Xunta; non hai política de I+D+i detrás destes orzamentos da Xunta; non hai compromiso coas infraestruturas do país, non hai compromiso non hai compromiso co modelo do medio ambiente e coa Galicia verde, e non hai compromiso coa política de vivenda. E hai unha falla de compromiso coas necesidades de modernizar o Estado do benestar dende as autonomías e de impulsar o gasto social.

¡Como imos poder apostar por uns orzamentos da Xunta que teñen esa falla de orientación!
¡Como vai poder o Partido Socialista de Galicia apoiar uns orzamentos da Xunta que incrementan nun 6 % o gasto en persoal de confianza e de gabinetes da Xunta de Galicia á vez que despiden a máis de oitocentos profesores en Galicia, a máis de cincocentos sanitarios aos que non lles renovan os contratos cando deron o mellor de si ante os peores problemas da crise! (Aplausos.) É unha oportunidade perdida, e así non, así non imos ben, señores do Partido Popular. Así non imos ben para reactivar a economía, para impulsar Galicia, para aproveitar tantos fondos que se poñen nas súas mans e que vostedes dilapidan e prefiren enterrar.

De cara ao ano 2022 hai un dobre 30 % de incremento, que é moi importante para Galicia: un 30 % de incremento do investimento territorializado dos orzamentos xerais do Estado na nosa comunidade —un vinte e nove e pico por cento, para ser exacto— e tamén un 31 % de incremento de fondos europeos que chegan aos orzamentos da Xunta e que vostedes van poder xestionar. Polo tanto, cando hai máis fondos, cando hai máis posibilidades, é cando temos que ser máis exixentes. Porque claro que o Goberno da Xunta fai moitas cousas, claro que vai seguir facendo moitas cousas. ¿Como non van facer moitas cousas se gastan máis de 11.000 millóns de euros ao ano? O que pasa é que non saben priorizar, non saben facer ben



as cousas e carecen de modelo, carecen de orientación. Fan simplemente unha suma de plan-
textamentos de curto percorrido que fallan no que o país necesita. Enterran as posibilidades
que os fondos das políticas expansivas lles dan. Para reactivar Galicia necesitamos políticas
de progreso e non políticas conservadoras.

Quérolle pedir ao goberno do Partido Popular que remate xa coa apatía e a falla de compro-
miso e impulso para xestionar o presente, e que aposte pola valentía, polo compromiso e
pola defensa dos galegos e galegas para orientar o futuro. E é por iso que temos que dicirlles
aos galegos e ás galegas que imos seguir defendendo políticas de progreso fronte ás políticas
da dereita. ¿Políticas distintas? Si, porque, cando hoxe nos escoitan tantos galegos e galegas
que están esperando por unha cita en atención primaria, saben que nestes orzamentos non
teñen unha solución; porque, cando nos escoitan tantos galegos e galegas que son parados
de longa duración, saben que nestes orzamentos non hai ningunha solución; porque, cando
nos escoitan tantos maiores que están esperando por unha praza nunha residencia pública
que poidan financiar de xeito axeitado, saben que nestes orzamentos non hai solución; por-
que, cando falamos con tantos cidadáns que están afectados polas grandes crises industriais
que hai en distintas bisbarras de Galicia, dende A Mariña a Ferrolterra, ou cos traballadores
de Ence, saben que nestes orzamentos non atopan unha solución; porque, cando falamos
cos profesionais das políticas sociais en Galicia que están saturados, que non dan feito, saben
que nestes orzamentos non encontran un reforzo; porque, se preguntamos aos galegos e
galegas que viven no rural cales son as solucións que lles dan estes orzamentos para o cam-
bio xeracional, para a implantación de produtos agrarios sustentables, para dar aportacións
ao prezo do leite, aos problemas da carne, a tantos aspectos, nestes orzamentos non hai so-
lución; e cando falamos con tantas mulleres que teñen dificultades, ante unha crise de tanta
gravidade, para facer fronte aos retos do futuro, para poder saír sen ter que ser rezagadas,
saben que nestes orzamentos non hai unha solución.

Estes son os orzamentos do Partido Popular, pero non son os orzamentos que os galegos
e as galegas, os galegos do común, os traballadores e as traballadoras, os que están no
desemprego e os que queren futuro necesitan. E tampouco son os orzamentos que necesita
a mocidade do noso país. Son uns orzamentos que carecen de modelo para darlle á moci-
dade galega unha posibilidade de futuro nesta terra. Porque non hai política de emprego
para eles, porque non hai unha política de vivenda suficiente para eles, porque non se
quere apostar polas taxas universitarias gratuítas para tantos estudantes universitarios,
porque non teñen un compromiso coa mocidade para aqueles que se foron e queren re-
tornar, para aqueles que están e queren seguir.

Estes orzamentos son unha oportunidade perdida. E sono, ademais, con niveis de retroceso,
no ámbito do ingreso e no ámbito do gasto, que nos preocupan. Estes orzamentos permiten
xa incorporar 507 millóns de euros do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os fondos
Next Generation que o Goberno de España, con políticas progresistas, impulsou en España
e impulsou na Unión Europea. Son uns orzamentos que empezan xa a poder facer efectivo
tantos gastos de investimento que son necesarios —que, por certo, puideron chegar xa aos
orzamentos e ao gasto das autonomías dende o ano pasado grazas ao Partido Socialista pero
co voto en contra do Partido Popular no Congreso dos Deputados—. (*Aplausos.*) Querían blo-
quear a disposición dos fondos Next Generation dende o primeiro momento para que che-



gasen á economía. O PP votou en contra, o PP votou en contra no Congreso dos Deputados. Está na hemeroteca. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero ademais de todo ese tipo de plantexamentos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Paréceme ben que o señor Puy recoñeza que o Partido Popular votou en contra. Está ben. É o que estou dicindo, señor Puy. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Efectivamente, o Partido Popular votou en contra de que os fondos Next Generation puidesen chegar ao territorio, á cidadanía, aos investimentos, dende o primeiro momento. Porque non lles gusta que España e Galicia vaian ben con fondos e con políticas expansivas. Preferían os axustes da gran recesión, señor Puy. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Esa é a diferenza entre o PP e o Partido Socialista, entre a dereita e a esquerda.

Pero, miren, ademais de que chegan eses fondos, de que se incrementan nun 30 % os fondos europeos que chegan aos orzamentos da Xunta, nós, cando vemos a política de ingresos e a política fiscal deste goberno, hai cuestións que nos chaman a atención. Vostedes seguen crendo naquela curva que se ensinaba nas facultades, que era a curva de Laffer, que dicía que hai que baixar os impostos para conseguir incrementar o crecemento —algo que ninguén defende xa con ningunha base empírica en ningún modelo do mundo—. Crer que, en definitiva, baleirar o Estado, baixar impostos para que non haxa gasto público e, en definitiva, buscar así aumentar o crecemento é algo que está varrido xa do actual paradigma nesta crise. Pero aquí o PP aínda o defende, e o que queren é sempre facer ese márketing de «nós baixamos os impostos pero despois nós gastamos moito». É unha política —que o señor Puy tamén pode coñecer— que chamamos «a economía dos *free rider*», dos gorróns. O que quere dicir é que a nós nos gusta gastar pero nós non poñemos nada que recadar, e facemos o discurso trampón de dicir que baixamos os impostos a todos para logo financiar a sanidade e poñer os fondos necesarios para a educación ou a política social. Fano porque o Goberno de España ten unha política expansiva que permite que a Xunta incremente os gastos para financiar os servizos públicos.

Pero esa curva de Laffer, esa política neoliberal, ese enfoque falaz de baixar os impostos, é, ademais, unha trampa propagandística na que vostedes queren ocultar as súas grandes alianzas cos sectores máis podentes, cos sectores máis enriquecidos, coas altas rendas da nosa comunidade. E hai que quitarlle xa a máscara ao Partido Popular en Galicia, hai que quitarlle a máscara desa moderación, desa centralidade, desa tranquilidade. Vostedes son conservadores cun compoñente regresivo nas políticas fiscais, que claro que nos preocupa. E preocupanos porque, miren, en Galicia hai máis dun millón de declarantes en IRPF —1.200.000 aproximadamente—. Vostedes din que baixan os impostos e é importante dicirlles aos galegos e ás galegas como baixa os impostos este Partido Popular, que xa fixo reformas no imposto de patrimonio para favorecer os altos patrimonios desta comunidade.

Vostedes vanlles baixar, a través de bonificacións destes orzamentos, 12 euros ao ano a 800.000 galegos que teñen un salario medio, pero vostedes vanlles rebaixar en 500 euros o pago de impostos no IRPF a aqueles galegos —38.000— que cobran máis de 100.000 euros ao ano. (*Aplausos.*) Vostedes báixanlle doce euros á clase traballadora e báixanlles 500 euros ás rendas máis altas de Galicia. E quérolle quitar a máscara a este Partido Popular, que, detrás de dicir que baixa os impostos, o que ten é unha política de alianza cos sectores máis



enriquecidos para olvidarse da clase traballadora, para olvidarse da clase media, para olvidarse da xente que máis o necesita. Porque vostedes non fan unha política fiscal á altura do país. E é tan gravoso este escenario que incluso o Partido Popular emenda o propio Goberno da Xunta de Galicia, cando este quere subir un pouquiño o tramo do IRPF a aqueles que cobran máis de 100.000 euros ao ano.

¿Esta é a mellor cara do Partido Popular? É a cara da dereita máis reaccionaria, a cara do PP máis retrógrado, que lle di ao Goberno da Xunta que non se lle ocorra subirles os impostos a aqueles que cobran máis de 100.000 euros, e emendan o seu goberno. (*Aplausos.*) ¡Si, señores do Partido Popular! O señor Puy, o señor Tellado, emendan o seu goberno, señor conselleiro, e o señor Feijóo emenda o seu conselleiro, porque non queren que haxa unha política de facenda que suba unha décima a taxa, o tipo impositivo marxinal, a aqueles que cobran máis de 100.000 euros. É que vostedes, cando din que queren baixar os impostos, queren baixar os impostos aos que cobran máis de 100.000 euros, pero queren recortar a sanidade pública, a educación pública e as políticas sociais. (*Aplausos.*) É PP e dereita en estado puro, un erro sen ningún tipo de aceptación.

E é por iso que vostedes eliminaron un último tramo. A Xunta tiña previstos seis tramos no IRPF, e o PP emenda para eliminar o último tramo, o tramo que afecta a aqueles que cobran máis de 100.000 euros. Así que eu lles quero dicir aos galegos e ás galegas que aqueles 38.000 galegos e galegas que cobran máis de 100.000 euros ao ano poderanse ver beneficiados pola baixada de impostos do Partido Popular, pero os 800.000 galegos, aos que lles van baixar 12 euros, saben que a eles lles baixan 12 euros para tomarlles o pelo e para seguir recortando en sanidade, en educación pública e en política social a favor daqueles que van á privada e non necesitan do público. Esa é a política do Partido Popular.

Ademais, vostedes toman decisións que non nos gustan, porque, se na política de ingresos fan vostedes isto, na política de gastos o Partido Popular baixa programas moi importantes.

Vostedes na política de gastos baixan o ano que vén o investimento na atención primaria, que na sanidade pública é onde é máis necesario e onde hai tal nivel de saturación. Baixan tamén o programa de protección e promoción de saúde pública, outra cuestión fundamental.

Pero tamén reducen os fondos en formación de profesorado ou en tantos ámbitos de políticas sociais que son fundamentais. En protección e pensións asistenciais recortan fondos. En prestacións a familias e infancia recortan fondos. En atención a persoas maiores e con discapacidade baixan un 14 %. En apoio á conciliación da vida laboral e persoal e doutros servizos de protección hai un 25 % menos. Reducen os investimentos en partidas de comercio, en mocidade —na partida específica hai un novo recorte, igual que fixeron o ano pasado—. En memoria histórica e memoria democrática, ¡cero!, non vai con vostedes, non lles gusta, non lles interesa. En partidas agrícolas hai unha redución significativa.

Iso non é o que necesitan os galegos e as galegas neste momento. Necesitamos uns orzamentos que teñan un claro compromiso coa sanidade pública, e se para iso lle teñen que subir os impostos a aqueles que cobran máis de 100.000 euros ao ano, fágano. Fágano para aumentar fondos en atención primaria, en persoal na primaria, en persoal na hospitalaria;



para ter un plan de saúde mental que sexa capaz de ter fondos para poder chegar ao territorio, para unha nova política de persoal na sanidade pública galega, na que hai decenas de prazas en atención primaria que non son capaces de cubrir.

En educación é necesario apostar polos comedores escolares, é necesario aumentar o profesorado, é necesario volver ao sistema de gratuidade dos libros de texto —que funcionou moi ben, moito mellor que o actual—. É necesario avanzar tamén para que as primeiras matrículas na universidade pública poidan darse con gratuidade. É necesario abordar o reto da dixitalización.

En políticas sociais ¿por que vostedes non queren incrementar os fondos para reforzar o persoal de inspección nas residencias de maiores? Aí foi onde houbo máis problemas e onde vostedes foron chamados á orde polo propio Consello de Contas porque o sistema de inspección das residencias era unha fraude continua. Cando chegou a pandemia houbo que mudar ese plantexamento. Melloren tamén ese ámbito, ou incrementen tamén o financiamento do SAF. Houbo un avance importante acadado na Comisión de Reactivación, un acordo entre o Grupo Popular, o Grupo Socialista e tamén o Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Dende logo, foi un avance, pero hai que seguir nesa liña.

E quérolle pedir tamén ao Goberno da Xunta de Galicia, agora que vai levar adiante a gratuidade da educación dos nenos de 0 a 3 anos —tal e como nós plantexabamos xa no noso programa electoral e como llelo pedimos de forma reiterada— que o fagan dende xa, que non esperen ata o inicio do curso que vén, que non esperen un mes máis, xa que se pode facer porque hai fondos para facelo. Poden plantexar esa gratuidade para a educación infantil de 0 a 3 anos dende este mesmo momento. Esa é unha emenda necesaria e hai que levala a adiante nos orzamentos da Xunta para que dende o primeiro de xaneiro do ano 2022 as palabras de Feijóo sexan feitos e non soamente márketing.

Hai que apostar por reforzar os equipos de valoración en discapacidade. A cidadanía que ten algún tipo de discapacidade é a que sempre ten que ter máis protección dende o ámbito público. Porque alí é onde hai máis dificultades para a igualdade, para que todos e todas teñamos os mesmos dereitos. E hai dificultades nos equipos de valoración que hai que conseguir solucionar para facer unha aposta decidida na defensa da cidadanía que ten algunha disfuncionalidade, que ten diversidade funcional. Ese é un compromiso que entre todos podemos acadar porque creo que é unha causa das máis nobres que nos poden levar á acción en política, e teñen dende logo a man tendida do Partido Socialista.

Como nisto e en tantas cuestións, imos presentar emendas e demais. Pero o certo é que estes orzamentos non están á altura. E non están á altura tamén en materia de igualdade, que é unha materia moi sensible e moi relevante. É necesario poñer máis fondos para mellorar os CIM, os Centros de Información á Muller, que é algo que eu sei que o Partido Popular rexeita, que non quere asumir como algo que é da súa responsabilidade. Hai que levalos a todas as bisbarras, a todos os concellos importantes, hai que dotalos de persoal, hai que facer unha aposta importante; así como buscar solucións habitacionais para vítimas de violencia de xénero ou un plan de emprego feminino. Na busca da igualdade e prevención de todo aquilo que implique algunha violencia de xénero teñan a man tendida para mellorar estes orzamentos.



Os orzamentos da Xunta de Galicia son unha oportunidade perdida. Amosan, na parte dos ingresos, a cara do que representa o Partido Popular, un Partido Popular ao que non lle gustan as políticas expansivas, que segue máis cómodo nos axustes, que segue máis cómodo baixando os impostos aos sectores máis podentes, aos millonarios, sen ter sensibilidade pola igualdade nin pola defensa do público. Son uns orzamentos que carecen de política económica para a modernización económica, para esa dobre transición ecolóxica e dixital e para aproveitar os fondos europeos para impulsar Galicia, para impulsar a reactivación, para preparar a Galicia poscovid. Son unha páxina en branco dun goberno que nin está nin se espera, que pasa palabra ante todos os retos importantes do noso país, que, cando fala de emprego e o conselleiro dá algúns datos, se olvida de falar das cuestións máis importantes— como é a evolución da poboación ocupada ou da taxa de actividade que hai en Galicia— para poder trasladarlle realmente ao país como está a situación do emprego na nosa comunidade. E é por iso que ese reto que temos por diante é un reto no que hai que facer outras cuestións.

Eu creo que o Goberno da Xunta nos fondos Next Generation segue dando bandazos sen saber cara a onde camiña. E espero que no modelo de financiamento autonómico poidamos avanzar. Eu quero tender a todos os grupos da Cámara a man do Grupo Parlamentario Socialista para traballar nun novo modelo de financiamento que teña en conta as singularidades específicas, de envellecemento da poboación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e tamén de dispersión, que implican que temos que facer fronte a custos máis grandes para financiar os servizos públicos en Galicia.

Galicia non necesita un modelo de cupo nin de concerto económico como o vasco. Galicia non necesita tampouco un conflito dende a Xunta de Galicia, senón ser parte da solución. E, dende logo, se conseguimos remar sen frentismos para buscar un modelo de financiamento que favoreza os galegos e as galegas estaremos conseguindo que nos seguintes orzamentos da Xunta de Galicia haxa fondos. Seguiremos necesitando que haxa compromiso e política económica pensando na xente, nos galegos do común, nos galegos do día a día que necesitan axuda desde a Xunta.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor conselleiro, os orzamentos podemos dicir que son algo así como o DNI dun goberno. Os números falan, e neste caso deixan en evidencia que a verborrea da propaganda coa que o Partido Popular e o señor Feijóo intentan vendernos un ano máis que estamos ante unhas



contas históricas teñen moito de propaganda e pouco de realidade. Eu case diría —así, a modo de brincadeira— que, se cada vez que o Partido Popular utiliza a palabra «histórico» conseguíssemos salvar unha empresa, realmente hoxe o sector industrial gozaría dunha excelente saúde e non teríamos miles de postos de traballo en perigo no noso país. Concretamente, estamos falando de 16.500 empregos no sector industrial que están pendentes dun fío. Supoño que o Partido Popular non vai cuestionar este dato; sobre todo, porque é un dato que hai pouco fixo público o presidente da Xunta, concretamente no encontro que mantivo coa ministra de Industria, coa señora Reyes Maroto —en vésperas, casualidades da vida, dunha folga xeral na Mariña—. Do encontro non sei se saben cal foi o resultado que tivo para este país: cero solucións, absolutamente nada, nin para Alcoa nin para Vestas nin para ningunha industria en crise no noso país. *(Aplausos.)*

E, lamentablemente, temos que dicir que tampouco vemos solucións nos orzamentos para 2022, que nin son históricos nin van ser a panca que necesita o noso país para poder saír desta crise e enfrontar os retos tan importantes que temos por diante. Ao contrario, son os presupostos dun presidente ausente, empeñado en pensar Galiza en pequeno xusto cando máis necesitamos pensar Galiza en grande. Porque estamos nun momento extraordinario e vostedes presentan unhas contas ordinarias, uns orzamentos deseñados para levarnos cara atrás, a esa especie de paraíso que era esa «vella normalidade», en lugar de pensar que hai que levarnos cara ao futuro.

Dicía hoxe o conselleiro que os orzamentos funcionan. Eu preguntome en que funcionan. ¿Funcionan para que teñamos máis emprego e de máis calidade?, ¿funcionan para que teñamos máis sanidade pública?, ¿funcionan para que teñamos máis industria?, ¿funcionan para que teñamos uns servizos públicos de primeira?, ¿funcionan para que teñamos máis residencias públicas para atender as persoas maiores?, ¿funcionan para que a xente nova teña máis oportunidades no país e non teña que coller as maletas? Non funcionan, señor conselleiro, son uns orzamentos que fan Galiza máis pequena. E isto é un drama para o noso país. *(Aplausos.)*

Estamos ante un proxecto de orzamento inútil. É inútil para a recuperación, inútil para sentar as bases dun novo modelo económico que debe basearse na ciencia e na innovación, inútil para frear a desertización industrial, inútil para reforzar servizos públicos como a sanidade ou a educación, inútil para avanzar no coidado das persoas maiores e deixar atrás o modelo de facer negocio co dereito a unha vellez digna, ou inútil para darlle un futuro á xente nova e, por exemplo, plantexarnos a oportunidade de traer de volta os douscentos mil mozos e mozas que emigraron nestes últimos anos. Porque, de verdade, ¿que mellor antídoto hai para poder frear a crise demográfica tan brutal que vive o noso país? Por moito que o sigan negando, ata o propio Foro Económico fixo público un informe que di que, por causa da emigración, en Galiza nacen cada ano 1.500 nenos e nenas menos. Creo que temos aí, desde logo, un reto máis e moi importante polo que traballar.

Estas son, polo tanto, as contas dun goberno sen ambición de país, atrapado no pasado e que non aprendeu das leccións que nos deixa a pandemia nin no económico nin no sanitario nin no social. Basta analizar as cifras para comprobar que o cualificativo de «orzamento histórico» non se sostén. Os datos teñen unha vantaxe, e é que derrotan a propaganda de Feijóo.



Primeiro dato: se descontamos os 211 millóns de euros que se corresponden co IVE de 2017, o orzamento é inferior ao do exercicio pasado. Se o Goberno fixera ben as súas contas, estes cartos xa tiñan que estar gastados e, polo tanto, estamos vendo que aquí hai unha primeira falacia coa que se quere enganar a cidadanía deste país.

Segundo dato: se descontamos a inflación —o que é importante, porque mide a capacidade real de gasto que temos—, o que vemos é que este orzamento é inferior ao de hai doce anos. En concreto, hai 1.856 millóns de euros menos que os dispoñibles en 2009 se puxeramos isto en euros correntes.

Terceiro dato: imos falar da débeda. Ben, na débeda temos un custo en 2022 de 1.252 millóns de euros, que é catro veces máis que o presuposto da Consellería de Industria. Eu creo que vir aquí a presumir —como fan constantemente— de que baixan a débeda é facer trampas ao solitario.

Mire, é que os datos son moi contundentes: desde que chegou Feijóo á Xunta, a débeda pasou de 4.859 millóns de euros a 14.258 millóns de euros. En 2009 representaba o 8,6 % do PIB, neste momento é do 20,78 %.

E, mire, señor conselleiro, o debate non é «débeda si, débeda non». De feito, nós sempre dixemos que a débeda é un recurso que ten que utilizar a Administración para poder beneficiar a cidadanía, é un recurso, ademais, fundamental para poder facer política económica. Quen demonizou a débeda foi a dereita, (*Aplausos.*) que ata fixo leis para limitar a capacidade de actuación dos gobernos que agora hai que suspender porque estarían poñendo en risco a miles de persoas. (*Aplausos.*) Esa é unha das leccións que nos deixa esta pandemia.

Pero é que a cuestión é: ¿para que endebeda vostede este país? Porque ¿mellorou a sanidade pública?, ¿mellorou a educación pública?, ¿realmente temos un país que estea en mellores condicións que hai doce anos? Non, non o temos. Temos un país cunha sanidade contra as cordas, con menos profesorado e con menos oportunidades para a xente nova (*Aplausos.*) Entón o que lles deixan vostedes a estas xeracións é unha débeda que outros van ter que pagar. É normal que diga vostede que non se teñen que preocupar pola débeda. Non, xa virán as xeracións que veñen detrás de nós a pagar a desfeita que vostedes están facendo. (*Aplausos.*)

Cuarto dato... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei, se queren, poden tomar a palabra... (*Murmurios.*) Ben, ben, se nomean portavoz...

Ben, cuarto dato: este goberno repite esta receita fracasada. Eu creo que a estas alturas xa só a defende o trumpismo. Non sei se estamos ante un trumpismo feijoniano, si, si, coa receita de baixarlles os impostos aos que máis teñen. Porque, fíxense, estamos nun momento en que a OCDE, Biden e os grandes organismos a nivel nacional o que están dicindo é que os que máis teñen deben pagar máis porque hai unha inxustiza fiscal moi grande. E isto está supoñendo un problema para poder encarar os retos de futuro. E o que vostedes nos presentan aquí é xusto ese trumpismo feijoniano, o de vir dicirnos que teñen que pagar menos os que máis teñen. Temos o exemplo de como o entenden vostedes coas rebaixas que fan no IRPF. As rendas máis baixas que teñan unha base liquidable inferior aos 20.200 euros aforrarán 20



euros ao ano. Creo que isto lle dá a cada cidadán para poder tomar un café. (*Murmurios.*) Si, si, un café ao mes, ou un café á semana. En cambio, se a base liquidable está entre 60.000 e 100.000, a rebaixa é de 4,95 euros; é dicir, 25 veces máis. Creo que hai un dato que é moi relevante: só o 2,56 % dos galegos e das galegas teñen unhas rendas que superan os 60.000 euros líquidos anuais.

E, se nos quedaba algunha dúbida de a quen queren beneficiar realmente con estas políticas, veñen as emendas do Partido Popular para acabar de rematala, e a subida que vostedes prevían para as rendas de máis de 100.000 xa a elimina o Partido Popular. Porque, efectivamente, aquí vostedes están para defender os ricos e non os traballadores e as traballadoras. (*Aplausos.*) Creo que, máis que de rebaixa fiscal, do que tiñamos que falar sería de farsa fiscal ou inxustiza fiscal. Iso é o que están vostedes defendendo nestas contas.

En definitiva, vemos uns orzamentos do goberno de Feijóo que son inútiles para saír da crise, que non reforzan os servizos públicos, que son inxustos no fiscal e que, ademais, están cometendo un erro que eu creo que é imperdoable, porque nun momento no que se necesita un novo modelo económico, apostar pola ciencia e a innovación, por captar o talento, por poñer en marcha realmente un plan de país, transformador e ambicioso, vemos que o Goberno nin está nin se espera, e segue cunha rutina que é realmente preocupante.

E estas son algunhas das razóns que nos levan a presentar unha emenda á totalidade, porque nós queremos que Galiza avance, que Galiza avance na recuperación económica, na creación de emprego de calidade, na sanidade, na educación e nos servizos sociais, que avance para que lle deamos futuro á xente moza, que avance para que sexamos unha referencia internacional no coidado do medio ambiente e na loita contra o cambio climático, que avancemos cara a unha Galiza feminista; en definitiva, que avancemos cara a unha Galiza máis xusta, máis igual, na que poder vivir e traballar. Lamentablemente, este non é o rumbo que teñen estes orzamentos, que retratan á perfección un goberno que pensa Galiza en pequeno, e isto queda moi claro cando, ademais, imos analizando sectorialmente o que fan e o que debuxan estas contas.

Quero empezar por un tema fundamental, como é a sanidade. Se hoxe saímos á rúa e lle preguntamos a calquera cidadán deste país o que opina a respecto de como está a sanidade e do que hai que facer, o que nos diría é que é fundamental que se reforce a sanidade pública do noso país, que se apoie a un persoal que o deu todo e que chega exhausto a esta pandemia. Non só chega exhausto por estes meses tan duros nos que tiveron que afrontar unha situación que non coñeciamos, senón que chegan así porque levan doce anos de recortes e privatizacións do Partido Popular. (*Aplausos.*) Reforzar a sanidade é o que faría un goberno decente, pero non é o que fai o goberno de Feijóo. Ao contrario, vemos como se despide centos deses traballadores e traballadoras da sanidade que estiveron dando o mellor de si na pandemia, e que serían necesarios para reforzar ese servizo público. E tamén vemos como traen —e hai que dicir que teñen unha cara moi dura— uns orzamentos que recortan en atención primaria, precisamente o que hoxe ten un problema maior, porque hai unha situación de colapso evidente que denuncia todo o persoal da sanidade.

E é que están pasando cousas gravísimas. Por primeira vez na nosa historia, os galegos e as galegas non teñen garantida a cita presencial. Non se trata de recuperar o 60 % da presen-



cialidade, hai que recuperar o 100 % da presencialidade, a que tiñamos antes, señor conselleiro. *(Aplausos.)* Porque hai moitas consultas que se poden facer por teléfono —cuestións ordinarias—. O que non se pode limitar é o dereito á cita presencial como se está facendo neste momento, e a súa resposta é recortar os recursos destinados á atención primaria. E temos que dicilo con toda claridade: isto é indecente, é indecente cos profesionais, indecente cos doentes e indecente cunha cidadanía que tivo un comportamento exemplar.

Temos que facer memoria, porque os problemas coa sanidade non empezaron coa pandemia, xa estaban aí e hai síntomas moi evidentes na sociedade galega de como se manifestaron eses problemas. Todas recordamos o de «Verín non se pecha», todas recordamos a dimisión en bloque dos xefes e xefas de servizo dos centros de saúde de Vigo, todas lembramos que nestes meses houbo denuncias á Consellería de Sanidade —ata dos colexios médicos— pola falta de cobertura, e todos e todas recordamos as mobilizacións sociais constantes en defensa dun ben fundamental para esta sociedade como é a sanidade pública. Por certo, a última foi unha manifestación masiva hai unha semana en Santiago. É triste que a resposta do Goberno sexa a prepotencia, a soberbia ou as descualificacións das persoas que estaban alí manifestándose, incluídos moitos profesionais do sistema público. *(Aplausos.)*

Fíxense, se descontamos a inflación, a atención primaria terá en 2022 277 millóns de euros menos dos que tiña en 2009. Parece increíble despois de vivir unha pandemia, pero son os orzamentos que vostedes nos presentan. E ¿saben por que pasa isto? Porque a este goberno lle importa un pito que os profesionais estean exhaustos, que teñan axendas interminables, que vexamos ata tres semanas de lista de agarda para poder acudir ao teu médico ou médica de cabeceira —que hai que dicir que é un logro extraordinario do goberno de Feijóo—. Este goberno non aporta os recursos necesarios para acabar coas listas de espera que había en atención hospitalaria e, pola contra, o que fai é crear listas de espera en atención primaria. É un auténtico despropósito.

Estes orzamentos demostran ata que punto non queren rectificar e van seguir coa súa política de acoso á sanidade pública. No outro lado da moeda vemos como, mentres continúa a deterioración da sanidade pública, van seguir drenando recursos para a sanidade privada e concertada. Só na área sanitaria de Vigo hai 159 millóns de euros en canons hospitalarios, concertos e subcontratacións de servizos. En definitiva, estes orzamentos son unha ameaza para a saúde dos galegos e das galegas porque non recollen as actuacións necesarias para poder solucionar os graves problemas que ten a sanidade pública do noso país.

Se pasamos ás políticas sociais e de igualdade, tamén vemos como seguen instalados na rutina dun goberno que arrastra os pés nestes temas. Vemos cousas que nos preocupan; por exemplo, que se recorten 675.000 euros en conciliación no ámbito local e para financiar medidas de corresponsabilidade. ¿Saben a quen van prexudicar fundamentalmente estes recortes? Ás mulleres deste país, que seguen sendo as que, fundamentalmente, fan os labores de conciliación. Estas contas tamén deixan claro que a loita contra a violencia machista non é unha prioridade, apenas hai un incremento de recursos despois dunha pandemia que puxo en evidencia a necesidade de reforzar os servizos para prever, detectar e intervir fronte ao machismo. E nós pensamos que nesta materia non é que vaiamos moi rápido, é que imos moi lentas e hai que apertar o acelerador. Por iso imos seguir reclamando que se destine o



1 % dos orzamentos da Xunta a loitar contra a violencia machista. Un de cada cen euros, cando está en xogo a vida das mulleres, a nós non nos parece tanto. Parécenos, desde logo, necesario. *(Aplausos.)*

E, se algunha lección nos deixou esta pandemia, é que debemos prestarlle unha atención e un mimo especial ao coidado das persoas maiores. De novo aquí vemos como o señor Feijóo non aprende as leccións da pandemia e, desde logo, segue pensando en pequeno, porque mantén intacto o modelo, que é que se faga negocio co dereito a unha vellez digna. Demosttran que pensan máis en manter o negocio das súas empresas amigas que en coidar realmente as persoas deste país. Neste proxecto de orzamentos prevén financiar, con 74 millóns de euros, multinacionais como Domus Vi e outras grandes empresas do sector. Por certo, moitas delas operan en paraísos fiscais; é dicir, son empresas que non só fan negocio coa vellez senón que, ademais, se forran con cartos públicos e que son defraudadores fiscais. Así é como entende o Partido Popular o coidado das persoas maiores. *(Aplausos.)*

E logo temos que ver como menten sobre as emendas que presenta o BNG. Porque hoxe vimos que nos acusan de querer recortar o que se gasta en política de atención ás persoas maiores. Non, non, nós non queremos que se recorte. Na nosa emenda transversal, de feito, o que pedimos é que se incremente en 96 millóns de euros. O que queremos que se recorte é o que drenan as empresas privadas e que o utilicen para crear unha rede pública de atención ás persoas maiores. *(Aplausos.)*

Creo que hai un dato que deixa en evidencia a súa falta de compromiso neste ámbito: en doce anos ¡nin unha soa residencia de xestión cen por cento pública nun país envellecido e que non cumpre as recomendacións da Organización Mundial da Saúde! *(Aplausos.)* Iso si —non está agora aquí a conselleira do ramo—, está ben que prevexan unha residencia en Ribeira. Eu quero dicir que nos parece que Ribeira necesita unha residencia. O que xa é casualidade é que, dos 315 concellos que ten o país, só se prevexa unha residencia naquel no que ten a orixe a conselleira de Política Social. *(Aplausos.)* Creo que un pouco de transparencia cos criterios e cos datos estaría ben. Levamos moito tempo pedindo que nos digan cales son os criterios para a instalación de infraestruturas sociais. E o que temos é a calada por resposta.

E neste ámbito non podemos deixar de mencionar algo que nos preocupa, que é o recorte na protección e reinserción social. Estamos falando duns orzamentos que recollen 15 millóns de euros menos na Risga, cando temos 694.367 persoas en risco de pobreza ou exclusión social. Esta cifra non é un dato estatístico, son miles de persoas no noso país. Concretamente é máis do que suman a cidade de Vigo e a da Coruña xuntas, o 26 % da poboación. E ademais sabemos —porque así nolo indican os datos— que a pobreza está afectando máis as mulleres e as persoas maiores. Cremos que se debería reforzar a política social neste momento, e estes orzamentos o que nos din con claridade é que non van avanzar nin en inclusión nin en igualdade social.

Neste ámbito, precisamente, cremos que os servizos públicos xogan un papel fundamental. Reforzar o sistema educativo público é unha cuestión básica para avanzar como sociedade e tamén en materia de inclusión social. E vemos como levamos durante estes últimos doce anos un recorte acumulado no ámbito educativo de 2.400 millóns de euros. Estas contas de



2022 recortan en transporte escolar 6 millóns de euros; recortan en comedores escolares 1,6 millóns de euros; conxelan a formación profesional e apenas hai un incremento na partida de educación infantil, primaria e ESO de 4,5 millóns de euros, que casualmente é o incremento que vai para o ensino privado.

Nós entendemos que é grave que vexamos que tamén no ámbito educativo —igual que está pasando na sanidade ou igual que está pasando no ámbito do coidado das persoas maiores— este sexa un Goberno que aposta máis pola privada que pola pública. Deste xeito vemos como os centros privados e concertados reciben 262,4 millóns de euros mentres están aplicando recortes na pública. Hai un dato que acaba de facer público o Consello de Contas que é moi significativo: desde 2009 a 2019 a educación pública deste país perdeu 2.500 profesores no ensino non universitario. *(Aplausos.)* É un retrato demoledor do que vostedes están facendo. *(Aplausos.)*

Igualmente, seguen reducindo o apoio á lingua e á cultura, asfixiando todo o que ten que ver coa normalización lingüística. Non só fan un decreto para que o galego saia da escola senón que tamén seguen mantendo uns orzamentos que son o 50 % do que había hai doce anos. E creo que o mellor símbolo de como conciben vostedes a política cultural o vemos en que, mentres os nosos creadores e creadoras viven unha crise moi importante, a Xunta destina cada día 27.000 euros a manter abertas as instalacións da Cidade da Cultura. Pensan máis nos edificios que nos creadores e nas creadoras deste país. *(Aplausos.)*

Vemos tamén con preocupación o que está pasando coa vivenda. Neste ámbito a política de Feijóo é unha política pantasma, porque recortan e non executan os recursos que temos. Aquí vemos, por exemplo, que no orzamento de 2020, no Programa de acceso á vivenda —con 27 millóns de euros— se executaron 10 millóns de euros; en 2019, peor aínda; no 2018, as cifras aínda máis desastrosas, gastaron o 0,5 % da partida de acceso á vivenda. Isto é bochornoso e define até que punto vostedes non están atendendo a uns dos principais problemas que ten o noso país e, moi concretamente, a unha mocidade que logo vemos que ten unha das taxas de emancipación máis baixas de todo o Estado.

Tamén nos preocupa como actúan vostedes nunha materia como pode ser a cuestión do emprego. De feito, vemos como a sección *Economía, industria e emprego* está sistematicamente entre as que teñen un menor nivel de execución. Estamos falando, de media, de que un 40 % do orzado non pasa do papel. E hai algunhas partidas —por exemplo, na área de emprego— que son un auténtico escándalo, porque realmente non executan nin o 5 % do que está presupostado. Isto tamén demostra até que punto e canto hai de ficción nestes orzamentos.

Manifestamos a nosa preocupación, polo tanto, ante unha situación na que o mercado laboral no noso país ten moitos problemas. Temos un problema gravísimo de emigración de xente nova e a isto temos que sumar algo que nos preocupa especialmente, que é a tendencia negativa que estamos vivindo nos últimos meses e que contrasta co que está pasando coa media do Estado. Setembro acabou con 5.241 persoas menos afiliadas á Seguridade Social, outubro confirmou esa tendencia á baixa —cun incremento do 0,61 % na cifra de desempregados—; e todo isto tendo en conta que ademais temos nos ERTE a máis de 8.000 persoas que non computan nas listas do paro. Polo tanto, vemos como se está nunha tendencia que, de con-



solidarse, agravaría un problema estrutural que temos. Porque en Galiza temos unha taxa de emprego e unha taxa de actividade moi baixas, e isto significa un lastre á hora de como enfrontar a recuperación. Nós cremos que aí hai que apostar claramente polos sectores produtivos. E este país necesita un goberno que, cando hai un problema, busque solucións.

Eu invito as súas señorías a que busquen nestes orzamentos cal é a partida na que a Xunta vai apoiar a intervención pública de Alcoa. ¿Por que non recolle unha participación da Xunta nesa intervención pública de Alcoa? ¡Búsquena! Eu dígolles que non a van atopar porque realmente temos un goberno que se definiu moi ben estes días co que fai. É moi fácil ir á solución: sacar unha foto e vir coas mans baleiras e simplemente criticar. Ou tamén é moi fácil ir pola mañá a Burela a unha manifestación, dicir que se apoia a comarca da Mariña e logo vir pola tarde —menos de seis horas— e votar en contra do Plan de industrialización que defendía o BNG. (*Aplausos.*)

E o grave é que aquí non teñen nin unha soa proposta de calado nin para o naval nin para o téxtil nin para a recuperación do noso sector bancario nin para poñer a innovación no centro nin para facer do mar e do medio rural un elemento de desenvolvemento e unha panca de cara ao futuro. Vostedes, señorías, non teñen solucións nin alternativas nestes problemas.

Tampouco enfrontan o debate sobre o gran reto ambiental que temos por diante, sobre a necesidade de que nos poñamos a traballar para que haxa un coidado do noso medio e contribuíamos desde aquí a frear o cambio climático. Vostedes, pola contra, fan un uso perverso da realidade. ¿Necesitamos enerxía renovable? Si, pero non un *boom* eólico depredador que pon o noso medio rural ao servizo das eléctricas, (*Aplausos.*) nin tampouco, señorías, un modelo de xestión da auga onde vemos que non hai planificación. A Xunta non fai absolutamente nada, e o que fai é actuar con autoritarismo á hora de negociar un novo marco que regule a Lei da auga. E, por moito que o digan, volvemos repetir que detrás desa Lei da auga o único que hai é o intento de incrementar a factura nun momento en que é o que menos necesita a xente do noso país. (*Aplausos.*)

E, como o tempo se fai moi pequeno, quería referirme a dúas cuestións finais. Falou o conselleiro sobre que este modelo de financiamento hai que revisalo. Parécenos ben, estamos de acordo. Levamos moito tempo dicindo o mesmo. E eu creo que estaría ben que Galiza falase, porque até o de agora o que tivemos foi un presidente que estivo calado durante estes sete anos mentres ese sistema de financiamento nos discriminaba, sen que movese nin un só dedo para cambialo. (*Aplausos.*) Resúltame chamativo que se diga que as negociacións foron opacas. Quen asinou o actual sistema de financiamento foi o presidente Feijóo do seu puño e letra. Polo tanto, a responsabilidade é de quen acepta unha negociación que vai en contra dos intereses de Galiza. E a nós preocúpanos que deste sistema, que leva sete anos caducado, pois non coñezamos cal é a posición do señor Feijóo. Mañá Feijóo vai ir a unha xuntanza na que os deputados e deputadas deste Parlamento non sabemos o que vai defender. E non o sabemos porque aquí non chegou nin unha soa proposta nin un só documento nin unha soa cifra por parte do Goberno galego. (*Aplausos.*) E así o que veremos é un novo exercicio de propaganda, non a defensa dos intereses do país. (*Aplausos.*)



Eu creo que o obxectivo dun sistema de financiamento non é tender pontes. Para nós o obxectivo do próximo sistema de financiamento é que Galiza reciba un trato xusto, porque temos necesidade de mellorar o actual sistema de financiamento, que claramente nos prexudica. E creo que o ataque que fan á bilateralidade nesa negociación o que esconde é a súa falta de confianza no país e que seguen pensando Galiza en pequeno e non confían no potencial que temos. Nós non vivimos da solidariedade de ninguén, vivimos dos cartos que pagan os galegos e galegas, que cos seus impostos son os que están sufragando a sanidade e a educación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E mire, sobre os Next Generation, pois a nós gustaríanos que se nos aclaren. Primeiro, ¿por que a Xunta actúa coa opacidade que lle critica ao Goberno central? Porque a estas alturas cos únicos recursos que vai haber para financiar a recuperación non coñecemos tampouco cal é a proposta, cales son os proxectos que a Xunta vai impulsar, en que consisten, canto emprego van crear. O único que temos é unha sucesión de datos nos que as cifras moitas veces non cadran e nos que se ocultan os elementos fundamentais para poder tomar decisións. E claramente o que veremos de novo eu creo que é —e isto dígoo con tristura, porque me parece que é unha irresponsabilidade— como catro ou cinco grandes empresas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...van acabar levando o montante deses fondos, e vaino pagar a maioría social con recortes nas pensións ou con recortes nos dereitos laborais. *(Aplausos.)* E isto é o que non pode producirse.

En definitiva, señorías, nós recollemos o guante do conselleiro. Nós temos a vontade de poder mellorar estas contas, porque é necesario que haxa cambios substanciais.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Agardemos que no debate das emendas non vexamos de novo o rodillo absolutista do Partido Popular pasando por riba de todas e cada unha das propostas que presentemos desde o BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Intervención da Xunta de Galicia, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Señorías, bos días de novo.



En primeiro lugar, independentemente das opinións de cadaquén, quixera agradecer as formulacións que fixeron todos e cada un dos grupos emendantes, aínda que, como é lóxico, non poida estar de acordo con moitas das súas intervencións.

Tentarei respostar a todas as cuestións, en moitas ocasións de maneira conxunta, pois son máis ou menos coincidentes, aínda que no enfoque do modelo económico si que hai algunha diferenza salientable. E tamén tentarei argumentar por que o Goberno defende estas contas e non outras.

En primeiro lugar, sobre os comentarios iniciais do señor Caballero, indicarlle que o tema do AVE, non sen tempo, ¿verdade? Está ben que por fin chegue o AVE a Galicia. Eu dareille a noraboa cando poida viaxar da Coruña a Madrid en AVE. *(Aplausos.)*

Logo tamén me chocou de xeito salientable o tema de que cualificara como erro de planificación a xestión da pandemia e un erro na planificación das vacinas, cando o modelo de Galicia é un modelo de éxito da xestión da Administración e da sociedade galega. Temos un 94 % da poboación vacinada con dobre pauta. Estamos á cabeza de España e de Europa en vacinación. Eu penso que aos profesionais do Sergas, co conselleiro á cabeza, e aos cidadáns de Galicia merece darlles a noraboa por este comportamento cívico fronte á pandemia. *(Aplausos.)* Non vexo ningún tipo de falta de planificación.

E logo xa entrando un pouco no que son as contas, orzamentos non á altura, modelo económico sen medidas, documento contable. Sempre o mesmo.

Documento contable. O documento contable é a base, porque se non temos un documento contable transparente como é este, que presentamos hoxe á Cámara, vostedes non poderían facer o seu traballo de oposición, en primeiro lugar.

En segundo lugar, se non cadran as contas, non son sostibles as políticas de gasto. E isto deberíamos telo en conta tamén, e logo falarei do tema da débeda.

E, en terceiro lugar, si que ten detrás un modelo económico, un modelo económico-financeiro, como acreditamos, e un modelo económico de planificación da política económica, como veño de describir, tanto no Plan estratéxico xeral que estamos a reformular como na Estratexia Next Generation. Polo tanto, non entendo que bote de menos este modelo económico, porque está ben claro e posto enriba da mesa. Non é unha sucesión de slogans, como puiden escoitar coas diferentes políticas de gasto que se veñen repetindo ano tras ano neste debate parlamentario.

Paradigma económico para enfrontarnos á crise. O novo paradigma, saída da crise, política expansiva e política progresiva. ¿A política expansiva e a política progresiva desde cando? A política expansiva é unha política económica normal que se utiliza cando estamos en tempos de crise, aumentar o gasto público e dinamizar a demanda agregada. ¿Que ten que ver iso con ser progresista? Nada. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Claro, é o que faltaba. Pero ben, xa lle pedirei a Keynes o carné do PSOE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Novo paradigma de saída da crise, e falan da crise tamén. Non existe un novo paradigma, señor Caballero, e sábeo perfectamente. O que pasa é que houbo dúas crises ben diferentes,



na súa xénese e nos seus efectos. A primeira gran crise ten unha orixe financeira, creada polo estoupido dunha burbulla financeira. E foi unha crise caracterizada por un conflito entre debedores e acredores, que rematou nunha crise de débeda soberana, ¿vale? E as respostas a esa crise foron as propias dunha crise da débeda soberana.

E esta crise que estamos a vivir agora é consecuencia da crise pandémica mundial e todos estamos no mesmo barco: loitar contra a pandemia, e as respostas son diferentes.

Por certo, a política monetaria non está en mans nin da Xunta de Galicia nin do Goberno de España, está en mans da Comisión Europea e do Banco Central Europeo. Polo tanto, haberá que atribuírle a estabilidade financeira á contorna mundial en xeral e, polo miúdo, á Comisión Europea, non ao Goberno de España, que non ten capacidade para realizar políticas monetarias expansivas, nin á Comunidade Autónoma.

En canto ao modelo que plantexa o Bloque, pois tamén, efectivamente, temos modelos diferentes. A señora Pontón semella que o fía todo ao impulso da participación pública na economía, que podo traducir por un intervencionismo público, como acaba de sinalar con Alcoa. ¿Considera que o sector público debe acaparar todo na sociedade galega? ¿Cal é o peso que debe acadar o sector público no PIB? ¿Todo? Pois nós non podemos compartir ese obxectivo. O peso dos orzamentos sobre o PIB, a riqueza global de Galicia, ten que ser moderado, porque, como ben saben, no público dedicámonos a producir bens e servizos e a redistribuír a renda e a riqueza. E redistribuír renda e riqueza non é xerar renda e riqueza. O sector privado debe ter un peso equitativo na xeración de riqueza. E, por tanto, a intervención non pode abranguer todo. Parecen descoñecer tamén este tema.

Podemos ter uns orzamentos tan expansivos como os que eu estou presentando, os máis altos da historia —si, son históricos, ¡que lle imos facer!—, e ter un peso menor que outro ano. ¿Iso é malo? Non, todo o contrario. Ou sexa, temos os orzamentos máis altos da historia e non aumenta o seu peso sobre o PIB, ¿sabe por que? Porque a nosa política económica funciona e crece máis o PIB, que é o índice sintético de progreso económico, que o peso dos orzamentos.

De feito, Galicia, como xa dixen antes, é a terceira comunidade autónoma que máis aumentou a súa riqueza per cápita na última década. ¿Parécelles mal? ¿Que lles parece que foramos a comunidade autónoma que aumentara máis a súa renda per cápita na última década?

E direilles algo máis. Os orzamentos de cada comunidade autónoma representan pesos diferentes sobre o PIB. Poden comprobalo vostedes mesmos. ¿En que liga queren que xogue Galicia? ¿Na de Estremadura, cuns presupostos que representan un 25 % do PIB, ou na de Cataluña, na que a porcentaxe é do 12 %? Vostedes verán.

Segunda diferenza. No financiamento autonómico vostedes queren saír do modelo pactado entre todos e ir cara a fórmulas bilaterais, como dixen antes, de comunidades non de réxime común. Ben, iso xa o veremos. Traducireillo outra vez. Os nacionalistas queren un sistema de concerto, no que existe consenso en que sería negativo para Galicia por todos os expertos na materia. Pero calquera estudo, informe que non sexa por encargo do BNG indica que este



sería moi malo para Galicia, cifrando as perdas en máis de 1.000 millóns de euros nun sistema de financiamento de tales características.

O noso modelo é ben diferente, é mellorar o actual, para contar cun sistema suficiente e solidario que permita que un galego teña a mesma capacidade de servizos públicos que un asturiano, un madrileño e un catalán. Insisto: o BNG é capaz de defender un sistema peor para Galicia tan só polo feito de que sería un modelo nacionalista. Aí non atoparán o modelo de Galicia, señorías, porque sería malo para todos os cidadáns. *(Aplausos.)*

E o terceiro punto que sinala a señora Pontón é que o BNG non reconece o progreso de Galicia con este goberno e lle nega a posibilidade de impulsar a transformación de Galicia da pospandemia con estes orzamentos.

Sobre o primeiro, reitérolle que Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis aumentou a súa riqueza per cápita na última década; supoño que algo se faría ben. En canto ao segundo, dígolle máis: a axenda de transformación da que vostede fala xa está en marcha e este orzamento forma parte dela, pois conta coas medidas, instrumentos e estratexia previstos para avanzar cara a un novo modelo económico orientado a proxectos transformadores que modernicen a estrutura económica de Galicia.

Temos unha mellor situación tanto cuantitativa, con máis recursos, como cualitativa, con medidas para transformar e modernizar a nosa economía. Xa no mes de abril publicamos a Estratexia para a transformación de Galicia, como dicía, que fai fincapé en potenciar catro cadeas de valor: economía circular e transición enerxética, con dotacións cuantiosas; mobilidade sostible; *hub* de innovación, Industria 4.0 e TIC; e sanidade e modo de vida saudable para unha nova economía dos coidados.

Señorías, o Goberno galego ten os recursos, ten as medidas e ten a estratexia para adaptarnos á nova realidade pospandémica de Galicia, para que Galicia estea entre os territorios que sairán reforzados desta crise.

Sinalan tamén que as contas de 2009 eran máis altas que as do 2022, empregando, deflactando... Ben, respecto deste tema, ao que eu non lle daría moita importancia, sinalar dúas cousas. En primeiro lugar, descontando os 1.600 millóns de liquidacións negativas que continúa o orzamento de 2009 e os 240 millóns de anticipos de liquidación do sistema de financiamento autonómico que fixo que o novo Goberno que tomou posesión a partir do mes de abril de 2009 tivera que facer un plan de axuste para compensalos, porque non existía tal ingreso, quería salientar que non se pode utilizar o IPC para deflactar os orzamentos da Comunidade Autónoma, porque non todas as partidas do orzamento evolucionan en función do índice de prezos ao consumo. Realmente a única partida que evoluciona en función do IPC é o capítulo II, gastos de funcionamento. Pero, como ben saben, nin o capítulo I, que son gastos de persoal, en que evoluciona a masa salarial contemplada na Lei de orzamentos do Estado, nin os capítulos de fomento, tanto transferencias correntes como de capital, nin os capítulos de investimentos, evolucionan en función do índice de prezos ao consumo. Polo tanto, non ten ningún sentido deflactar en función do IPC. Polo tanto, as comparacións habería que facelas en función, como moito, do deflactor do PIB.



En segundo lugar, as comparacións hainas que facer de forma homoxénea. En 2009 había dúas partidas que non existen nos orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2022. A primeira eran as transferencias do Estado ás corporacións locais ou participación das corporacións locais nos ingresos do Estado, que dende 2011, por recomendación do Consello de Contas, non se inclúen nas contas autonómicas. E a segunda, polo mesmo motivo, é o FEAGA, que ten un tratamento extraorxamentario dende o ano 2018, polo que para facer comparacións debe axustarse ao orzamento no seu importe.

Polo tanto, as contas hai que facelas ben e a realidade é que para 2022 Galicia contará con maiores recursos para favorecer a recuperación e acadar e superar a riqueza prepandemia.

Simplemente con estes axustes de homoxeneización —podemos restalos no 2009 ou sumalos no 2022, como queiran—, o orzamento de 2009 en termos comparables sería de 10.544 millóns de euros, e sen contar co que dixen dos ingresos das liquidacións negativas por 1.600 millóns de euros, sen contar tamén que no 2022 os gastos financeiros serán de 74,5 millóns de euros, mentres que no 2009 foron 14,7 millóns de euros, o dobre que para o próximo exercicio, e sen aplicarlle o IPC.

Outro tema ao que fixeron referencia respecto do modelo económico é o tema da débeda. Claro que a débeda en termos absolutos medra e claro tamén que vivimos as dúas crises máis importantes da historia dende que existe a Comunidade Autónoma: a gran crise financeira e a crise pandémica. E claro que hai que afrontar esas grandes crises, houbo que afrontar esas grandes crises con máis débeda. O problema non é ese, o problema é que vostedes non saben como empregar a débeda, e empregan a débeda de forma contracíclica, cando non procede.

Voulles poñer un exemplo. A débeda por habitante medrou entre os anos 2005 e 2009 un 41,34 % e a débeda entre os anos 2012 e 2019 medra un 39,29 %, esgotando os límites máximos de débeda para garantir a sostibilidade da mesma. É dicir, na época da burbulla financeira que vimos antes cando tiñan entregas a contas infladas en 1.800 millóns de euros, cando se daban anticipos de liquidación do sistema de financiamento porque a recadación dos tributos propios pola burbulla financeira e inmobiliaria medraba a nivel de dous díxitos, vostedes foron quen de incrementar a débeda máis que o que puido incrementar a débeda a Comunidade Autónoma por persoa no período 2012–2018. Non saben empregar o instrumento da débeda pública, non teñen un modelo económico, non teñen idea das institucións da política fiscal e só teñen ideoloxía e dogmatismo. Así non podemos chegar a ningunha parte. *(Aplausos.)*

A Xunta non inviste en I+D, outro slogan típico que se lles fai aos orzamentos, pero resulta chocante que sigan a referirse a este tema cando nos orzamentos de 2022 destinamos a I+D+i 260 millóns de euros, un 2,2 % do gasto non financeiro, case o dobre que vostedes no ano 2009, e seguindo as directrices marcadas no Plan estratéxico da Comunidade Autónoma. ¿Saben canto destinaban vostedes no último ano do seu Goberno? 14,2 millóns de euros, un 1,3 % do gasto non financeiro.

A innovación en Galicia medra case o dobre do ritmo da media española dende 2014, avanzamos 34 postos no último ránking na Unión Europea, mentres que España caeu dúas posicións, ocupando o posto 16 de 27.



A Estratexia de especialización intelixente é un importante pulo cara á aplicación desta política. Entre 2014 e 2020 concedemos máis de 6.700 axudas, mobilizamos máis de 9.900 millóns de euros, grazas á colaboración público-privada. Xa estamos traballando na nova RIS3 para centrar as prioridades dos próximos sete anos, coa participación de máis de douscentos axentes do sistema de I+D+i, o tecido empresarial e a propia sociedade galega, recolléndose máis de seiscentas achegas, para consolidar un ecosistema propio de innovación e abordar os desafíos de Galicia do ano 2030, a través dun modelo intensivo en coñecemento sostible e pensado para persoas que involucre o maior número de empresas posibles.

En 2022, destinados un 20 % máis a impulsar a innovación, na Axencia de Innovación ata 151,8 millóns de euros, cun paquete de apoio específico para promover a innovación e o deseño entre as pemes, 33,6 millóns de euros, que incluírá novas medidas, como é a creación de centros de investigación nas propias empresas, 11 millóns de euros.

Sinalan tamén un tema ao que certamente me quero referir porque nos preocupa: a sanidade e a atención primaria.

Miren, o orzamento de sanidade increméntase un 6,2 % con respecto ao pasado ano, un 21,7 % con respecto ao de 2009, a pesar de que vostedes gobernaron e orzaron sen ser conscientes da realidade en que vivía a economía do país, como acabo de sinalar.

Este goberno fai da sanidade algo moi importante, que é dotar máis de 1.300 prazas nos anexos de persoal das institucións sanitarias. Esta é unha dotación importante tanto para novos servizos como para consolidar postos de traballo. Eu dareilles outro dato: hoxe destinamos case 100 millóns de euros máis en persoal de primaria que no ano 2009, e todo isto a pesar de que o único recorte non recuperado polo persoal é o 5 % de Zapatero.

E direilles máis: este goberno leva anos dotando os centros de máis recursos con novo equipamento e con actuacións, xa sexa de reforma ou de nova construción. O investimento en atención primaria para 2022 elévase a 34,3 millóns, case o dobre que no 2009. E se miramos a evolución comprobaremos o descenso dos investimentos que se produciron entre 2007 e 2009, cando gobernaban vostedes, e o forte crecemento deste ano e dende 2017.

Non obstante, si que hai unha partida de gasto que baixa. ¿Saben cal é? O gasto farmacéutico, que reducimos grazas ás medidas de eficiencia introducidas nos últimos anos e ás que vostedes se opuxeron, máis de 113 millóns de euros.

Respecto do que sinalaba dos concertos, ocorre o mesmo. Se comparamos o volume adicado ao investimento en concertos sanitarios, agás o transporte sanitario, en 2022 acada 188,5 millóns de euros e en 2009 197,9 millóns de euros; é dicir, sen deflactar, estaba a superar amplamente o gasto en concertos sanitarios o seu Goberno bipartito.

Tamén falan a continuación —e vencéllano con isto— do gasto en atención social e promoción social. Dígolles o mesmo: os números cantan, aínda que non lles guste a contabilidade. Orzamento na política de gasto en acción social e promoción social, 987,1 millóns de euros. En 2009, cando gobernaban vostedes, señora Pontón, o flamante vicepresidente do Bipartito,



política social, acción social e promoción social, 570 millóns de euros, case a metade de gasto en acción social e promoción social. *(Aplausos.)* Porque, claro, unha cousa son as palabras e predicar e outra dar trigo, como ben saben.

Gasto elevado en persoal de gabinete. Tamén vencellan o gasto elevado en persoal de gabinete e o PSdeG critica que os gatos de persoal eventual son demasiado elevados. Direilles algo. O Bloque tamén indicaba algo neste sentido.

Os orzamentos de 2022 recollen un incremento de algo máis do 6 % nas dotacións para persoal eventual. Dentro deste 6 % inclúese o 2 % de incremento retributivo nos salarios de todos os empregados públicos. Pero é que esta dotación é un 12,7 % inferior aos últimos orzamentos do Bipartito. E direilles que este incremento é moi inferior ao incremento de persoal eventual da Administración xeral do Estado neste exercicio, que foi nada menos que do 49,2 %. Non sei se tamén presentaron unha emenda nas Cortes españolas a este incremento do 49,2 % do persoal de gabinete os señores do Bloque Nacionalista Galego. Lémbrolles, ademais, que dende 2009 a Xunta aforrou en persoal eventual máis de 26 millóns de euros, como dicía anteriormente.

Quero falar tamén dalgunhas políticas senlleiras que nos preocupan especialmente, que están recollidas no orzamento, en particular a execución dos fondos de emprego, as políticas de vivenda e a execución de fondos de vivenda, e finalmente rematar coa política fiscal.

Execución dos fondos de emprego. A máxima prioridade da Comunidade Autónoma pasa por reforzar as áreas esenciais, para preservar o emprego e medrar nas mellores condicións. Isto non sería posible sen a nosa capacidade de executar, a pesar das dificultades dos últimos tempos, con absoluta dilixencia, os nosos compromisos en materia laboral.

Cómpre lembrar aquí que estamos a vivir unha época extraordinaria, que levamos varios plans de fomento de emprego extraordinarios por mor da pandemia. No exercicio 2020 o Goberno galego comprometeu preto do 84 % do orzamento vixente en políticas activas de emprego, e no 2021 está xa comprometido o 55,27 % e autorizado o 90 % dos recursos asignados a políticas activas de emprego.

Se nos comparamos co Estado, Galicia é a segunda comunidade autónoma por número de axudas ao emprego publicadas pola Xunta no 2021, entre marzo e setembro do 2021, 63 apoios, tras Castela-León e seguida de Navarra. Galicia está a facer un destacado esforzo investidor en materia de axudas para o emprego, en comparación co resto de comunidades autónomas. A Xunta ocupa o segundo posto por orzamento adicado ao emprego en 2021 con respecto ao presuposto do conxunto de cada comunidade autónoma, co 1,81 %, detrás da comunidade de Estremadura. Acadamos o cuarto lugar de investimento por poboación para a media entre xaneiro e abril, cun investimento por persoa parada de 1.450,67 euros, por detrás tamén doutras tres comunidades autónomas.

Nas políticas de vivenda ocorre un pouco o mesmo. O IGVS remata o exercicio 2020 cunha execución real do 74,38 % sobre os fondos executables do seu orzamento de gastos. Se se consideran só os fondos da Comunidade Autónoma, a execución é do 82,54 %.



En relación cos fondos finalistas do Estado, como ben saben, estes enténdense executados cando acadan a fase de compromiso, é dicir, no momento de concesión da axuda. Non obstante, a execución das obras subvencionadas e os pagos aos beneficiarios realízanse polo xeral nos anos seguintes da concesión das axudas, unha vez que os particulares ou os concellos xustifican a súa execución. Os fondos, por tanto, non se perden.

Cómpre engadir que a contía que aparece —¡como non! — executada polo IGVS no orzamento do ano 2020 correspóndese con actuacións que non se puideron executar, por diversas causas. Por exemplo, no orzamento de ampliación de San Paio de Navia o IGVS tiña presupostados 6 millóns de euros, que non se puideron executar polo atraso na aprobación definitiva do plan parcial por parte do Concello de Vigo. Ou nos programas de axudas, que non se executaron na totalidade de fondos previstos porque, a pesar de atender todas as solicitudes, non se chegou a esgotar o crédito por parte dos solicitantes.

E facer un par de comentarios sobre as rebaixas de impostos, que están vencelladas ao resto das políticas de gasto neste caso e á política xeral que recollen os orzamentos da Comunidade Autónoma. Resulta sorprendente que a oposición diga que o Goberno galego realiza operacións fiscais para beneficiar as minorías que máis teñen. O Goberno galego ten un modelo fiscal, por certo con grande aceptación social, que non se limita á baixada de impostos nun ano concreto, neste ano 2022. Levamos baixando impostos máis dunha década, como xa dixen, 2014, 2016 e 2022, e non nos limitamos a un imposto; baixamos todos aqueles nos que temos competencias, dende 2016, beneficiándose máis de 721.000 galegos das nosas baixas de impostos de sucesións, transmisións patrimoniais e de estratexia imposto cero no rural. ¿Parécenlles 721.000 familias unha minoría? A nós non. Por non dicir que coas dúas rebaixas do IRPF en 2014 e 2016 beneficiamos a todos os contribuíntes e no 2022 volverémolo facer.

Baixamos de novo o IRPF a todos os contribuíntes para que os contribuíntes galegos estean entre os que pagan menos de toda España e para capitalizar unha boa xestión financeira da Comunidade Autónoma e para facer tamén de Galicia un mellor lugar onde vivir, que tamén é importante para atraer poboación, non só gastar máis.

Dareilles só un dato. Coas tres rebaixas do IRPF deste goberno, 2014, 2016 e 2022, de media cada contribuínte galego pagará 403 euros menos por IRPF que cando gobernaba o Bipartito; tamén poden poñerlle o IPC a este dato.

E así como os socialistas e os nacionalistas defenden os profesionais de atención primaria, quería salientar un pouquiño cal vai ser o impacto fiscal nos profesionais de atención primaria, que tamén é importante para que os profesionais de primaria veñan a Galicia, cal é o impacto que propón contrapoñer o modelo da Xunta de Galicia e o modelo que propoñen vostedes. Porque vostedes querenlles subir os impostos aos profesionais de atención primaria. (*Murmurios.*) Si, si. Por non falar tamén dos profesores, dos colegas do señor Caballero, os profesores titulares de universidade. ¿Saben canto lles subiría o IRPF coas súas propostas, señor Caballero? Dígollo eu: 291 euros. (*Aplausos.*) E coas receitas do BNG, 362,81 euros.

Podemos seguir co persoal sanitario, como dicía antes, porque o PSdeG quere subirlles aos médicos de familia —esta é unha boa medida para atraer médicos de familia— nada máis e



nada menos que 651 euros de IRPF, unha cantidade moi importante, ¿verdade? Pois ao BNG parécelle pouco, porque a subida vai máis alá e propoñen subirlles aos médicos de familia 722,81 euros. (*Murmurios.*) Curiosa maneira de coidar os profesionais dos servizos públicos galegos, que tanto apoiaron a poboación durante a pandemia. (*Aplausos.*)

Obviamente, coidáronse moi moito de non concretar estas tarifas nas emendas á totalidade, están incluídas nas emendas parciais, pero puidemos facer os cálculos alternativamente de igual xeito. Ademais, non son moi diferentes ás do ano pasado.

Afortunadamente, os médicos, as enfermeiras e os profesores poden estar tranquilos, porque estas subas non se aplicarán, porque non se aceptarán, e o que fará o Goberno galego é todo o contrario: baixarlles o IRPF.

Ademais, como digo, no noso modelo de medidas fiscais non nos limitamos a un único imposto. Permítanme só reiterar algúns outros exemplos.

No imposto de transmisións patrimoniais rebáixase un 10 %, tendo en conta que xa temos tipos reducidos, que chegan ata o punto de non pagar este imposto para os mozos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade que decidan ter a súa vivenda habitual en zonas menos poboadas.

Ademais, mantemos todas as rebaixas xa aprobadas no imposto de sucesións, e que sitúan Galicia entre as comunidades autónomas con mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos e para os irmáns. De feito, están exentas de tributación o 99,9 % das herdanzas por vía directa.

Tamén mantemos o programa impostos cero no rural, coa eliminación deste tributo para todas as compravendas de solo rústico, as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias e as agrupacións de fincas rústicas.

No que se refire ao imposto sobre o patrimonio, quería tamén lembrar unha pasaxe moi interesante, atribuída a un famoso economista neoliberal, que di: «*Desde el momento de su establecimiento, las transformaciones tanto del entorno económico internacional como las mismas modificaciones introducidas en el tributo han hecho que pierda su capacidad para alcanzar de forma eficaz los objetivos para los que fue diseñado. En el actual contexto, resulta necesario suprimir el gravamen derivado de este impuesto, mediante la fórmula más idónea para asegurar su eliminación efectiva e inmediata.*» ¿A que famoso economista neoliberal cre, señor Caballero, que se refiren estas palabras? O que acabo de ler está extraído da exposición de motivos da Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto de patrimonio, así que pode atribuírla ao señor José Luis Rodríguez Zapatero. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Polo tanto, este imposto retomouse no peor da crise financeira, cando era necesario apuntalar os ingresos públicos; agora xa non estamos nesa situación. A súa existencia en España constitúe unha anomalía no conxunto dos países da nosa contorna; en toda a Unión Europea non existe un imposto semellante; o imposto de patrimonio español só existe algún parecido en Francia, pero grava só os grandes patrimonios inmobiliarios e cun tipo máximo do 1,5 %,



e en Holanda, que grava a riqueza patrimonial pero alí non se gravan as ganancias patrimoniais no imposto sobre a renda, cun tipo máximo do 1,6 %. Polo tanto, este imposto non ten parangón no dereito tributario comparado na Unión Europea.

E tamén este imposto axuda a manter determinadas rendas que nos interesa manter nesta comunidade autónoma, porque as bases liquidables vencelladas aos tributantes do imposto sobre patrimonio na comunidade autónoma superan os 1.800 millóns de euros e tributan aquí tamén polo imposto da renda das persoas físicas.

Vostedes din «non», señorías, vostedes están a dicir «non» a uns orzamentos extraordinarios, uns presupostos que están pensados para un momento excepcional e que nos permiten realizar unha política útil, tan precisa neste momento, uns presupostos que son os máis altos da historia de Galicia, que contemplan novas rebaixas de impostos para familias e empresas, que teñen o menor gasto en xuros de débeda nos últimos vinte e cinco anos, que achegan máis dotación que nunca para gasto social, que blindan as infraestruturas sanitarias durante toda a lexislatura, que reforzan o investimento produtivo, que fortalecen e modernizan os servizos públicos e voltan á senda do crecemento san.

Están a rexeitar uns orzamentos que consolidan 1.378 prazas de persoal de sanidade, tanto para a atención primaria como a especializada; que aumentan un 9,1% a dotación estrutural para o persoal de primaria; que incrementan a dotación do fondo de infraestruturas sanitarias, 115 millóns de euros; que consolidan con 4.589 millóns a contía para a sanidade pública, que veu dada polo fondo covid extraordinario neste ano, o ano 2021; que reforzan a formación profesional como unha política prioritaria, triplicando os programas de impulso e modernización, ata acadar os 11,6 millóns de euros, dos que 6,5 se adicarán á creación de 4.000 novas prazas; que acadan un máximo histórico en transferencias ás universidades públicas, ao recoller a primeira anualidade do novo Plan de financiamento universitario, cun importe de 469 millóns de euros, 25 millóns de euros de crecemento —isto suporá a mobilización de máis de 3.000 millóns de euros para o período 2022-2026—; que avanza na transformación dixital das políticas educativas, cunha dotación de 89,6 millóns de euros, o que significa multiplicar por catro as cifras do presente exercicio; que amparan a gratuidade de todas as escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos —esta é a auténtica política de conciliación, señorías—; que crean 315 prazas residenciais de maiores e outras 280 de atención para as persoas con discapacidade; que reforzan o servizo de axuda no fogar, que sobe o seu investimento nun 21,5% e supera, por vez primeira, a barreira dos 100 millóns de euros.

Vostedes din «non» a unhas contas que fomentan mediante avais as axudas á compra da primeira vivenda en propiedade para os menores de 35 anos en concellos de menos de cinco mil habitantes en centros históricos e dotan varias liñas de axudas para o alugueiro, tamén, a todo tipo de galegos e, en especial, aos menores de 35 anos; que melloran o parque de vivendas, adicando máis 75,2 millóns de euros a programas de rehabilitación; que baten récords na transferencia ás corporacións locais e aumentan a dotación do Fondo de Cooperación Local no 6,8 %, que contará con 135,7 millóns de euros; que invisten 85,8 millóns de euros no Xacobeo 2022, para reforzar a recuperación do turismo e celebrar o Ano Santo que Galicia merece; que incrementan un 20 % os fondos de impulso e innovación e un 35 % os destinados á transición enerxética xusta; que aceleran a dixitalización das pemes,



55 millóns de euros; que impulsan a economía circular e as cadeas de valor, 20 millóns de euros, e apoian a competitividade empresarial con novas de liñas de financiamento, ao que dedicaremos 120 millóns de euros, e o fomento tamén da internacionalización das nosas empresas, con 25 millóns de euros; que potencian a formación para o emprego, con máis recursos que nunca, cun orzamento que medra un 53,5 % e que acada os 184 millóns de euros, para axustar a formación continua dos traballadores ás necesidades do mercado laboral; que impulsan as políticas activas para as mulleres, como a creación de unidades formativas en empresas dirixidas exclusivamente ao colectivo feminino, a mellora da capacitación dixital para mulleres residentes no medio rural, 10,4 millóns de euros, e programas integrados de emprego exclusivos para mulleres, 4,8 millóns de euros; que incrementan un 22 % as partidas adicadas á loita contra a violencia de xénero, ata acadar os 18 millóns de euros; que destinan 19,5 millóns de euros para a transformación e comercialización de produtos agroalimentarios, 12,7 millóns de euros para reforestación; que dedican 10,5 millóns de euros para silvicultura e boa gobernanza das comunidades de montes veciñais; que invisten 49 millóns de euros en plans de mellora para a incorporación de mozos ao agro e a creación de pequenas explotacións, 7,9 millóns de euros para fomentar o uso da maquinaria agrícola en réxime asociativo e 7 millóns de euros pensados para seguros agrarios; que habilitan 84 millóns de euros para accións de mellora da comercialización dos produtos do mar, dos que 41 millóns de euros son para as pequenas e medianas empresas de transformación, un 50 % máis que en 2021, e que reforzan o investimento en infraestruturas portuarias, cunha suba superior ao 20%, ata rondar os 22 millóns de euros; que incentivan o inicio da actividade por conta propia en 20 millóns de euros, cun novo programa de relevo xeracional para mulleres, e o arranque do proxecto polos de emprendemento no rural, coa posta en marcha dos primeiros catro polos de emprendemento no rural, dun total de doce previstos; que favorecen a vertebración interior de Galicia, destinando 46 millóns de euros a novas vías de altas prestacións libres de peaxe, e que ofrecen servizos de transporte público de calidade, 85 millóns de euros, e avanza no mapa da internacionalidade.

A todo isto é ao que vostedes están a dicir «non» con estes orzamentos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda do grupo parlamentario non emendante. Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Eu quero comezar e comezo felicitando o conselleiro e o seu equipo. Como se dixo aquí, asumiu a responsabilidade de elaborar, pechar a elaboración dos orzamentos tras o falecemento de Valeriano Martínez, a quen agradezo tamén os recordos que tiveron os partidos da oposición. E o equipo e vostede mesmo fixeron un esforzo e unha propia homenaxe ao conse-



lleiro falecido, que ademais tamén traduce un claro respecto a esta cámara o de traer as contas en prazo con toda a documentación. Eu quero felicitalo porque, efectivamente, as situacións foron, no persoal, extraordinarias, e por iso creo que merece o agradecemento e o recoñecemento desta cámara. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, tamén quero felicitalo e agradecerlle que, ademais de traernos os orzamentos, explicar os orzamentos, fixera unhas reflexións máis xerais sobre a política económica xeral da Xunta, esta que algúns negan, que realmente ten un claro obxectivo, que é a transformación da economía galega, unha transformación que xa vén de lonxe, pese a quen non queira ver os cambios que houbo na estrutura económica do país, cun reforzamento do sector primario, unha clara recondución dende a anterior crise do sector da construción, o mantemento do valor engadido do sector industrial, que é superior á media de España, e con graves sectores en crise, que son sectores estratéxicos e que se están a apoiar, como o naval, a automoción, o téxtil, pero ao mesmo tempo buscando novos nichos, como pode ser a biotecnoloxía, o aeroespacial, e, ao mesmo tempo, procedendo a unha modernización e dixitalización dos servizos públicos, particularmente os servizos públicos que dependen da Xunta.

Estámonos adaptando aos cambios, ás exigencias da globalización, ao quecemento global e ás demandas dunha sociedade que camiña cara á dixitalización, gústenos ou non.

Ademais de todo isto —por se houbera pouco—, eu tamén lle quero agradecer que anunciou que vai traer á Cámara o Plan estratéxico de Galicia, un plan estratéxico que, como en ocasións anteriores, se fala con expertos, se fala coa sociedade, se collen contribucións de todos os sectores e despois se debate en sede parlamentaria. Eu creo que isto é un dato importante, un compromiso importante, e, polo tanto, tamén aplaudimos que se cumpra, porque é fundamental, ten unha folla de ruta incardinada na política comunitaria.

Nunca debemos esquecer —como vostede dixo— que a política económica hoxe en día vén moi decisivamente marcada pola autoridade europea, tanto no ámbito monetario, polo Banco Central Europeo, como pola Comisión, como polo Consello de Ministros, onde distintos partidos, distintos gobernos de distintas procedencias xeográficas, dan unhas orientacións xerais que son as que permiten, por un lado, facer camiñar a moeda conxunta e, por outro, tamén van poñendo en evidencia a necesidade de facer políticas fiscais conxuntas. E nunca máis evidente que nesta crise, onde literalmente todas as administracións españolas estamos podendo facerlle fronte á situación, grazas á contención dos tipos de xuro por parte do Banco Central, pola decisión da Comisión de efectuar as normas de estabilidade financeira, dada a gravidade da situación, e onde, ademais, estamos a recibir fondos europeos que permiten incrementar o gasto.

Cando se di que non hai política económica, é non estar no mundo, porque isto é o que están a facer practicamente todas as administracións, polo menos as europeas, algunhas con maior acerto e outras con menos. Eu creo que, afortunadamente, a Xunta o está a facer con maior acerto.

Estamos nun contexto económico inmediato certamente chamativo. Hai datos positivos, como o crecemento tras os peches e a volta ao crecemento; estamos —como tamén se re-



coñeceu— nunha excelente campaña en cifras de vacinación, que permiten non pechar actividades; e, certamente, hai optimismo en xeral en termos económicos, porque, efectivamente, para facer fronte a esta nova crise, que é distinta á anterior, pois, evidentemente, se están a tomar decisións que antes non se tomaban, como as que acabo de dicir.

E tamén é positivo, dentro desta normalidade, que haxa uns orzamentos nesta cámara, que se teñan cumprido as normas, os prazos, e cando se fala de maioría absolutista sobre esa normalidade de tramitación destes orzamentos, nada máis que hai que contrastala co que está pasando no trámite dos orzamentos xerais do Estado en Madrid, onde hai un veto a catrocentas emendas da oposición, que os letrados do Congreso reprochan, porque se fai un veto masivo, por parte do Goberno, das emendas. Incluso algunha que posiblemente din os letrados agora que debería ter sido emendada, que é incluír un fondo covid, que moitas comunidades presupostaron, que non existe e que aquí, responsablemente, non se incluíu nos orzamentos, cousa que vostede tampouco aprecia, porque non fixo referencia a iso, e resulta que, unha vez que se aproba unha emenda pola maioría do Congreso, aquí xa non sería entón maioría absolutista, sería minoría absolutista, porque vetan a creación do fondo covid.

Ben, aquí hai diálogo, aínda que moitas veces máis que diálogo o que hai son demolición de cousas bastante difíciles de demoler, porque son bastante evidente. Pero, en todo caso, aquí débátese todo, incluso as emendas á totalidade. Se fala de maioría absolutista, señora Pontón, eu lin o outro día unhas declaracións do deputado señor Rego no Congreso, do Bloque, que dicía literalmente que renunciaron a presentar emenda á totalidade ao proxecto de presupostos do Estado para «*dar margen a la negociación*». O feito, *a sensu contrario*, de que vostedes o presenten aquí é que xa non lle dan nin marxe á negociación; e iso que en Madrid non lles aceptaron ningunha das trescentas emendas nin lles cumpriron o pacto de investidura. Din que sempre hai dous discursos; ben, evidentemente, hai dous discursos no Bloque tamén: un, con respecto ao Partido Socialista en Madrid, e, outro, con respecto ao Goberno da Xunta do Partido Popular en Galicia. (*Aplausos.*) Pero nós seguiremos intentando manter o diálogo e a coherencia.

Ben, seguimos co contexto económico. Eu creo que houbo un erro de cálculo —o outro día dicíao o profesor García Delgado nun acto en Santiago—. En todas as grandes crises económicas mundiais non nos decatamos —e poderíamos ternos decatado— de que o *décalage* na recuperación non é tan inmediato. Hai un *décalage*, hai unha tardanza; foi así na crise do 29, foi así despois da Segunda Guerra Mundial, foi así despois da crise do petróleo e foi tamén así despois da crise última que vivimos, a crise financeira. E pensabamos que como apagamos *off* pois a economía ao darlle ao botón *on* ía reactivarse inmediatamente; e, efectivamente, consumíronse *stocks*, cerráronse fábricas, co cal non se repuxeron *stocks*. Agora houbo aforro e, polo tanto, cando se lle dá ao botón *on* hai unha demanda —que é maior á anterior á crise— pero, efectivamente, hai menos recursos e menos capacidade de producir que antes da crise; polo medio quedaron tamén empresas que xa nin sequera producen.

E todo iso pois conleva unha situación distinta, na que o crecemento non é o esperado, onde hai optimismo pero ao mesmo tempo hai claras correccións das taxas de crecemento que algúns con demasiado optimismo tiñan, e, ademais, está xerando un proceso de inflación que afortunadamente tanto a autoridade monetaria europea como a española consideran que é conxuntural e que permite seguir coas políticas expansivas.



Pero o certo é que en España o déficit, que estaba previsto que ía ser do 8, ninguén xa di que vai ser por debaixo do 8,4; as taxas de crecemento, que o Goberno fixaba no 6,5 % do PIB, xa case todos os organismos establecen que será no 2021 do 4,4 % ou do 4,5 % —a Comisión Europea reducino ao 4,6 %, a AIREF ao 5,5 %— e imos ver que pasa no 2022, onde se espera que sexa do 6 %.

E, dentro disto, á parte destes problemas, ¿por que non crece España tanto como o resto dos países? Pensen que España é o único país grande que aínda non chegou ao PIB previo á crise, Europa xa acadou o PIB previo á crise no mes de setembro, España aínda está para ver se chegamos o ano que vén. Temos un crecemento máis lento que o resto dos países. Eu non dubido de que parte ten que ver coa compoñente do turismo, pero tamén hai que pensar o que está a pasar noutros países.

Por exemplo, Italia ten un amplo despregue de todos os instrumentos que a Comisión Europea puxo á súa disposición. En España o problema que hai cos fondos europeos neste momento, señor Caballero, é a infrautilización. Está a pasar como co ingreso mínimo vital, que ao final se aproba a lei pero non se tramita e non se dan os ingresos mínimos vitais. Está a pasar como co plan de choque ás pemes, que poñen uns requisitos tan rigorosos que ninguén pode optar a eles e quedan os cartos sen asignar. En definitiva, no BOE hai aprobados 850 millóns de euros, en curso calcúlase que están 5.700 millóns dun total de 27.000 millóns orzados para este ano.

¿Por que hai estes atrancos? Ben, eu creo que, primeiro, porque non se creou unha autoridade independente para a tramitación dos fondos e centralizouse todo en Moncloa; e, segundo, porque está todo centralizado en Moncloa, en vez de contar coas comunidades autónomas. E esta centralización aprobárona vostedes, naquilo que dicían que o PP votara en contra, co apoio de Vox, que circunstancialmente para o señor Sánchez de repente pasou a ser un partido de Estado.

Polo tanto, señor Caballero, teña vostede en conta estas cuestións: inexecución, falta de execución, e non lle bote a culpa á Xunta, que non ten culpa de que se tramiten así os fondos de forma centralizada desde a Moncloa directamente e que non ten nin información de cales van ser os PERTE nin que requisitos se van exixir. Polo tanto, poñamos as cousas no seu sitio.

Efectivamente, hai que manter os estímulo. Señor Caballero, vostede cae na contradición. Di, por un lado, que con este orzamento expansivo é unha emenda aos orzamentos do ano pasado. É expansivo ou non é expansivo, porque se é expansivo o lóxico é que vostede o apoiara, pero di que é unha emenda ao que fixemos antes, porque son distintos, pero segue sen apoialos; é realmente sorprendente. Ao final nunca os apoian, non entenden a crise anterior, que foi unha crise xerada polo Partido Socialista coa burbulla inmobiliaria, diferente do que é unha crise como esta, que foi xerada por un virus que é mundial. (*Murmurios.*) Se non entenden iso e non entenden que a reacción de Europa é distinta, pois realmente non entenden nada. (*Aplausos.*)

E fala de recortes, e remítome ao que acabo de dicir do fondo covid, cando en Galicia se calcula que este ano por mor da covid imos ter 200 millóns de euros de gasto.



Dise que son sen orientación, sen estratexia, sen política... Ben, mire, señor Caballero, o que sería bo é que aclararan que condicionalidade teñen asumido desde o Goberno de España nese documento secreto, do que imos coñecendo cousas. Porque resulta que na anterior crise, na que España foi rescatada —e agora non é rescatada porque hai fondos Next Generation—, non se subiron os impostos por exemplo ás autovías. A Portugal, que foi rescatada, obrigárona a poñer impostos e peaxes en todas as autovías. En España o seu Goberno está anunciando peaxes nas autovías. Entón, ¿de que estamos a falar?

Cando vostede di que antes había recortes e agora non hai recortes, ¿vostede é capaz de garantir que algúns dos recortes que se fixeron noutros países na anterior crise, que en España non se puxeron porque aguantou a presión para introducir eses cambios fiscais, se van aguantar agora por parte do Partido Socialista? Non semella que sexa así; se non, non estaríamos falando de poñer peaxes nas autovías.

En definitiva, eu creo que ignora que os fondos están parados, non sabemos que compromisos asumiu o Goberno con Bruxelas para executar eses fondos. E, en todo caso, vostede veu aquí dicir «que viva o gasto», e a min paréceme moi ben, este ano é para dicilo, pero ollo ao que vén diante. Vai haber que tomar outra vez a senda da estabilidade, estao anunciando todo o mundo; é máis, canto antes se anuncie que se vai recuperar a senda da estabilidade, mellor para a economía de España, porque lle daremos credibilidade.

En fin, non vou dicir nada do AVE. Eu alégrome de que veña o AVE. Houbo un ministro socialista —de apelido coñecido por vostede, señor Caballero— que dixo no ano 1988 que iamos ter o AVE no 1993, porque xa estaba rematado o túnel do Guadarrama; non é que non fora sen día e que non foi sen dano, e non foi sen década. Efectivamente, foi un esforzo conxunto e todos nos alegramos de que veña a Ourense, e por iso facemos votos para que o conselleiro poida tamén velo na Coruña e vostede poida velo en Vigo, que é o que nos gustaría a todos canto antes. *(Aplausos.)*

Ben, nós cremos que estes orzamentos son axeitados á situación, son expansivos, prudentes, poñen a énfase no investimento —2.500 millóns de euros—, o gasto social incrementase, protección social 8.600, máis do total do orzamento que aprobamos na anterior crise nesta cámara.

En definitiva, estamos cunha sanidade que é a segunda que ten menores listas de espera, é unha sanidade á que lle deron premios por ser a actividade sanitaria máis innovadora.

O gasto público desménteo claramente. Sempre que se compara co 2009, señora Pontón, debería vostede dicir: e recorden que naquel orzamento faltaban 1.600 millóns, que aínda están incorporados á débeda de Galicia, porque había 1.600 millóns de débeda. E, aínda así, en acción social pasamos de 570 millóns a 987, un incremento do 73 %; e en sanidade de 3.700 a 4.500, un incremento do 21 %.

En definitiva, apoiamos estes orzamentos porque cumpren a función estabilizadora neste momento de crise, pero tamén porque apoian a equidade.

E aquí esquécese —eu mencioneino no debate do estado da Autonomía— que o Informe Foessa o que di é que en Galicia a desigualdade, que se incrementa —pero que, aínda así, está por de-



baixo da media española e europea —, non se incrementa porque os ricos gañen distancia con relación aos demais, senón porque o 60 % das rendas medias gañan distancia con relación ás rendas máis pobres. É dicir, que hai unha redistribución cara ás clases medias e ás clases traballadoras que pon en risco a xente que queda excluída socialmente, pero non porque os ricos sexan máis ricos que antes, senón que os que son máis ricos son o 60 % das clases medias.

Ben, pois vostedes seguen co asunto de que aquí somos os amigos dos ricos, cando lles puxemos por certo, de acordo co Partido Socialista, un imposto do patrimonio superior ao que tiña o Partido Socialista para o conxunto de España nun momento en que fixo falta, e cando todos sabemos —e aí está ben recordar a cita do señor Zapatero— que ese é un imposto que antes ou despois se vai extinguir, porque hai comunidades que xa o están extinguindo. E, efectivamente, se marcha un contribuínte porque non pagou en patrimonio, deixa de pagar o imposto sobre a renda e outros impostos asociados á permanencia e ao domicilio fiscal en Galicia, co cal fariamos co pan un pan cunhas tortas por subir o imposto de patrimonio.

Pero é que no tema do imposto sobre a renda dicía a señora Pontón que era un exemplo de trumpismo, e dínolo a líder que vén á Cámara e di «*make Galicia great*», que é o slogan trumpista por excelencia. (*Aplausos.*) Ben, non deixa de ter a súa graza, porque o que caracteriza o trumpismo non é outra cousa que dicir mentiras, dicir realidades alternativas, que é o que fixo todo o rato.

Criticou a conselleira —que agora non nos acompaña porque vai facer unha residencia en Ribeira— pero esqueceuse de recoñecer que por culpa do Bloque e do Partido Socialista non se está a construír unha residencia en Ourense. (*Aplausos.*) A min isto paréceme sorprendente: parar unha residencia para maiores en Ourense e vir aquí criticar o Goberno porque non se fan residencias. (*Aplausos.*) Ben, é curioso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Tamén se dixo que Alcoa... —teño que rematar, efectivamente—, jé que dixo tantas cousas!

Pero, en todo caso, eu remato simplemente recordando que o 68 % dos contribuíntes galegos ten rebaixas superiores a dúas décimas no imposto da renda, o 68 % dos tramos máis baixos da renda. Nos superiores a rebaixa é de 4 centésimas. ¿Iso que quere dicir? Que a rebaixa para as rendas baixas foi do 22 % acumulado desde que gobernamos e para o que vostedes chaman os ricos, de máis de 60.000, o 6,26 %, e para os de 100.000, o 0,99 %. Con isto queda claro que non só se incrementa a progresividade senón que hai unha política coherente de expansión do gasto, neste caso privado, con rebaixas fiscais, que favorece fundamentalmente a quen menos gana.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: É certo que en España hai comunidades que teñen presión fiscal marginal en renda do 54 %. Sería bo que dixeran vostedes canto lles parece razoable cobrar sobre o imposto da renda como tipo máximo.



En definitiva, son uns orzamentos nos que seguimos sendo os que máis investimos, os que pagan antes aos provedores, onde Galicia é a terceira comunidade na que creceron máis as rendas salariais, a segunda en converxencia en PIB per cápita e, ademais, temos unha sociedade máis igualitaria que a media.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ¿Cal é a conclusión? Podería dicir de vostedes o mesmo que dixo Borges do peronismo: non son bos nin malos, senón incorrixibles. Porque seguen a criticar uns orzamentos que son completamente diferentes a todos os que coñecemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica.

Grupos emendantes, Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Como están xurdindo os temas e supoñemos que neste momento o presidente da Xunta —non sei agora que hora é— a esta hora xa está en Ourense, hai que recordar o que dicía o Partido Popular e o presidente da Xunta o 16 de decembro do ano pasado —hai menos dun ano—; dicía o presidente da Xunta en relación coa chegada do AVE a Galicia: «é mellor non enganar, non o imos ter no 2021»; e engadía: «é bo non enganar a ninguén, pero vai pasar o Ano Santo e non imos ter AVE con Madrid, por un novo atraso, culpa do Goberno de España». E, polo tanto, o presidente da Xunta enganou, o Partido Popular enganou. E eu pídolle ao Partido Popular hoxe, no día en que o AVE chega a Galicia, que Feijóo se desculpe, que recoñeza que enganou e mentiu aos galegos e ás galegas, como o acredita toda a hemeroteca. E que, a pesar de todos os atrancos do Partido Popular, o AVE a Galicia chega hoxe cun goberno que cumpriu, que non implicou ningún atraso e que permite que Galicia estea comunicada coa alta velocidade con Madrid e con España. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza. É que a palabra do Partido Popular de Galicia vale tanto como cando Feijóo nos dicía en decembro do ano pasado que o AVE non ía chegar no 2021. Non vale a mentira continua, non vale o engano continuo. Rectifiquen, señores do Partido Popular, e recoñezan cando se cumpre, porque recoñecendo que se cumpre con Galicia poderán vostedes recuperar algo da credibilidade perdida.

E queríalles dicir tamén, señores do Partido Popular e señor Puy, que, cando vostede fai algunha desas análises sobre a situación dos orzamentos, pois perden a perspectiva. O conselleiro díxonos hoxe que o documento contable é a base. É o maior erro, amosa xa o maior descoñecemento de todo o que é a política económica. Intentar dicirlles aos galegos que o documento contable é a base é descoñecer que o documento contable é un instrumento, que a base ten que ser a política económica para defender a xente, a política económica para tra-



ballar polo emprego, pola igualdade, polos servizos públicos, e que o documento contable non é senón unha ferramenta para facer boas políticas para o beneficio dos galegos e das galegas. E por iso erran, porque non entenden nada de política económica. Porque cren que a base é facer un documento contable, que é axustar números, pero detrás dos números teñen que existir políticas, proxectos, programas de gasto, investimentos e modernización.

E é por iso polo que non podemos respaldar estes orzamentos, señor Puy. Claro que non cometemos ningunha incongruencia, somos totalmente congruentes. É necesario facer políticas expansivas, hai que poñer as políticas fiscais e expansivas ao servizo do país, pero vostedes gastan, pero non saben en que gastar nin como gastar nin como ser eficientes no nivel de gasto. E iso é o que implica unha situación preocupante para os galegos e galegas.

Vostede, señor Puy, sinala que España non chega ao nivel precovid neste momentos en nivel de produción, como chegan outras economías. E vostede mesmo recoñece que o peso do turismo na economía española ten moito que explicar. Pero esa non é a situación galega, onde o peso do turismo ten unha porcentaxe moito máis reducida na nosa estrutura produtiva e onde tampouco temos recuperado os niveis precovid, a pesar de ter unha implicación, un efecto da pandemia de moita menor envergadura.

E temos que falar tamén de distintas cuestións, como cando se fala desa infrautilización dos fondos europeos. Eu quéro lle dicir, señor Puy, que vostedes erran, que vostedes non poden falar da infrautilización dos fondos europeos, porque foron ao Congreso dos Deputados tentar vetar que os fondos Next Generation puidesen chegar á economía real dende o primeiro momento. Intentaron boicotear as políticas do Goberno de España para que os fondos Next Generation puidesen servir para fortalecer infraestruturas de todos os ámbitos, tamén en servizos públicos fundamentais durante a pandemia. O Partido Popular do señor Casado, o Partido Popular que vostedes representan, señor Puy, señor Feijóo, representa todo o que non hai que facer cando hai políticas de fondos europeos para conseguir saír dunha crise. E é por iso que sabemos que nos orzamentos do 2022 hai 507 millóns de euros do mecanismo de recuperación e resiliencia que estarán nas mans da Xunta de Galicia para impulsar a reactivación en Galicia a pesar do Partido Popular.

Queríalle dicir tamén, en relación coas cuestións que vostede sinalaba, que dende logo nós cremos que nun momento de reactivación a suba do 6 % en gasto de persoal de confianza, eventual, nos gabinetes da Xunta é unha falla de respecto a tantos galegos e galegas que o están pasando tan mal. (*Aplausos.*) Quéro lle dicir con total claridade nun parlamento no que se están conxelando os salarios dos deputados e deputadas, para ter tamén empatía e sensibilidade. E que o Partido Popular utilice os orzamentos da Xunta para priorizar o incremento do seu persoal de confianza e do seu persoal de gabinete, á vez que despiden centos de profesionais sanitarios e de profesores nos servizos públicos, é unha falla de respecto, de empatía e de estar á altura do que Galicia necesita. E pído lle que o rectifique. Pído lle que poñan os fondos públicos na prioridade de defender a igualdade e a xente, en vez de na prioridade de fortalecer os gabinetes e o persoal de gabinete da Xunta do Partido Popular. Pído lle que o rectifique, porque hai moitos galegos e galegas que non o poden entender, que saben que estes orzamentos non serven para darlles solución aos seus problemas, pero que si detectan que hai medidas que son erradas. Eu entendo que hai que ter persoal competente para



poder facer fronte ás crises, pero tamén hai que ter a habilidade de saber cando son os momentos de poder facelo. Esta cámara parlamentaria conxela os salarios dos deputados de forma continua durante moitos anos e é tamén porque queremos estar á altura do que Galicia necesita. E igual que defendemos esa situación queremoslle pedir ao Goberno da Xunta, que si subiu os salarios en función do IPC dos conselleiros e conselleiras, que rectifiquen e retiren esa suba de gasto en persoal improdutivo, de persoal que traballa nos gabinetes pero que non supón unha mellora dos servizos públicos e da situación do país.

Queríalles dicir tamén, señores do Partido Popular, que vostedes, cando falan do seu modelo para toda esta crise, descoñecen e plantexan cuestións moi erradas. O señor Puy chegou a dicir hoxe aquí que a anterior crise foi orixinada polo Partido Socialista; non houbo Lehman Brothers, non houbo ningún crack na Bolsa, foi o Partido Socialista, pero agora foi a pandemia. Este é o nivel de argumentación ao que se pode chegar —supoño que por un deslíz, porque eu sei que o señor Puy é un profesor rigoroso e un deputado moi hábil e competente—, pero eu creo que ese tipo de deslíces no fondo están trasladando unha imaxe simplista, e unha imaxe simplista que intenta evitar que a dereita fixo unha mala xestión da anterior crise económica e social. E agora a dereita ten a posibilidade en Galicia de aumentar o gasto, pero non sabe como facer que ese gasto poida ser útil aos galegos e galegas.

Vostedes din que hai que chegar aos niveis anteriores ao tempo da covid, pero hai que dicilo tamén con claridade. Ata que chegou a covid, tiñamos en Galicia situacións complexas, por exemplo no compromiso coa sanidade pública galega. Eu quero sinalar, por exemplo, que o último informe da Asociación estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais sinala como durante os once anos de goberno do Partido Popular o gasto en sanidade, educación e servizos sociais reduciuse e pasou do 66 % ao 62 %; tres puntos menos durante os gobernos do señor Feijóo en compromiso coa sanidade pública, coa educación pública e cos servizos sociais; que hai 341 euros menos de gasto, de investimento por habitante en Galicia que en Asturias.

E eses son tamén os efectos das súas políticas fiscais e das súas políticas tributarias. Vostedes deixan de recadar e despois deixan de comprometerse cos servizos públicos e cos servizos sociais. O orzamento sanitario per cápita antes da chegada da pandemia en Galicia estaba por habitante en 1.477 euros, por debaixo de sete comunidades autónomas: País Vasco, Asturias, Navarra, Extremadura, Aragón, Cantabria e Castela-León. E vostedes queren chegar agora ao nivel previo. Din que hai que esperar case dous anos para poder estar nese nivel, e, polo tanto, están desaproveitando a oportunidade que lles dan todos estes fondos para cambiar esa situación. Cun enorme índice de temporalidade, o 44 % dos profesionais sanitarios están en contratos temporais en atención especializada en sanidade, e o 28 % na atención primaria. E estes orzamentos non o solucionan.

Se nós vemos para o emprego, atopámonos coas enormes dificultades que ten a economía galega de xerar emprego, de aumentar a taxa de actividade, de darlle posibilidade de emprego á xente no país, e estes orzamentos non implican ningunha solución.

E se me fala de fondos europeos, aínda vostedes teñen que explicar por que en Galicia se deixaron sen executar 4 de cada 10 euros, segundo o Consello de Contas no seu informe deste ano.



Con problemas de xestión, problemas de xestión que teñen que ser corrixidos, moi graves. Este goberno da Xunta ten na súa bagaxe, no seu legado, ser o primeiro goberno autonómico que tivo que devolver fondos da PAC a Europa, fondos dos labregos, 55 millóns por non ter sido capaces de executalos.

E, polo tanto, quiten vostedes a careta. Este goberno do Partido Popular nin é progresista nin ten un compromiso coa igualdade, nin ten eficiencia nin capacidade de xestión, gasta fondos que chegan, pero os galegos e galegas hoxe quedan máis preocupados, cando os galegos e galegas se atopan cun goberno do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que non ten nin compromiso coas cuestións fundamentais. Hoxe séntense máis orfos. Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 son unha oportunidade perdida. Políticas expansivas con fondos alleos que chegan á Xunta, pero que a Xunta non sabe priorizar nin sabe xestionar. E hoxe a cidadanía galega está máis orfa, porque non aprenderon da importancia do público e da importancia da política económica. Porque hoxe os galegos e galegas séntense máis abandonados, con menos empatía, con menos respaldo dun goberno da Xunta que, en vez de potenciar unha reactivación que chegue a todos, prefire mirarse ao espello do Partido Popular e esquecerse...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...de Galicia, Galicia, Galicia.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día de novo.

Se me permiten, porque, aínda que non formaba parte do debate, colouse na sesión de hoxe, tamén eu quería facer unha valoración sobre un feito que ten a súa transcendencia. Hoxe inaugúrase, por segunda vez —quero lembralo—, a chegada do AVE a Galiza. É a segunda inauguración de Feijóo da chegada dese AVE. E creo que, se algo simboliza a chegada do AVE, é a crónica dunha discriminación cos galegos e coas galegas, que levamos soportando durante décadas anuncios de gobernos do Partido Popular e de gobernos do Partido Socialista que nos dicían que o AVE ía chegar. Ía chegar no 2009, ía chegar no 2012, ía chegar no 2016, ía chegar no 2019 e aquí estamos en 2021. E mentres outros territorios levan máis de vinte e cinco anos desfrutando do AVE, nós o que levamos é vinte e cinco anos desfrutando de mentiras, de enganar e de incumprimentos, que agardamos que se poña fin neste momento. *(Aplausos.)*



E con outro agravante: que, mentres levamos eses vinte e cinco anos de incumprimentos da chegada do AVE a Madrid, o que vemos é como cada vez fóra do eixo atlántico é máis difícil viaxar en tren no noso país. Pregúntenllo a unha veciña ou a un veciño de Lugo que queira ir á Coruña ou que queira ir a Ourense. Pregúntenllo a un veciño ou veciña de Ferrol que se queira mover á cidade da Coruña. Ou xa non falemos de vilas como O Carballiño, como Sarria ou como tantas que están excluídas da rede ferroviaria. Nun momento de transición ecolóxica, no que o tren é o medio do futuro, o que temos é, fóra do eixo atlántico, cada vez menos trens, máis vellos, menos horarios e máis caros. Esa non é desde logo a política do BNG. *(Aplausos.)*

E, se mo permiten, tamén hoxe quero ter palabras de recordo para as vítimas do Alvia, que seguen, oito anos despois, esperando xustiza, verdade e reparación, e que hoxe volveron facelo nesta segunda inauguración do AVE. *(Aplausos.)*

Diciános o conselleiro que Galiza progresa máis con este goberno. Creo que hai que medir ben o que se di e moito máis nun contexto como o actual. Temos 694.367 persoas en risco de pobreza. ¿Ese é o progreso de Galiza, señor conselleiro?

Temos ademais o propio Foro Económico de Galiza, que acaba de dicir nun recente informe que desta crise saímos con máis desigualdade e con máis pobreza. Non sei se ese é o modelo de progreso do Partido Popular, máis pobreza e máis desigualdade no noso país. *(Aplausos.)*

Non sei se no seu progreso se lle esquece que nesta última década emigraron douscentos mil mozos e mozas por falta de oportunidades e de alternativas en Galiza. Ou dentro dese progreso que vostede nos reclama ve como normal que teñamos miles de postos de traballo en risco polos prezos da enerxía nunha Galiza que é rica en electricidade. Nós a iso non lle chamamos progreso, chamámoslle espolio económico do noso país, que se fai coa complicidade da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)*

E miren, na política evidentemente hai debate ideolóxico, pero logo tamén está a realidade, que non é o que un pensa, senón que é o que está pasando. E hai unha evidencia, e é que con vostedes Galiza estase facendo máis pequena: máis pequena en poboación; máis pequena na súa industria, porque se destruíron 14.700 postos de traballo en doce anos; máis pequena no emprego, porque temos menos emprego que hai doce anos e de peor calidade, señor conselleiro; máis pequena nos servizos públicos, porque hoxe temos menos profesorado e pecharon unha de cada dez escolas que había no noso país. Ou vemos tamén como se incrementan as listas de espera na atención sanitaria, incluída a atención primaria, que se algo debe ser é rápida. Porque se a unha persoa lle din que ten que agardar vinte e un días para poder ir ver o seu médico ou médica de cabeceira, non ten unha mellor sanidade, ten unha peor sanidade, e estase poñendo en risco a saúde das persoas. *(Aplausos.)*

E podería así seguir falando. Menos sectores produtivos. É que pecharon a metade das explotacións lácteas do noso país. Perdéronse nese ámbito máis de seis mil empregos, e outros tantos se levaron por diante no sector da pesca.

E si, Galiza tamén é máis pequena en I+D+I, porque coas políticas que fixo o seu goberno, o Goberno do Partido Popular, durante estes últimos anos diminuíronse os fondos que se in-



vestiron en I+D. E nos primeiros anos da crise máis dura de 2008, cando outros gobernos europeos estaban apostando pola innovación, pola ciencia e o coñecemento como un pilar básico, este goberno recortou precisamente nese ámbito, (*Aplausos.*) expulsando máis investigadores e facendo que pecharan a metade das empresas innovadoras neste país.

Por iso, conselleiro, temos un dato que debería de preocuparlle, e é que se inviste menos en I+D+I en Galicia hoxe que hai doce anos. E isto é unha responsabilidade deste goberno e do traballo que ten que facer co tecido empresarial.

E falando de empresas, acláreme unha cousa: intervención pública de Alcoa, ¿si ou non? Porque veu aquí atacar o BNG por defender a intervención pública de Alcoa. ¡É que isto é o colmo, señor conselleiro! Si, si... ¿Cal é o intervencionismo do PP? O PP tamén ten intervencionismo. Si, ten un intervencionismo, que é privatizar empresas públicas a prezo de saldo para beneficiar os seus amiguetes. (*Aplausos.*) E Alcoa claro que era unha empresa pública que vostedes privatizaron, e agora hai que ir rescatala. A AP-9 tamén era unha empresa pública que vostedes privatizaron... Si, si, o Goberno do señor Aznar. ¿Ou non é do PP? ¡Ah!, non é do PP. (*Risos.*) ¡Ah! ben, ben. Aclarado este extremo, é o independente que ten o señor Feijóo fichado. (*Aplausos.*) ¡En fin!

Modelo de financiamento. Vostedes é que seguen sen confiar no país, e demostrouno na súa intervención. Vostedes non confían en Galiza, e iso é un problema. Claro, é que vostedes prefiren que sobre os impostos que pagamos en Galiza decidan en Madrid. Falan moito de que están por unha descentralización administrativa, política, pero ¿por que non na recadación?

Transparencia, ¿quen lle teme á transparencia? Nós non, desde logo, porque confiamos no país e nas súas potencialidades.

Vostedes seguen empeñados en dicirlles aos galegos e galegas que viven da solidariedade de Madrid, que aquí non temos capacidade para pagar a nosa sanidade cos nosos impostos, a nosa educación... É que é un discurso absolutamente demoledor a respecto da potencialidade que ten este país. E nós claro que si, nós cremos que hai que ir a unha negociación bilateral.

E aquí moito criticar ao BNG, o modelo que nós defendemos con toda claridade e que cremos que sería mellor que tiveramos nós a chave dos nosos cartos e que non a teñan en Madrid. Pero é que é curioso, pois o PP, que aquí está en contra de que poidamos ter un modelo de financiamento onde teñamos a chave dos nosos cartos, onde poidamos ter un concerto económico, en Euskadi vai alí e defende o concerto económico. E por se iso fora pouco, o señor Feijóo cando viaxaba a Cataluña, ía a Cataluña defender que Cataluña tiña dereito a defenderse, un modelo similar ao de Euskadi. Sen embargo, Galiza non. (*Aplausos.*) ¿Explíquen nos por que seguen sen confiar no país e defenden un modelo que, desde logo, vai xustamente na dirección contraria?

No BNG si que defendemos unha cousa con absoluta claridade, e é que quen máis gana, ten que pagar máis. Cremos que é un principio básico para poder manter unha calidade de vida, unha igualdade e un sistema que sexa cada vez máis redistributivo, que non é o que está pasando. Porque fíxese: cando vostede analiza como evolucionaron as rendas nos últimos anos



no noso país, o que vemos é que en Galiza cada vez pesan máis as rendas do capital e menos as rendas do traballo. De feito, hoxe as rendas do capital están por riba das rendas do traballo. Datos oficiais do Instituto Galego de Estatística.

Pero é que, ademais, iso é clave para poder manter e financiar servizos públicos, que son os que nos garanten os dereitos de que todos e todas sexamos iguais para estudar, para poder acceder a un sistema sanitario público, para que a enfermidade non se converta tamén nun elemento de diferenciación social.

E vostedes non fan iso. Vostedes o que están é aplicando unha política na que cada vez lles recortan os impostos aos que máis teñen. E isto rompe con claridade un principio básico no que aí si que debería de haber algún acordo.

E fixo hoxe xa unha volta de torca rocambolesca, porque os profesionais da sanidade pública non se concentran diante dos centros de saúde pedíndolles que lles baixen os impostos, os profesionais da sanidade pública concéntranse diante dos centros de saúde cada semana neste país pedíndolles que cubran as baixas, que cubran as vacacións, e postos de traballo dignos. *(Aplausos.)* Iso é o que están reclamando as e os profesionais da sanidade.

Desde logo, é lamentable a demagogia coa que veu aquí. Porque están exhaustos e exhaustas non de pagar o IRPF, están exhaustos e exhaustas porque lles están poñendo unhas condicións laborais e están deteriorando tanto a sanidade pública que están chegando ao límite. E o que queren é unha fiscalidade xusta, para que haxa máis profesionais, máis medios e, desde logo, unha mellor sanidade pública no noso país. *(Aplausos.)*

Mire: para que un profesional pague 750 euros en impostos, tería que ter unha base liquidable de 60.000 euros; iso significa un salario de máis de cen mil euros. Polo tanto, nós si que dicimos que, se unha persoa ten ese salario, claro que ten que pagar máis. Pois ímolo defender con toda rotundidade, fronte ao que fan vostedes. ¿Que sabe o que fan? Aos que ganan 22.000 euros, rebáixanlles 20 euros ao ano. Pero é que aos que ganan máis de sesenta mil euros, rebáixanlles 4,95 euros ao ano; vinte e cinco veces máis é a rebaixa que lles fan ás rendas altas. E nós non compartimos esa política. *(Aplausos.)* E quero que quede aquí...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...absolutamente claro e con toda rotundidade.

Señor conselleiro —remato—, dicía vostede que os números cantan. E eu dígolle: si, os números cantan, e o que vemos é un Goberno de Feijóo e unhas contas que desafinan cos retos que temos como país.

O que necesitamos é que neste momento houbera un goberno que realmente estivera á fronte dun gran proxecto para darlle un futuro mellor a este país. O que veñen vostedes aquí é coa rutina de sempre, cos argumentos repetidos e trillados, e, o máis grave,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: ...sen ningún tipo de alternativa de futuro para poder poñer en marcha unha Galiza mellor na que a xente non teña que emigrar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: É a súa responsabilidade e non van contar co noso voto para unhas contas que son inútiles neste momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche do debate ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señorías, polas súas achegas.

Nós si que pensamos que temos un modelo. Si que pensamos que estes orzamentos axudarán a superar a crise pandémica definitivamente e a iniciar un modelo de crecemento estable. Si que pensamos que o documento contable é a base sobre a que se constrúe a política económica. Porque sen un documento contable rigoroso —logo pola tarde xa o veremos—no que estean financiadas todas as propostas que fan os diferentes grupos da cámara, a política non o financia todo. E o que pasa é que logo hai que pagar. E se non pagamos en tempo, como está acostumada a facer a Xunta, xerámoslles problemas ás familias e ás empresas, porque os soldos e as facturas hai que pagalos e hai que pagalos en euros, non en *corticoles*, señorías.

Por iso é importante partir dunha base sólida da contabilidade orzamentaria e financiar correctamente todas as partidas e todas as propostas. A política non o cobre todo, señorías.

Indican que hai que pular na eficiencia nas políticas de gasto. Xa o estamos a facer, levámolo facendo dende o 2009. Por iso os orzamentos en atención primaria son inferiores —como dicíamos antes—, porque aforramos en receitas, porque apostamos polos xenéricos e por receita por principio activo, aforrando máis de cento dezanove millóns de euros. Aforramos cartos que ían parar ás multinacionais farmacéuticas; eses ricos ficticios aos que vostedes fan referencia. Nós si que aforramos e si que non lles pagamos ás grandes multinacionais.

A infrautilización dos fondos europeos non é tal. Posiblemente ese informe do Consello de Contas faga referencia ao ciclo de certificación de fondos. Pero a execución de fondos europeos vai moi ben, e cada vez que imos a Europa mesmo a Dirección de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda nos recorda que somos dos mellores executores de fondos europeos de España e mesmo de Europa.

Entre 1986 e 2013 xestionamos case dezanove mil millóns de euros, e fomos quen de absorber todos estes recursos sen perder nin un euro. Actualmente estamos a executar catro mil millóns de euros, o 10 % das dotacións en España para o período 2014-2020. E ademais en Galicia, con este volume tan amplo de recursos, estamos a executar moito mellor que o resto



de España; quince puntos por riba e mesmo por riba da media da Unión Europea. E facémolo mellor porque temos cultura de xestión por obxectivos, indicadores, seguimento e planificación. Por iso, a execución dos fondos europeos dos programas operativos 2014-2020 de Feder e de Fondo Social correspondentes á Xunta vai a bo ritmo.

En comparación coas demais comunidades autónomas, Galicia está situada na primeira liña en canto á execución de actuacións financiadas con fondos europeos, señorías. Ata o 21 de outubro de 2021 —o dato máis recente—, no marco do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional de Galicia 2014-2020 aprobáronse cerca de sete mil dúascentas operacións, por un importe de 1.667 millóns de euros. Mil cen millóns de euros en axuda pública, que supera o xa programado para todo o período.

Por outra banda, no marco do programa operativo do Fondo Social Europeo, autorizáronse nos catro eixes de intervención máis o novo eixe React-EU, que se dotou neste exercicio, cento setenta operacións, por un importe de 494 millóns de euros, o que supón acadar o cen por cento do total programado. Son 473,3 millóns de euros, incluído o importe dos fondos React-EU, como dicía.

O grao de execución financeira supón arredor do setenta e oito por cento do programa, con máis de cento noventa e seis mil persoas beneficiarias. Polo tanto, están todas as operacións aprobadas en marcha e estamos nun grao de execución que ronda o oitenta por cento, e aínda quedan dous exercicios completos —si, o 2022 e o 2023— para poder executar estes fondos. Non entendo entón de que se nos acusa.

Marco de rendemento. O avance no desenvolvemento dos programas permitiu cumprir coa regra N+3, así como co exame do chamado «marco de rendemento» en todas a prioridades de fondos, o que implica que somos unha comunidade cumpridora. E o ritmo actual de execución dos indicadores prevé o cumprimento das metas previstas para o 2023. Só dúas comunidades autónomas máis, Cantabria e País Vasco, acadaron os fitos previstos en todas as prioridades no caso do Feder, ademais de Galicia. No marco do Fondo Social Europeo, Galicia foi o segundo programa rexional de maior contía que superou o exame de rendemento en materia de indicadores financeiros e indicadores de produtividade. E os últimos datos de execución tamén acreditan isto que estou a dicir: a boa xestión dos fondos europeos da comunidade autónoma.

No que atinxe ao Feder, no 21 de outubro de 2021, a execución do programa ascende a 900 millóns de euros, que supón practicamente o importe programado, do cal xa se certificaron perante a Comisión Europea 672 millóns de euros, que representan case o setenta e catro por cento do total. No fondo Social Europeo, no 21 de outubro tamén, a execución financeira acada o 78,3 % do programado, o 80 % sen ter en conta os fondos React-EU. E o gasto certificado acada o 46 %, o 51 % sen considerar estes fondos React-EU. Os fondos React-EU, que foron incorporados no programa operativo na última modificación do programa aprobada o pasado 13 de agosto de 2021, ascenden a 80,5 millóns de euros. Por tanto, non sei a que vén o tema da infrautilización dos fondos europeos.

Para demagogia o tema do persoal de gabinete, ademais vai por riba da mesa, o que vén dar exemplo nos orzamentos xerais do Estado. Pero ademais gustaríame dicir unha cousa: ese



persoal de gabinete «improdutivo» —como lle chama o señor Caballero— é o que debe monitorizar a boa execución dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia en cada sección de gasto. Por tanto, non estamos a falar de subir a ninguén as retribucións, estamos a falar de incorporar novos activos para que nos axuden a xestionar correctamente eses fondos adicionais que chegan do orzamento da Unión Europea. (*Aplausos.*)

Penso que xa explicamos abondo o tema do orzamento dos gastos de I+D. Primeiro, hai que orzalos e, logo, executalos, evidentemente. E a diferenza con respecto a 2009 é abismal: 2009, función 56, «Investigación, desenvolvemento e innovación», 142 millóns de euros; no 2022 ten un importe de 259,7 millóns de euros.

Eu quería pasar xa a este amplo debate, —como lles dicía ao comezo— o máis importante do ano en materia económica, facendo fincapé na parte máis económica do mesmo. Porque é máis relevante este debate, se cabe, polo momento no que está a desenvolverse. Ao longo do mesmo, evidentemente, quedaron de manifesto que temos lóxicas orzamentarias diferentes. Pero quero agradecer o ton de todos os voceiros e voceiras e o intercambio de opinións e pareceres durante o debate, pois sempre o enriquece.

Señorías, todos os orzamentos son importantes, pero os deste ano e o do vindeiro cobran unha especial transcendencia debido á pandemia. Estamos rematando un ano especialmente complicado, pero creo que se hai un ano nos dixeran que a situación epidemiolóxica de Galicia ía estar neste momento nos parámetros actuais, a maioría tivésemos asinado.

Insisto: non quero dicir que a pandemia teña rematado nin moito menos. De feito, as repuntas de casos nas últimas semanas tennos que manter alerta. Pero é verdade que a incidencia en hospitalización e gravidade deses casos é moito menor que antes. Isto é así en gran medida porque moi maioritariamente os galegos e as galegas, ademais de cumprir as medidas de protección aconselladas, decidiron vacinarse ou estano a seguir facendo neste caso coa dose de reforzo. Por esta razón, dende o Goberno galego queremos de novo animar a todos aqueles que aínda non decidiron vacinarse a que o fagan. Os resultados acreditan que a vacina é segura e eficaz. Entre todos temos que conseguir que o 2022 sexa o ano en que se poña fin á pandemia dende o punto de vista sanitario.

Porén, teremos que seguir traballando arreo para superar as súas consecuencias económicas e sociais, que lamentablemente serán máis duradeiras. E aí é onde temos como goberno que sacar solucións para as necesidades de familias e empresas —e estamos convencidos de que os orzamentos que hoxe debatemos axudarán a esta tarefa—, cunha nova baixada de impostos, que deixará cartos nas mans das familias e das empresas nun momento especialmente delicado pola alza xeneralizada dos prezos, sinaladamente os da enerxía; cun reforzo dos servizos públicos da sanidade, do ensino e das políticas sociais, aos que destinaremos máis recursos que nunca, e cunha aposta sen precedentes polo investimento produtivo, cunha achega de cinco mil millóns de euros como acabamos de acreditar entre este ano e o seguinte.

Nun momento no que a Unión Europea está comezando a distribuír cantidades moi importantes de recursos co fin de favorecer a recuperación económica de todos os estados membros; pero cunha repartición por parte do Goberno central que se arreda da conve-



niente cohesión territorial, para unha saída da crise económica ao mesmo ritmo e non a distintas velocidades.

Neste senso, os fondos Next Generation son unha grande oportunidade para todas as comunidades autónomas se se distribúen de maneira equitativa e se aproveitan con eficiencia, que é o que nós queremos facer.

Por iso, dende esta tribuna solicito o apoio unánime dos grupos parlamentarios para demandar unha repartición destes recursos por parte do Goberno central que non penalice a Galicia. Nós como goberno faremos todo o que estea nas nosas mans para optimizalos no obxectivo de favorecer a modernización da nosa estrutura económica, para que Galicia estea entre os territorios que sairán reforzados no período pospandemia.

Remato xa desexándolles un bo traballo parlamentario e coa lembranza a quen durante trinta e cinco anos serviu a Galicia, os últimos seis como conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

Moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Votación das emendas á totalidade do grupo I

O señor PRESIDENTE: Rematado este debate, procedemos á votación das emendas do grupo 1, será unha votación conxunta.

E comezamos votando as do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia. En concreto, imos votar as emendas de devolución global e as emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou dos axentes xestores de gasto.

Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución das seccións ou axentes xestores de gasto, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tamén a emenda de devolución global e as emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou dos axentes xestores de gasto.

Votamos.



Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución das seccións ou axentes xestores de gasto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Reiniciamos a sesión.

Corresponde neste intre entrar no grupo II.

Debate e votación das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para defender as emendas ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Benvido de novo, señor conselleiro de Facenda.

E hoxe novamente quero que as miñas primeiras verbas sexan para recordar a Valeriano Martínez, con quen tiveron a honra de debater nos últimos cinco orzamentos da Comunidade Autónoma, e debater sempre dende a distinta visión política e a distinta visión de ideas pero, efectivamente, sempre dende o máximo respecto. Polo tanto, trasladar novamente as condolencias miñas e do meu grupo parlamentario.

Señor Corgos, hoxe imos debater o documento político máis importante para a xestión dun goberno; un documento que vai permitir contraponer a visión política do Partido Popular, unha visión conservadora e neoliberal, fronte á visión progresista e socialdemócrata que propoñemos os socialistas. E vostedes, señor Corgos, levan gobernando a Xunta de Galicia durante doce anos ininterrompidos, doce anos con maiorías absolutas. Polo tanto, levan polo menos doce orzamentos, pero son doce orzamentos nos que atopamos idénticas partidas e idénticos programas en todos eles.

Nos momentos da gran recesión, o Goberno de Mariano Rajoy optou pola austeridade, e o Goberno da Xunta de Galicia, que é ese alumno avantaxado, aplicou as mesmas receitas: ca-



drar as contas fronte a rescatar as persoas. Vostedes loitaron contra esa crise con recortes en sanidade, recortes en educación, recortes en políticas sociais, con máis desemprego e o nacemento desa clase traballadora pobre, con máis desigualdade e con máis pobreza.

Pero durante eses doce anos que vostedes levan gobernando a Xunta de Galicia os orzamentos tamén foron os mesmos cando medrabamos arredor do 2-3 % durante seis anos consecutivos. E novamente as mesmas partidas e os mesmos programas cun pouco máis de dotación, sen atallar os grandes problemas que xa existían e que vostedes agravaron durante a recesión, sen atallar as grandes desigualdades, sen revertir os recortes nos servizos públicos, sen recuperar o número de persoas ocupadas que había en Galicia no ano 2009, sen planificar unha política industrial con retos de futuro e sen revertir a sangría demográfica galega, que nos deixaba no ano 2019 duascentas corenta mil persoas menores de corenta anos menos das que había no ano 2009. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, baixen o nivel de ruído.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Con esta situación chegou a crise máis grave e abrupta que puideramos imaxinar: a pandemia da covid-19, que desencadeou na crise sanitaria, económica e social máis profunda coñecida. Pero a diferenza da xestión de M. Rajoy no Estado na gran recesión, o Goberno socialista de Pedro Sánchez no Estado puxo as persoas no centro das políticas públicas para que ninguén quedara atrás.

O Goberno socialista de Pedro Sánchez no Estado achegou os maiores recursos orzamentarios para que as comunidades autónomas —tamén Galicia, evidentemente— puideran atender as novas necesidades xurdidas da crise con máis de dous mil seiscientos millóns de euros para Galicia só no exercicio 2021. Para que Galicia acadara os maiores investimentos en políticas públicas dos seus doce anos de goberno. Gústelle ou non lle guste ao Goberno da Xunta, esa é a realidade.

Os fondos do Estado e os fondos europeos evitaron unha ruptura da nosa economía e unha fenda máis grave na nosa sociedade. Por iso non é igual cando goberna o Partido Popular que cando goberna o Partido Socialista. Claro que non é igual, pois vostedes poñen as contas por riba das persoas, e os socialistas poñemos as persoas no centro da política, (*Aplausos.*) porque a política ten que ser útil á cidadanía.

Hai un ano, señor conselleiro, encomendabamos a recuperación sanitaria, económica e social á vacinación, a aquelas vacinas que empezaban a asomar e a ser unha luz de esperanza. Hoxe, once meses despois, practicamente a totalidade dos galegos e das galegas dentro dos grupos de idade permitidos pola EMA estamos vacinados. É un éxito colectivo, grazas ao investimento en investigación que permitiu acadar unhas vacinas seguras nun tempo récord, grazas ao traballo conxunto dos estados da Unión Europea para a adquisición conxunta de vacinas e a achega de recursos económicos, grazas ao Goberno de España pola xestión das vacinas e o achegamento dos recursos económicos para que as comunidades puidesen administralas con axilidade, grazas ás comunidades autónomas por xestionar a vacinación nos seus territorios,



grazas aos profesionais sanitarios de Protección Civil e a todas e todos os que participaron na xestión dunha situación tan complexa e sen precedentes, e grazas tamén, como non pode ser menos, á responsabilidade da cidadanía galega, que acudiu masivamente a vacinarse e que supera no noso país o noventa e catro por cento das persoas diana vacinadas, o que hoxe nos permite, aínda que con atrancos, volver pouco a pouco á normalidade.

Unha proba máis, señor conselleiro, de que a colaboración entre as administracións é absolutamente necesaria cando falamos de temas de país. Unha proba máis de que é máis útil colaborar que confrontar. Esa confrontación que tivo e mantivo durante todo este tempo durante case dous anos o presidente Feijóo, mentres o traballo continuado do Goberno do Estado encabezado polo presidente Sánchez para xestionar a pandemia con todas as administracións para beneficio de toda a cidadanía.

Señor conselleiro, vostede sabe que o orzamento é o instrumento que permite desenvolver a política económica dun territorio, polo que os orzamentos teñen que estar concibidos para atender as necesidades dese territorio e as persoas que viven nel. Xa que logo, estes orzamentos deberán pensar na Galicia actual, nos seus problemas e nas súas necesidades presentes, cunha mirada posta no futuro a curto prazo para atender o máis inmediato, pero tamén a longo prazo para poñer as bases dese cambio económico e social do futuro que tanto precisamos.

Vostedes presentan uns orzamentos con moita publicidade e propaganda, como fan habitualmente, pero que non empregan todos os recursos ao seu alcance para atender as persoas, para atender os sectores económicos, para atender os servizos públicos e para saír todos xuntos o menos desigual posible desta grave tripla crise. Con estes orzamentos vostedes non poñen as bases para cambiar a estrutura produtiva do noso país, para acadar unha Galicia máis verde e máis cohesionada social e territorialmente.

Vostedes anuncian un orzamento, señor conselleiro, como o máis alto da historia da Xunta de Galicia, e vostede sabe perfectamente que mente. O orzamento consolidado da Xunta de Galicia diminúe en 279 millóns de euros... Vostede dálle á cabeza; polo tanto, os datos que nos facilitan aos grupos da oposición non deben ser os mesmos que vostedes manexan, porque, efectivamente, se facemos a resta son 279 millóns de euros menos no orzamento consolidado. Polo tanto, diminúe, non crece.

Vostedes anuncian que eses orzamentos contan cos maiores recursos da historia para apoiar as familias e os sectores económicos. Pero a realidade é que vostedes nos programas de protección e inserción social, prestacións ás familias e á infancia, servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade, apoio á conciliación e servizos á xuventude baixan 42 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Tampouco parece que sexa un maior apoio ás familias cando vostedes nos programas de fomento do emprego, mellora da cualificación do emprego ou mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social tamén baixan 43 millóns de euros.

Nin parece que sexan os maiores recursos da historia cando falamos de sanidade, porque nada máis e nada menos que en atención primaria e en protección e promoción da saúde



pública baixan 8 millóns de euros. Oito millóns de euros menos en sanidade, mentres dedican máis de setecentos mil euros para cincuenta e dous capeláns. E ademais non renovan a uns catrocentos trinta profesionais sanitarios que precisa o sistema, (*Aplausos.*) e non reverteren as condicións laborais de precariedade existentes nalgunhas categorías.

Vostedes, señor conselleiro, doce anos despois, dotan 200 millóns de euros menos para a sanidade dos que se dotaban en 2009. E en atención primaria hai hoxe mil profesionais menos que o montante consignado nas contas do Goberno de Emilio Pérez Touriño.

¿Vostedes non escoitan a rúa? ¿Non viron a manifestación de milleiros de persoas en contra dos despedimentos e da precarización na sanidade pública que saíu á rúa o domingo pasado aquí en Santiago? Pois deberían atender a rúa, deberían atender as persoas que demandan que se deixe de precarizar, que se reverta toda esta precarización cos fondos que veñen do Estado e da Unión Europea, na que vostedes afondaron durante a gran recesión.

E vostedes tamén poden seguir dicindo que son os maiores recursos da historia para as familias, pero a realidade, señor conselleiro, é que en educación, en ensinanzas especiais, en sinanza secundaria e formación profesional e mais servizos e axudas complementarias da sinanza tamén baixan, 15,4 millóns de euros menos.

E vostedes deben pensar que apoiar os sectores económicos é rebaixando en 67 millóns de euros o Programa de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción. Ou 12 millóns de euros menos na Sociedade de Información e do Coñecemento.

Xa que logo, señor conselleiro, outra mentira. O reforzo en gasto social e políticas de emprego da Xunta de Galicia para o 2022 supón, como mínimo, 176 millóns de euros menos, ¡menos!, non máis, menos. Polo tanto, —como lle dicía ao principio— moita publicidade e moita propaganda; unha cousa é o que vostedes din e outra cousa é o que vostedes fan. E novamente menten.

Vostedes tamén anuncian que hai menos ingresos do Estado, máis rebaixas fiscais, menos endebedamento, pero o maior orzamento da historia. Ben, pois a verdade é que non fai falta ser economista para ver que algo non cadra. Se os orzamentos son ingresos menos gastos máis endebedamento, se os ingresos non medran e o endebedamento tampouco, pois imposible que medren os gastos. ¿Verdade que si, señor conselleiro? Penso que si, obvio. Se non, pois xa mo explicará vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) De acordo, de acordo, si, despois, supoño.

Pero é que se nós miramos os documentos que vostedes achegan xunto co orzamento, pois podemos mirar os fondos que veñen do Estado e os fondos que veñen da Unión Europea. E dentro dos fondos que veñen do Estado, á marxe do financiamento autonómico —que terá o seu debate no seu momento e que nos parece un debate moi interesante e moi necesario—, pois temos que, por unha banda, veñen 368 millóns de euros para compensar esa liquidación negativa do ano 2020; 211 millóns de euros para compensar a implantación aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy no IVE de 2017, e un incremento —que vostedes poñen tamén nos



documentos que nos achegan — dun 24,4 % das transferencias finalistas. E poño por exemplo que do Estado veñen 53 millóns de euros máis en atención á dependencia e servizos sociais comunitarios, 65 millóns de euros máis para o fomento da empregabilidade e formación profesional de desempregados, 57 millóns de euros máis en infraestruturas e en educación, e 28 millóns de euros en acceso e rehabilitación á vivenda. É dicir, medran grazas aos fondos do Estado partidas finalistas en temas prioritarios para a cidadanía galega grazas a esas transferencias que vostedes din que non veñen do Estado.

E se miramos os ingresos procedentes da Unión Europea, pois temos 508 millóns de euros do marco de recuperación e resiliencia, 249 millóns de euros do React-EU e 804 millóns de euros do marco financeiro plurianual 2014-2020, que vostedes aínda no día de hoxe teñen sen executar. Polo tanto, 1.561 millóns de euros procedentes da Unión Europea que vostedes contemplan neste orzamento. E cabe recordar tamén o anuncio de que xa se ten aprobado o mecanismo financeiro plurianual 2021-2027, que vai supoñer para Galicia 3.150 millóns de euros máis 111 millóns de euros para afrontar a transición xusta, sendo a segunda comunidade máis beneficiada, por detrás de Andalucía, e do cal, evidentemente, nos sentimos contentos e estamos totalmente de acordo.

Estes fondos chegan, señor conselleiro, a Galicia a pesar do Partido Popular; a pesar de que o seu xefe de filas, o señor Casado, intentou unha e outra vez que estes recursos non chegaran a España e, polo tanto, que non chegaran a Galicia. Por Pablo Casado e por vostedes, co voso silencio cómplice, non chegarían, como mínimo, os 757 millóns de euros consignados neste orzamento para a nosa comunidade autónoma. Pois, señor conselleiro, buscando recursos e achegándoos para que sexan útiles ás persoas e aos sectores produtivos é como se demostra ese amor a «Galicia, Galicia, Galicia».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, remato xa, señor presidente.

A verdade é que tamén cabe aquí resaltar esa visita que acaba de ter o presidente Feijóo a Bruxelas, na que foi a sacar un selfi co Manneken Pis vestido de peregrino. Esta parece que foi a grande achega que acaba de conseguir o señor presidente da Xunta de Galicia.

E, por certo, señor conselleiro, vostede hoxe pola mañá afirmaba que o incremento do persoal de gabinete que está consignado nos orzamentos era para xestionar os fondos. Pois despois na súa quenda gustaríame que mo aclarara... Si, iso foi o que eu entendín...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e creo que o dixo pola mañá, porque existen partidas específicas para a contratación de asesoramento externo e de asistencias técnicas. É a suma dos dous e todo para os dous, non teñen persoal suficiente para poder xestionalos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Espero que mo aclare na súa intervención.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nesta quenda, pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Angela Davis dixo unha vez: «Este é un momento moi emocionante na historia, cada vez máis xente reconece que o mundo debe cambiar». Estou convencida, estamos convencidas desde o BNG que a maioría da sociedade comparte esta intuición. E traída ao debate de hoxe, lévanos a facernos unha pregunta que para nós debera ser obrigatoria en cada debate orzamentario. Esa pregunta é de en que momento da historia estamos e se estes orzamentos e as súas propostas responden ás necesidades.

É importante facermos esta radiografía porque hoxe non estamos nun momento calquera. Non estamos nun momento calquera, primeiro, porque cando o proxecto do Goberno galego entre en vigor no ano 2022 levaremos xa vinte e dous meses —que se di pronto— de pandemia, dunha pandemia que está controlada, pero que segue connosco, que ten efectos e que ten tamén moitas incógnitas. Non estamos nun momento calquera porque cando este proxecto de orzamentos entre en vigor seguiremos nunha situación de emerxencia climática e enerxética cada vez máis grave. E non estamos nun momento calquera tampouco porque cando estes orzamentos entren en vigor seguiremos arrastrando as desigualdades que xerou a crise económica de 2009 e a súa xestión. E seguiremos tamén inseridos nun marco político que —queiran reconecelo ou non— condiciona, e moito, o noso autogoberno económico, e iso limita tamén a nosa capacidade de tomar decisións.

Polo tanto, desde o BNG insistimos: non estamos nun momento calquera. Estamos nun momento decisivo como país. E o problema é que estes orzamentos, señor Corgos, non ofrecen nin a máis mínima posibilidade ou atisbo de facer ningún cambio. Vímolos no debate de hoxe pola mañá. Se os orzamentos de 2021 apuntaban a unha liña que nós definíamos como unha oportunidade perdida, estes orzamentos de 2022, o proxecto que vostede presentou hoxe pola mañá de novo, entendemos que afondan nesa liña, que afondan nese camiño errado pero consciente do Goberno galego, dun goberno que pensa Galiza en pequeno, porque non confía no país nin quere tampouco alterar o *statu quo*.

E fronte a iso, desde o BNG o que queremos é facer algo diferente: construír unha nova Galiza. Para iso presentamos unha emenda alternativa, tanto nos ingresos como na proposta de gastos, cunha proposta que basicamente pensa Galiza, pensa este país en grande, mobi-



lizando máis de dous mil millóns de euros arredor de tres prioridades: blindar os servizos públicos, transformar a economía e responder tamén á emerxencia climática e social.

En canto aos ingresos, basicamente o que propoñemos é facer o contrario do que fan vostedes: que paguen máis quen máis ten. Porque a súa proposta fiscal, señor Corgos, —temos que dicirlllo así— é directamente obscena, non se pode cualificar doutra maneira. Porque nun momento de crise económica, no que saben perfectamente que hai case setecentos mil galegos e galegas en situación de pobreza ou exclusión social —que o di a Rede galega contra a pobreza, non é un dato que esteamos a inventar desde o BNG—, ¿que se lles ocorre a vostedes facer? Pois cambios regresivos. O mellor exemplo é esa modificación do IRPF, pero é que por riba autoemendándose vostedes para blindar aínda máis as rendas máis altas, impedindo que paguen o que corresponde. *(Aplausos.)*

Pero poñamos un exemplo para levar esa letra, eses números dos orzamentos, que ás veces son abstractos, á vida real. Pensemos, por exemplo, o que incrementou encher o depósito dun coche neste último ano, pois custa xa máis de vinte euros máis do que hai un ano. A factura da luz medrou un sesenta por cento máis. E coa superreforma do Partido Popular, un galego ou galega que ingrese sobre doce mil euros ao ano, vai ter un aforro duns doce euros ao ano. Non lle vai dar nin sequera para sufragar un destes incrementos. Pola contra, alguén que cobre dez veces máis vai ter un aforro de case cincocentos euros. Desde logo, iso para nós non é en absoluto redistributivo. Preguntámonos quen vai ter máis dificultades para sufragar pagos como os que eu exemplifiquei: ¿un galego ou unha galega que traballe nun súper, que teña un salario medio, ou un galego que cobre máis do que vostede ou do que o presidente da Xunta? *(Aplausos.)* Porque unha renda de máis de cen mil euros é máis do que vostede ou o presidente da Xunta cobran. E esas son as minorías sociais ás que vostedes queren privilexiar.

E aínda que veñan disfrazando estes orzamentos de pel de cordeiro, nós sabemos que en realidade o que queren facer é o mesmo que fixeron na anterior crise, que é facer de Robin Hood ao revés e darlle máis aínda a quen máis ten. Iso é o que agocha o modelo fiscal do Partido Popular.

E, fronte a iso, o que propoñemos é darlle a volta. Trasladamos nesta emenda á totalidade unha proposta de reforma redistributiva verdadeiramente do IRPF, do imposto de patrimonio e tamén de sucesións e doazóns. Por outra banda, facemos tamén o que vostedes non fan, que é espremer o limitado marco que temos para desenvolver capacidade normativa propia. Propoñemos a creación de tres novos impostos. Insistimos en que hai que gravar as grandes superficies, non porque esteamos abonados —como nos dicía pola mañá— aos *cor-ticoles*, senón porque queremos ter recursos para protexer o pequeno comercio. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, tamén marcamos unha liña de apostar pola fiscalidade verde, por gravar, por exemplo, as liñas de alta tensión e o dano medioambiental que teñen. Ou, por exemplo, por abordar a través de novos impostos problemas moi graves, como penalizar a desocupación permanente e inxustificada das vivendas durante máis de dous anos. *(Aplausos.)* Porque hai un incremento brutal do prezo dos alugueiros, diante do que o Goberno galego fai inhibición de funcións; hai un incremento brutal da exclusión residencial, e vostedes non poden seguir mirando a outro lado.



E, en terceiro lugar e respecto das cuestións fiscais, tamén propoñemos a modificación do canon eólico. Porque vostedes nestes orzamentos modifican por décima vez a Lei do sector eólico; é un clásico xa das leis orzamentarias do Partido Popular. Pero, sorprendentemente, pese a que o canon eólico baixa cada ano de recadación, non deciden vostedes tocar aí.

Vostede sabe que non é o noso modelo, que a nós o que nos gustaría sería apostar —como fixemos no seu día— pola participación pública directa aos beneficios do sector. Non nos gusta este modelo. Pero, en todo caso, incluímos esta emenda para sinalar a realidade, que é que a política fiscal do Goberno do Partido Popular privilexia aos *lobbies* eléctricos. Por iso pese a que Galiza acaba de bater outra vez un récord de xeración de enerxía eólica, pese a que cada vez hai máis instalacións no noso país, recadan menos polo canon eólico, porque non se atreven a tocar a potencia no lugar do número de aerogeradores, impulsando un cambio como o que demandan concellos ou entidades tan lexitimadas como o Observatorio Eólico Galego. (*Aplausos.*)

En síntese, señor Corgos, propoñemos unha nova política fiscal, que basicamente protexa as maiorías sociais e interveña nos problemas máis graves que hai neste país, como é precisamente a falta de vivenda ou a crise ambiental, e facendo así algo que é moi necesario neste contexto. Vostede xa pola mañá vaticinábanos esa volta que xa recoñecen a tumba aberta: a senda do déficit. Efectivamente, iso vai pasar, eses recursos extraordinarios que, ao parecer, —segundo algunha intervención que había aquí— temos por obra e graza do señor Sánchez. Nós non compartimos esa tese. Pero, en todo caso, eses recursos extraordinarios son finitos e, polo tanto, este país ten que prepararse para de onde imos sacar recursos económicos cando non teñamos eses ingresos que camuflan estes orzamentos como se fosen extraordinarios cando non o son. E, polo tanto, propoñemos estas medidas para incrementar os recursos.

En todo caso, a alternativa —é no que máis temos que pensar— pensamos que é tamén o respecto da distribución de cales son esas prioridades de gasto. E tamén aí vostedes se equivocan. E fronte a unha proposta que basean vostedes na inercia e na falta de ambición, nós incluímos corenta e seis novas prioridades que estaban inexistentes no seu proxecto e que basicamente queren con estas medidas impulsar un novo modelo económico. Un novo modelo económico que modernice os sectores produtivos estratéxicos, que se basee na ciencia, na innovación e que busque crear emprego de calidade e situar o noso país nun contexto de economía globalizada, nunha posición que sexa realmente forte. Un novo modelo económico que sitúe ademais o noso país á vangarda da resposta á crise climática e enerxética e que busque acadar e blindar os dereitos sociais e acadar máis igualdade entre os galegos e galegas. Basicamente, por resumilas, centrareime en tres ámbitos:

O primeiro deles, a necesidade de reforzar e blindar os servizos públicos. Efectivamente, este debate orzamentario non se pode dar como se non estiveramos aínda no medio dunha pandemia. E a primeira das emerxencias é sacar o sistema sanitario público da UCI á que vostedes o levaron. ¿Como? Contratando máis persoal e facéndoo de forma digna; que non teñamos que ler neste país, como esta semana, nunca máis unha sentenza que lle saque as cores outra vez á maior ETT que hai en Galiza, que é e segue a ser o Sergas. (*Aplausos.*) Reforzando tamén a atención primaria, porque é indecente non só que



baixe o orzamento este ano, senón que siga sendo menor orzamento de atención primaria a 2009. Insistimos: é indecente sobre todo polo que ten detrás, porque é unha folla de ruta planificada para ir adelgazándoa pouco a pouco e que aconteza nun futuro próximo o que acontece pois, por exemplo, cando un galego ou galega ten que poñer unha ortodoncia, que o sistema público non a fornece e se a queres págala, e se non a podes pagar non a tes. Queren levar o modelo de atención primaria a esa situación, e nós, desde logo, non estamos de acordo.

Propoñemos tamén tratar como corresponde ámbitos tan importantes como a saúde mental e ámbitos tan pendentes como recuperar todas esas citas e intervencións que foron adiadas e que aínda non se recuperaron.

E tamén, evidentemente, hai que falar da política social. Hai que falar dunha política social que aspiramos a que sexa digna de tal nome, e non o que está acontecendo actualmente con esa consellería, que serve basicamente para drenar recursos do público para o privado. Por iso introducimos propostas para claramente apostar pola xestión pública das novas residencias e medidas innovadoras como unha estratexia fogar para implementar servizos de proximidade ou ampliar o SAF.

Entendemos que tamén hai que blindar o ensino público, corraxir eses recortes, que son evidentes e dos que lle vén de sacar outra vez o Consello de Contas as cores. Pola mañá non se atreveron a discutir os datos, supoño que seguirán obviando esa realidade. Nós propoñemos un acordo polo ensino público que comprometa cando menos a creación e a dotación de mil docentes anuais.

En segundo lugar, o outro gran ámbito no que queremos insistir é o de transformar a nosa economía, arredor —insistimos— da ciencia e da innovación. Porque para posicionar este país nun contexto da economía globalizada hai dúas opcións: o modelo Partido Popular, que é basicamente regalar os nosos recursos, especialmente os naturais, a capital estranxeiro para que os explote e despois marche baixando a persiana. Ese é o modelo Partido Popular. Ou apostar polo modelo que queremos impulsar desde o BNG, que é aproveitar os nosos recursos en favor dos galegos e galegas e investir en coñecemento. Porque tamén esta crise demostrou que a alternativa é ciencia, ciencia e máis ciencia. Nesa dirección formulamos propostas en tres ámbitos:

O primeiro, multiplicar —insistimos— o esforzo investidor na investigación. Propoñemos un pacto galego pola ciencia que teña un 3 % do orzamento, 300 millóns de euros.

En segundo lugar, entendemos que é clave potenciar un tecido industrial, un tecido económico de pequenas e medianas empresas orientadas á innovación en sectores estratéxicos. Para iso propoñemos un plan para o fomento da actividade tecnolóxica que teña como obxectivo elevar o peso da industria ao 25 % do produto interior bruto para o 2030. Propoñemos iniciar o proxecto Rías para conformar o maior complexo científico tecnolóxico de Europa en relación co mar. E tamén propoñemos un plan único de I+D+I para o sector primario, para os sectores agrícola, gandeiro e forestal, para modernizar os nosos sectores produtivos máis importantes.



E, en terceiro lugar, dentro da transformación económica, entendemos que hai que atender tamén as urxencias, que as hai e moitas. Por unha banda, —insistimos— é inaudito que neste país non haxa aínda constituída unha mesa galega pola enerxía para abordar de forma transversal todos os problemas dese ámbito. E insistimos en algo que tampouco se atreveron a responder hoxe pola mañá: participación pública de Alcoa, vai incorporada na nosa emenda alternativa, ¿que van facer?, ¿van seguir premendo no botón roxo como xa fixeron a semana pasada respecto doutras iniciativas importantes para a industria deste país? ¿Van repetir ese mesmo erro outra vez nese debate orzamentario?

Hoxe vostede pola mañá apelaba ao consenso e á xenerosidade. Fagan por fin algo de consenso e xenerosidade que non tiveron neste anos de goberno e apoiem algunha das propostas da oposición. (*Aplausos.*)

Por último, o terceiro grande ámbito que recompilan as nosas emendas alternativas trata de responder á situación de emerxencia climática e tamén social que hai neste país, aspirando a ter unha Galiza máis sostible e tamén con máis dereitos sociais. Dereitos sociais que deben pivotar arredor da vivenda, do emprego ou da igualdade. Para iso é necesaria unha axenda galega para a emerxencia ambiental, con medidas realmente ambiciosas contra o cambio climático e a favor da defensa da biodiversidade, así como unha estratexia galega da auga 2030, que priorice, por fin, a defensa e o coidado e a custodia dun recurso que é absolutamente esencial.

Introducimos tamén medidas que atallen a precariedade laboral, que é a raíz do empobrecemento da sociedade, e sobre todo para atender as urxencias. Nese sentido formulamos unha estratexia galega de emprego 2025, con especial atención ás mulleres e á mocidade, por ser os sectores máis castigados desta crise. E tamén medidas para abordar o grave problema de acceso a unha vivenda digna.

E por último, tamén pero non por iso menos importante, gustaríanos facer unha mención á proposta de destinar un euro de cada cen a loitar contra a violencia machista. Estaría ben que ás portas do 25 de novembro aplicáramos esa reivindicación que escoitaremos nas rúas por parte do feminismo galego de base, que é aquela de «menos discursos e máis recursos».

E remato xa, señor conselleiro. Concluimos desde o BNG ou pensamos que, efectivamente, o vivido nestes últimos vinte e dous meses amosou que a desigualdade social ou a crise climática son absolutamente insostibles. Polo tanto, aquilo que dicía Angela Davis de que «o mundo debe cambiar» está máis de actualidade ca nunca. E para iso deben cambiar tamén as políticas do Goberno galego, que empeoran os problemas que xa tiñamos onte e agravan os que temos hoxe.

Nós insistimos: estamos nun momento clave, nun momento de transformacións profundas no mundo. E iso para Galiza representa riscos, tamén oportunidades. Por iso pensamos que é hora de facer o que levamos proponendo neste debate orzamentario, o que propoñemos nesta emenda alternativa e que tanto lle proe ao Partido Popular, que é pensar Galiza en grande.

Polo tanto, atrévanse, voten a favor desta proposta do BNG e corrixan os grandes erros que hai neses orzamentos. Atrévanse a pensar esa Galiza en grande, coa que teríamos un futuro máis próspero.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, presidente.

Señorías, grazas pola súa intervención, certamente interesante.

Gustárame confrontar tamén como fixemos pola mañá algunhas das afirmacións que se acaban de realizar.

En primeiro lugar, comezaba a señora Rodríguez Rumbo indicando que os orzamentos recollen as mesmas partidas e idénticos programas ano tras ano. O que varía nos orzamentos son as contías e os proxectos, certamente, pero si que os programas de gasto teñen relación directa coas competencias da comunidade autónoma e, polo tanto, non ten moito sentido que muden de ano a ano, e coas partidas acontece o mesmo. É importante ter claro isto.

Non andar mudando os programas de gasto de ano en ano favorece a comparabilidade das políticas de gasto entre uns gobernos e outros. Así, hoxe, analizando as diferentes políticas de gasto, podemos ollar cales son as diferenzas da orientación das diferentes políticas entre orzamentos que presentamos na cámara no ano 2022 e os orzamentos que, por exemplo, se presentaban no ano 2009.

En sanidade, por exemplo, vemos que na función 41 hai 817 millóns de euros máis. Ou en educación, que podemos ver como hai case trescentos millóns de euros máis. Tamén outra partida que se sinalou aquí mesmo, a 56, «Investigación e desenvolvemento e innovación», tiña 142 millóns de euros en 2009, e neste orzamento presenta unha dotación de 259,7 millóns de euros. Polo tanto, comparabilidade e rigor na comparación dos gastos.

Achegas e recursos orzamentarios para as comunidades autónomas. Falaba tamén a señora Rodríguez Rumbo da diferente saída da crise. Xa expliquei hoxe pola mañá que a gran crise financeira non é comparable á crise pandémica. Pero vir aquí mostrarse conforme coa repartición dos fondos covid e do resto dos fondos que repartiu a Administración xeral do Estado durante o ano 2020 e durante o ano 2021 é máis que discutible, porque Galicia non é precisamente unha das comunidades autónomas que se poida considerar beneficiarias nos criterios de repartición deste tipo de fondos.

Raramente chegaron ás consideracións que solicitaba a Xunta de Galicia, o Goberno de Galicia, respecto dos criterios de repartición destes fondos. E mesmo o fondo covid do ano 2021 cómpre lembrar que inicialmente se repartía en función do PIB, o que foi moi protestado



pola Xunta de Galicia, para rematar sendo repartido en función da poboación axustada, tal e como pedía a Comunidade Autónoma. Pero, en global, nos anos 2020-2021 sabemos que hai máis de seiscientos millóns de euros de diferenza entre unha repartición equitativa con base na poboación axustada, por exemplo, e as reparticións efectivas que se fixeron por parte do Goberno do señor Sánchez.

Contas para as persoas. Por suposto que os orzamentos e todos os que estamos aquí o que nos move é prestar bens e servizos para as persoas; non pode ser doutra forma. O que pasa é que estas contas deben estar pegadas á realidade, porque hai que financiar as diferentes políticas de gasto e porque este financiamento e estas políticas deben ser sostibles no tempo. Por iso facemos referencia ao rigor nas contas, pero non porque non esteamos pensando sempre cales son as necesidades dos cidadáns en cada política de gasto, dos cidadáns de Galicia.

En canto á subida e baixada dos orzamentos, sinala tamén o Partido Socialista que os orzamentos baixan, pero noutras partes da súas intervencións hoxe pola mañá tamén dicían que subían. Non temos moi claro se soben ou baixan, segundo o seu criterio. Primeiro din que o orzamento só medra nun 0,56 %, 64 millóns de gasto non financeiro respecto do 2021, pero logo, se miramos o orzamento consolidado, diminúen un 2,36, acaban de sinalar agora. E logo que medran respecto das deste ano grazas aos fondos que veñen do Goberno do Estado e da Unión Europea. É curioso que se defenda unha cousa e tamén a contraria.

Direilles algo: o vindeiro ano, os galegos imos ter por segundo ano consecutivo un orzamento o máis alto da historia de Galicia, que medra un 6,9 % superior ao do exercicio vixente, medindo o gasto non financeiro, que é o gasto que se pode dedicar á prestación de bens e servizos públicos. Non ten ningún sentido incluír aquí a partida que vai financiar a débeda que se amortiza, que este ano si que é certamente inferior á do ano pasado.

En canto ao gasto en publicidade e propaganda dos orzamentos, todos os anos falan da propaganda, e penso que é bo analizar cales son os gastos en propaganda. Os gastos en publicidade o vindeiro ano volven baixar, como fan todos os anos dende que presentamos os orzamentos. No 2022, os gastos en publicidade e propaganda baixan un 18,6 % respecto do 2021. Por certo, son uns sesenta e cinco inferiores aos que tiñan vostedes no 2009. Esta é a publicidade e propaganda dos orzamentos. *(Aplausos.)* É a única que poderán encontrar vostedes.

E logo tamén continuaban na súa exposición falando dos fondos finalistas dos orzamentos xerais do Estado, que se a liquidación negativa, que se o IVE de 211 millóns de euros, que se as finalistas do Estado. A liquidación negativa é a solución a un lío no que nos meteu o actual goberno, e non mudando o sistema de financiamento ou non excepcionando como se aplica a cláusula de salvagarda nos orzamentos da Unión Europea. O único que se fai é compensala, tal e como reclamou a Comunidade Autónoma de Galicia xa no Consello de Política Fiscal e Financeira do pasado ano.

O IVE de 211 millóns de euros págase a regañadentes, porque Galicia gañou unha sentenza, se non, non estaría aquí esta partida. E, por certo, aquí agora estase a discutir se o fondo covid que se aprobou no Congreso dos Deputados está a financiarse coa mesma partida coa que se vai pagar a sentenza. ¡Vostedes verán! A nós non nos preocupa, temos a sentenza na man e imos reclamar a súa execución. *(Aplausos.)*



Continúa falando dos fondos finalistas do Estado, que se medran cando o propio informe da Airef, que avalía os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, indica que estes baixan un 5 %. E, logo, inclúe os fondos de mecanismo de recuperación e resiliencia de React-EU que veñen da Unión Europea, ademais, tamén cunha repartición moi discutible, tanto no mecanismo de recuperación e resiliencia, que —como dixen esta mañá— debería repartirse cuns criterios equitativos para garantir unha saída cohesionada da crise e, en todo caso, inversamente proporcional á renda per cápita, e o React-EU, que ten unha repartición na que o Goberno de Galicia tamén protestou en repetidas ocasións porque apenas nos asignaron un 4,1 % dos 10.000 millóns de euros asignados ás comunidades autónomas, cuns criterios máis que discutibles, que, dende logo, non van axudar nada a unha recuperación cohesionada da crise.

No que atinxe aos fondos do novo marco financeiro plurianual, estes foron comunicados increíblemente a finais do mes de setembro, cando xa había varios meses que se coñecían cales eran as cifras asignadas ao Reino de España pola Unión Europea, e non están recollidos nos orzamentos. Nin sequera se poderían elaborar os programas operativos porque deberemos esperar a que a Administración xeral do Estado presente o acordo de asociación perante a Unión Europea. Pero xa estamos traballando nestes programas operativos, e presentaranse inmediatamente en canto se aprobe o devandito acordo de asociación.

Respecto da proposta fiscal que facemos hai que dicir que si, efectivamente, é unha proposta que afecta ao total dos contribuíntes cun imposto progresivo con imposto sobre a renda das persoas físicas, afecta a todos os tramos del, pero a rebaixa na tarifa do imposto afecta só aos tramos menores de 60.000 euros, é dicir, baixamos o tipo marxinal a todos os tipos, agás aos do 60.000 euros.

Como dixemos anteriormente, afecta a moitas rendas medias. Hoxe pola mañá fixen un exemplo de caso, como o que se fai en calquera escola de tributos do mundo, e poderíase ver que grandes ricos, como os traballadores da sanidade pública ou os profesores, co seu modelo se verían afectados cunha suba de impostos, e co noso veranse beneficiados do mesmo.

Esta mañá tivemos ocasión de debater e confrontar os modelos de política económica, e puidemos contrastar que existen posicións diferentes, como é lóxico. Obviamente, isto non ten que ser incompatible co esforzo de achegar posturas en certas cuestións co fin de enriquecer o proxecto que está en trámite parlamentario. Pero, claro, logo de analizar as emendas transversais dos grupos da oposición, resulta moi difícil poder chegar a acordos, xa que parten de premisas que non poden ser atendidas. Algunhas das propostas semellan moi interesantes pero deben ser realizables, deben ser realizables tanto pola parte do ingreso como pola parte do gasto; é dicir, debemos atender tamén cal é a súa fonte de financiamento.

Explicareime: existen varios motivos obxectivos para que o Goberno galego non poida aceptar estas propostas. En primeiro lugar, o primeiro rexeitamento do Goberno galego é a suba de impostos aos cidadáns, que é algo no que coinciden os dous grupos da oposición, aínda que con distinta intensidade —como dicía antes—, o Grupo Parlamentario do BNG e o do PSdeG. Lamentamos que a receita dos nacionalistas e dos socialistas ano a ano sexa a mesma, subirlles os impostos aos cidadáns e ás empresas. O Goberno galego aposta xusto



polo contrario, por baixar os impostos para que todos os galegos e as galegas poidan incrementar o gasto privado, e con iso axudar os sectores máis afectados pola crise sanitaria.

En canto ás emendas concretas existen tamén outros casos de imposibilidade para levalas á práctica. Moitas das partidas que tocan son partidas finalistas ou financiadas con fondos europeos, que teñen un financiamento aceptado e, polo tanto, non se poden deducir das asignacións onde figuran para financiar outros gastos que teñen unha natureza diferente.

Noutros casos eliminan proxectos ou recursos precisos para o funcionamento da administración e a prestación dos servizos públicos, cando esta administración é exemplo dunha xestión austera dos servizos públicos.

O primeiro que lles quero deixar claro é o rexeitamento do Goberno galego a subirlles os impostos aos cidadáns. Imos comezar polo PSdeG. Este grupo sobe os impostos en 171,5 millóns de euros. Señores do PSdeG, as súas emendas soben en 141 millóns de euros os impostos que xa existen, e en 30,5 millóns de euros máis novas figuras impositivas. O noso modelo é diferente: intentamos baixar impostos sempre coa intensidade que o permite a conxuntura económica, e, por suposto, tentamos non subilos. Ademais, consideramos que este non é o momento de incrementar os impostos aos galegos. ¿De verdade consideran que o incremento xeneralizado de prezos que estamos a vivir, sobre todo da enerxía, un momento axeitado para incrementar os impostos o momento actual? Nós —insisto—, non.

Por iso probamos novas rebaixas en IRPF, pero tamén en transmisións e patrimonio, e consolidamos as importantes rebaixas de impostos que xa temos vixentes en sucesións e coa Estratexia impostos cero no rural, das que xa se teñen beneficiado máis de setecentos vinte e un mil galegos e galegas. E o Goberno galego —reitero— non considera que este sexa o momento de subir impostos.

Analizamos unha a unha as medidas fiscais que propón o PSdG:

Piden que os galegos paguen 20,4 millóns de euros máis en IRPF. Non estamos de acordo. O que si lles teño que recoñecer é a súa coherencia, pois propoñen exactamente a mesma medida que o ano pasado; parece que non mudou nada.

Aumentar a escala autonómica para bases superiores a 50.000 euros, pero, de novo, sen fixar a mesma, polo que non podemos saber como calculan o seu impacto.

Quixera facerlles unha pregunta: ¿para os socialistas a partir de 50.000 euros un cidadán pode ser considerado rico, mesmo se ten varios fillos? Nós pensamos que non. O Goberno galego pensa de maneira contraria e considera que neste momento a mellor solución é que toda a cidadanía pague menos IRPF para que o incremento do gasto privado poida axudar os sectores máis afectados pola crise.

As rebaixas anteriores —porque lembro que é a terceira en oito anos— teñen demostrado que cos recursos liberados se fomentará un maior emprego e unha maior recadación. Os datos así o acreditan. Dende o 2015, ano anterior á rebaixa da tarifa do ano 2016, e ata a



campaña de renda de 2019, os declarantes no IRPF medraron en máis de setenta e nove mil, e a recadación aumentou un vinte e seis por cento. Para o vindeiro ano implantamos unha nova escala con tipos inferiores aos estatais e rebaixamos os tipos —como xa dixen— en todos os tramos, agás os de 60.000 euros, para beneficiar a todos os contribuíntes. Quero salientar que se trata dunha rebaixa progresiva dun imposto progresivo. Só con esta nova rebaixa, que é a terceira en oito anos, un fogar de dous contribuíntes aforrará de media 144 euros. Coas tres rebaixas aprobadas respecto de 2014, cada contribuínte galego aforrará de media en 2022 un total de 403 euros.

Piden que os galegos paguen 28,1 millóns de euros máis no imposto de patrimonio, e tam-pouco estamos de acordo. Propoñen de novo unha emenda idéntica á do ano pasado.

Neste caso, hai que lembrarllles, por un lado, que esta comunidade carece de competencia normativa para alterar o importe exento en concepto de vivenda habitual, que —como saben— está situado en 300.000 euros por declarante. Por outra banda, hai que sinalar que Galicia na actualidade ten a tarifa vixente no Estado e que é exactamente a mesma que apli-cou o Goberno bipartito entre 2005 e 2009. Pero para o 2022 fixamos unha bonificación do 25 % da cota, porque temos como obxectivo adaptarnos aos países da nosa contorna. Ao res-pecto tamén quero lembrarllles —como xa dixen hoxe pola mañá— que o PSOE, co Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, foi quen suprimiu este imposto.

Piden incrementar en 65 millóns de euros a recadación do imposto de sucesións, a do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, pero sen base para obter estas subidas. Non podemos aceptalo. E aquí quero determe, porque non sei se se decatan de que existe unha novidade nesta emenda en relación co ano pasado. A razón é que o PSOE tramitou unha lei antifraude, unha lei antifraude contra a que se ten pronunciado o Parlamento galego e a Comisión de Dereito Civil de Galicia, porque penaliza as herdanzas en vida. Por certo, un cambio legal que xerou unha importante alarma entre a sociedade galega. De feito, está aberta unha comisión bilateral entre o Goberno central e a Xunta de Galicia sobre este asunto. ¿Esta emenda quere dicirnos que nos van dar a razón ou responde a que é produto dun corte e pega do ano pasado? Non o sabemos ben, temo máis ben que se trata do segundo caso.

E por iso quero facer notar a incongruencia do seu grupo, que no Congreso dos Deputados penaliza as herdanzas en vida e van contra o dereito propio de Galicia, e no Parlamento au-tonómico presentan unha emenda para incluír máis ingresos, xustificada nunha suposta maior recadación dunha fórmula xurídica que penaliza. Agardamos non ter que acudir ao Tribunal Constitucional para defendela.

A súa explicación é que estes cálculos son en función das cifras e liquidacións coñecidas de períodos anteriores, e tendo en conta a súa previsible evolución nun contexto no que se po-sibilitan as herdanzas en vida derivadas da covid-19. Insisto: exactamente a mesma expli-cación que o exercicio anterior. Por tanto, permítanme que a resposta do Goberno galego tamén sexa a mesma.

En canto ás cifras e liquidacións, que xa son coñecidas no que vai de ano, teño que facerlles unha aclaración que xa é recorrente, pois cometen esa imprecisión cada ano. Estamos a falar



dos dereitos recoñecidos netos. Nesta cantidade están incluídos tamén os importes procedentes de anos anteriores, ben porque a Administración tributaria concedeu aprazamentos de pago, fraccionamentos de ingreso, ben porque o ingreso atopábase suspendido ou ben porque está en período voluntario de pago, que tal e como establece a normativa autonómica se anulan ao final do exercicio, polo que non poden ser tomados como referencia para fixar a previsión de recadación de cada exercicio.

Respecto das herdanzas en vida, que agora queren penalizar, existen dende a Lei do ano 1995 de dereito civil de Galicia, non é unha novidade, e a súa tributación está prevista no impacto do imposto de sucesións e doazóns.

En relación co imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, tal e como reflicte a Memoria de ingresos entregada a esta cámara, xa se está tendo en conta a evolución da actividade económica, cunha repunta esperada tanto no número de operacións como no valor das mesmas, e tendo tamén en conta o custo da rebaixa do tipo xeral da modalidade de transmisións patrimoniais onerosas nun dez por cento, do 10 % ao 9 %, co obxecto de acompañar a dinamización que se está a producir no mercado inmobiliario.

Finalmente, piden subirles os impostos aos galegos en 30,5 millóns de euros máis, esta vez coa creación de tres novos tributos. En concreto, pídesse a creación de tres novos impostos, exactamente os mesmos que xa se propoñían o ano pasado. Son un sobre grandes superficies comerciais, outro sobre as instalacións que inciden no medio como as de telefonía, telemática e as liñas de transporte e enerxía eléctrica, e outro sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera.

Un ano máis debemos facer unha advertencia previa: antes de analizar cada novo imposto temos que aclarar que a iniciativa de creación de novos impostos non debe tomarse á lixeira, porque calquera figura impositiva incardínase no sistema tributario e produce efectos que hai que estudar e debater. Por tanto, toda proposta debe ir acompañada dunha xustificación e dunha análise das súas implicacións.

Prenden outra vez recadar seis millóns de euros cun imposto autonómico sobre as grandes superficies. A súa proposta non vén acompañada de memoria xustificativa ningunha do obxecto de finalidade do imposto que se vai crear, nin da configuración dos seus elementos esenciais, nin das consecuencias da súa implantación. Para poder analizar a súa viabilidade debería sinalarse cal é a pretensión del. Tamén descoñecemos como calculan o impacto económico, polo que tampouco podemos entrar na súa valoración.

Prenden outra vez recadar 18 millóns de euros cun imposto sobre as instalacións que inciden no medio, como as de telefonía telemática e as novas liñas de transporte de enerxía eléctrica. Neste caso tamén descoñecemos como calculan este importe. Por iso se acudimos a outras comunidades autónomas que o teñen implantado, cos tipos impositivos aprobados, a recadación oscilaría entre 1 e 2 millóns de euros, e vostedes prevén 18 millóns. Polo que non parece aconsellable o establecemento dun imposto novo por esta contía, pola contía de 1 e 2 millóns de euros, evidentemente. Ademais, hai que ter en conta que vistas as últimas sentenzas do Tribunal Supremo, debe valorarse se é conveniente establecer figuras imposi-



tivas que poden ser repercutidas ao consumidor final, en especial co nivel de prezos do sector enerxético que estamos a ter nestes días.

E pretenden recadar, ao igual que o ano pasado, 6,5 millóns de euros cun imposto sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. Tamén neste caso descoñecemos como se calcula o importe; ademais, tampouco se aclara cales son os gases nocivos que se pretenden gravar. Ao respecto quero lembrar que en Galicia xa existe un imposto propio que grava as substancias contaminantes á atmosfera aplicable desde o ano 1996, o imposto sobre a contaminación atmosférica. Ademais, quero aclarar que a ampliación do feito imponible deste imposto a calquera outra substancia gravada noutras comunidades autónomas non reportaría en absoluto unha cifra como a que propoñen de 6,5 millóns de euros. Lémbrolles que a recadación actual do ICA é dun millón de euros.

Tamén nesta ocasión temos que rexeitar o aumento que propoñen do actual gravame polos aproveitamentos pola auga encorada, para recadar 6,5 millóns de euros. A súa forma de acción non ten en conta a natureza do gravame, pois trátase dun imposto ambiental. Un tributo de carácter extrafiscal dirixido á corrección e compensación de impacto ambiental. Por tanto, non cabe a súa modificación por motivos exclusivamente recadatorios. É máis: engadir outro tipo de feitos imponibles neste tipo de tributos o que fai é poñer en perigo a propia existencia do tributo.

En canto ás minoracións, explicarei por que non se poden efectuar na medida en que propoñen. Como xa avancei, teño que advertir que algunhas emendas son imposibles de aceptar porque non se poderían levar á práctica. Estoume a referir ás que diminúen partidas financiadas maioritariamente con fondos europeos ou con fondos finalistas do Estado, que non poden destinarse á alternativa que propoñen. Outras emendas non as podemos considerar porque reducen créditos para gastos de funcionamento. Unhas partidas que xa temos moi axustadas —como dicía— rebaixalas máis ou eliminalas poñerían en risco a atención e o servizo público á cidadanía. Vaiamos con casos concretos, como nos reclaman:

Reducir o gasto en persoal eventual. Como digo, é algo habitual, pero cos antecedentes do goberno bipartito e dos socialistas alá onde gobernan resulta máis que sorprendente. Deberían ter máis memoria. En 2009 en Galicia constituíron o Goberno máis caro da historia, e no Goberno central, tan pronto puideron, presentaron orzamento novo; o PSOE volveu constituír o Goberno máis caro da historia de España. Pero, señorías, vaiamos aos datos, fíxense: trece anos despois o gasto en altos cargos en persoal eventual é sensiblemente inferior ao do Goberno bipartito, e cun orzamento substancialmente menor, en concreto preto dun vinte por cento menos.

É sorprendente a proposición do PSdeG, porque pide xustamente o contrario do que fan. E para mostra un botón: o Goberno de Pedro Sánchez incrementou os gastos de persoal eventual nada máis e nada menos que no 49 % en relación co último goberno anterior. Non sei se presentaron algunha emenda no Congreso —como dicía antes— ao gasto de altos cargos e persoal eventual do Goberno de Pedro Sánchez, que é —insisto— o máis caro da historia de España. ¡Un pouco de seriedade e de coherencia, por favor!

Como preguntaba antes pola finalidade dos membros de gabinete que serven para reforzar a execución do mecanismo de recuperación, evidentemente, estas persoas ou esta persoa,



porque non se pode falar nin de persoas, como moito será unha por sección, o que deben facer é dirixir e monitorizar a boa execución dos gastos financiados co mecanismo de recuperación e resiliencia. Para xestionalos están os funcionarios de cada sección administrativa.

Tamén é recorrente que pidan rebaixar gastos en partidas ás que xa destinamos menos da metade da media que o anterior goberno. De novo, lémbrolles datos actualizados: gasto en material de oficina, baixámolo en máis dun cincuenta e un por cento dende o ano 2009; gastos en prensa, libros, revistas e outras publicacións, un 51,3 % inferior; os gastos en atencións protocolarias diminúen en máis dun cincuenta e un por cento; gastos en reunións, conferencias en curso, diminúen en máis dun corenta e nove por cento; os gastos en publicidade e propaganda reducíronse en máis dun sesenta e cinco por cento. Todo iso sen incluír o IPC.

Coido que son exemplos suficientemente claros da nosa política. Por unha banda, minoran as transferencias a entidades tamén como a Fundación Cidade da Cultura, Augas de Galicia..., pero non as achegas destes organismos, polo que non se ve o custo da oportunidade das políticas que están a aplicar. Como dicía, propoñen reducir recursos doutras administracións con financiamento finalista, como, por exemplo, en materia de eficiencia enerxética, protección e mellora do medio natural, conservación da biodiversidade ou melloras en equipamento nos centros educativos. Entenderán que non as poidamos aceptar.

E vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen. Unha das cuestións mais sorprendentes é que o PSdeG reclama un fondo covid para os concellos, e os socialistas negan este fondo ás comunidades autónomas. Piden un fondo covid para as corporacións locais, pero negan un fondo covid para as comunidades autónomas, que son as que teñen competencias máis directamente vencelladas coa crise pandémica, como a sanidade, a educación e a política social.

Neste sentido, a semana pasada votaron en contra desta posibilidade outra vez no Congreso, a pesar de que esta proposta tivo o apoio maioritario da Cámara Baixa. E tamén resulta significativo que o PSdeG pida máis recursos para as entidades locais cando o orzamento do vindeiro ano é o que máis cartos achega de toda a historia da Comunidade Autónoma, máis de catrocentos oitenta e oito millóns de euros, cun aumento nun só ano do 20 %.

Continuando coas súas propostas, logo repiten unha técnica que consiste en dedicar idéntica contía a distintos centros de saúde, 300.000 euros a todos sen distinción, sen ter en conta o seu tamaño, as súas características e a súa liquidación. É unha especie de todo a 300.000. E repiten este proceder no caso dos centros de día, neste caso estamos ante un todo a 200.000. Chascarrillos á parte, coido que a planificación dos centros sanitarios merece un maior rigor e unha priorización de necesidades. A repartición que fan os socialistas a pachas faina calquera. O Goberno galego destina a cantidade axeitada en función da fase na que se atopa cada proxecto. Por iso deseñamos un orzamento realista e crible.

Por outra banda, para o ano que vén o PSdeG propón deixar sen practicamente recursos a seguridade viaria, pois retira o 92 % —sí, ouviron ben: o 92 %— das partidas dedicadas a este fin. Xa sabemos que no Goberno central quere impoñer peaxes nas autovías, ¿quere isto dicir que tamén queren penalizar as estradas autonómicas con peaxes para a súa conservación? Non o sabemos, afortunadamente non o saberemos.



E un ano máis, no seu afán de deixar ao mínimo o fondo de continxencias de sanidade, réduceno na súa mínima expresión. De novo queren evitar calquera marxe de manobra para imprevistos nunha área esencial como a sanitaria e nunhas circunstancias como as que estamos a vivir. Propoñen tamén un plan galego contra a pobreza, totalmente de acordo con esta materia, como non podería ser doutro xeito. Pero quero lembrarlles que a Xunta xa dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas a persoas que máis o precisan, encadradas na Estratexia social de inclusión de Galicia e na Axenda social única, e os proxectos operativos para financiarlas con partidas aos orzamentos para o 2022.

E, finalmente, volven con anuncios de plans como o plan de retorno, ao que lle asignan a mesma contía que o ano pasado. Señorías, xa temos nos orzamentos unha partida de 5 millóns de euros reservada para actuacións como a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento do Retorno, que presta unha atención global e unificada ás persoas galegas retornadas e ás súas familias de cara á súa efectiva integración.

A modo de conclusión repiten nun noventa e cinco por cento as propostas de partidas para incrementar, pero os importes son inferiores aos do ano pasado para as mesmas actuacións. E todo isto nun contexto duns orzamentos cuxo gasto non financeiro medra en 752 millóns de euros. Entenderán que non podíamos aceptar as súas emendas.

E imos coas propostas do BNG. Á voceira do BNG hai que dicirlle tamén que, por suposto, estamos en contra de subirlles os impostos aos galegos en 123 millóns de euros, como é a súa intención. Vaíamos tamén analizando unha a unha as súas propostas en materia tributaria:

Reclaman que os galegos paguen 27 millóns de euros máis por IRPF. Non estamos de acordo. Ademais, vostedes nesta emenda propoñen subas a partir de 120.000 euros, pero curiosamente nas emendas parciais amplían o seu IRPF —se non lemos mal— ás rendas a partir de 35.200 euros. E parece que lles están subindo os impostos ás rendas medias, ¿non si? Pero reitérolles o dito ao grupo do PSdG: neste momento queremos que todos os galegos paguen menos IRPF, para que toda a cidadanía contribúa a que o incremento do gasto privado axude os sectores máis afectados pola crise de maneira prioritaria e á reactivación económica polo xeral.

Reclaman tamén que os galegos paguen 20 millóns de euros máis polo imposto de sucesións e doazóns. Tampouco estamos de acordo. E ademais teño que advertir que neste caso non indican a modificación que propoñen, polo que non é posible verificar o impacto calculado polo seu grupo. Coas remesas aprobadas tanto en 2016 como en 2020 o noso obxectivo deste imposto é manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica dunha familia cando falece un familiar directo. É unha medida que xa ten beneficiado a case cincocentos setenta e sete mil galegas e galegos, e queremos aumentar este número.

Reclaman que os galegos paguen 30 millóns de euros máis polo imposto sobre o patrimonio. Xa me referín á posición do Goberno galego sobre este imposto na contestación ao PSdeG. Pero é que, ademais, na proposta do BNG sobre a redución do mínimo exento e de elevación de tipos de gravame non se indica cal sería ese mínimo exento nin a tarifa para aplicar, polo que non é posible valorar se o impacto que calcula é correcto.



Igualmente, tampouco podemos aceptar a modificación que propoñen do canon eólico para ir recadar 25 millóns de euros máis, cun suposto cambio da estrutura do tributo considerando a potencia dos aeroxeradores como feito impositivo. Señorías, o primeiro que teño que aclararles é que o feito impositivo do canon eólico é a xeración de acepcións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio. E o segundo é que a modificación da estrutura tributaria dun imposto xa establecido ten que cumprir as mesmas restricións que para a súa creación e, por tanto, debe facerse unha análise da finalidade perseguida e da súa adecuación á legalidade vixente. Finalmente, ao non xustificar a súa proposta nin sinalar que tipo de imposición pretenden establecer, á marxe de soste-lo que o feito impositivo sexa a potencia, dificilmente se pode valorar. Con esta modificación están poñendo en perigo de novo a propia existencia do canon eólico.

Reclaman finalmente que os galegos paguen 21 millóns de euros máis pola creación de tres novos impostos: sobre as vivendas baleiras, sobre as grandes superficies comerciais e sobre as redes de alta tensión.

En relación co imposto autonómico sobre as vivendas baleiras, a proposta do BNG —ao igual que ocorre con outros impostos— non vén acompañada de memoria xustificativa ningunha do obxecto e da finalidade do imposto que se vai crear, nin da configuración dos seus elementos esenciais, nin das consecuencias da súa implantación. Unicamente se cuantifica o impacto da nova medida fiscal en 10 millóns de euros. Curiosamente hai un ano propoñían recadar unha cantidade máis de tres veces superior, 36 millóns de euros. ¿Que mudou? É unha diferenza substancial. Nós non o podemos saber porque —como xa dixen— non fan unha análise rigorosa desta proposta.

En Galicia aprobouse hai dous anos a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que regula o canon dos inmobles que sexan declarados en estado de abandono polo IGVS. Prevese que o inmovible sexa gravado nun 0,6 % sobre o valor catastral en caso de que fora declarado en ruína e dun 0,4 % no resto dos casos. Ademais, o canon increméntase nun dez por cento por cada ano en situación en estado de abandono. Non obstante, a cota estará bonificada nun noventa por cento para as persoas en risco de exclusión social. Os ingresos obtidos dedicaranse a actuacións de rehabilitación na área Rexurbe, na que se localicen os inmobles declarados en estado de abandono. O Goberno galego aposta por este modelo e non por un novo imposto, no que o BNG non explica a súa finalidade e que un ano pretende recadar unha cantidade e ao ano seguinte tres veces menos.

En canto á creación dun imposto sobre as grandes superficies, remítome ao que acabo de sinalar respecto da proposta do PSdeG.

Finalmente, sobre as redes de alta tensión, o BNG fai o contrario do que co das vivendas baleiras, pois incrementa a súa proposta de recadación sobre a do ano pasado, e pasamos de 800.000 euros a un millón de euros. Neste caso tamén descoñecemos a estrutura da imposición que se formula ou como se calcula o importe. Pero, de novo, acudindo aos tipos impositivos doutras comunidades autónomas, oscilaría entre 1 e 2 millóns de euros. Co cal non parece moita riqueza establecer un imposto desta contía, e de novo sería conveniente recoller unha memoria económica e unha análise de custo-beneficio da aplicación desta figura tri-



butaria. Ademais —como xa me referín—, as últimas sentenzas do Tribunal Supremo fan que se deba valorar convenientemente fixar figuras impositivas que poden ser finalmente repercutidas ao consumidor final.

Tampouco podemos estar de acordo na súa formulación de incluír neste momento 295 millóns de euros adicionais para o React- EU. Vostedes fían esta contía tan significativa a unha negociación do Goberno central, pero é que todos os importes do React-EU están xa repartidos. O React-EU —como dixen esta mañá— estaba formado por unha dotación ao Reino de España de 12.400 millóns de euros, dos cales a Administración xeral do Estado quedou con 2.400 millóns, basicamente para financiar as vacinas, e 10.000 millóns asignáronse ás comunidades autónomas. Por tanto, non sei que negociación imos impulsar.

¿Realmente cren que o Goberno galego nos vai transferir 295 millóns de euros máis de React-EU cando o total previsto para Galicia na súa repartición actual son 411 millóns? Nós pensamos que non, e nós pensamos que estamos a pintar recursos para poder debullar unha especie de políticas de gasto que son ficticias e non se corresponden coa realidade. E logo acúsannos de ser contables, pero é que hai que manter un pouco de rigor nos ingresos e nos gastos que se propoñen porque, se non, non estamos perante un problema económico —que lles gusta a vostedes—, estamos ante un problema exclusivamente político, de ideas. Pero —como dixen antes— as políticas de gasto hai que pagalas.

Sobre as minoracións que formulan, en relación coa rebaixa de gastos en persoal de gabinete e gastos inmateriais, remítome ao xa respondido ao PSdeG. Vostedes tamén formaron parte do Goberno máis caro, con máis altos cargos, con máis consellerías e co maior gasto en asesores da historia de Galicia. E preguntolles o mesmo que ao PSdG: ¿emendou o BNG os orzamentos xerais do Estado para diminuír os gastos en persoal eventual? ¿Ou parécelles ben que Pedro Sánchez os subise máis dun corenta e nove por cento? Parece que hai un pouco de dobre vara de medir. E a mesma política levan a cabo nas medidas de gastos inmateriais, que agora están reducidos á metade, pero aínda así lles parecen moito.

Ao igual que o PSdeG, en ocasións piden detraer recursos de partidas correspondentes a fondos finalistas ou europeos para destinalos a outras finalidades que non se corresponden co seu destino, polo que —como xa expuxen— serían de imposible aplicación. E son bastantes veces nas que se emprega esta técnica de imposible aceptación. Ademais, en non poucas ocasións cometen unha incorrección tamén recorrente, que é nun primeiro intre diminuír as actuacións de transferencias a entidades e organismos autónomos, pero, sen embargo —como o PSdeG—, logo non axustan os orzamentos deses organismos autónomos, co que non podemos apreciar cal é o custo da oportunidade das súas políticas e das súas emendas. Só por poñer algún exemplo, isto pasa coas contas da Fundación Cidade da Cultura, a Camilo José Cela ou da Axencia Galega de Infraestruturas, entre outras entidades, pero poderíamos referirnos a máis.

Ademais diminúen as partidas para entidades locais en 12,3 millóns de euros. Entendo que para o 2022 este goberno lles transfere máis recursos ca nunca, pero non estamos de acordo en rebaixalos.



Por non citar a baixada de 4 millóns de euros que propoñen para a xustiza. O que semella un pouco incoherente, porque o BNG nas súas declaracións sempre pide reforzar a xustiza, pero nas súas emendas reduce a súa partida.

Ademais, retiran recursos para o ensino concertado, pero non sei se son conscientes de que detrás desta decisión están as nóminas de 6.930 profesores. E propoñen, sen embargo, crear unicamente mil prazas para o ensino público no seu fabuloso plan, é dicir, quedámonos na faldriqueira con 5.900 prazas de profesor, ou sexa que para cada praza nova que propoñen crear eliminan case sete. ¡Vaia maneira que ten o BNG de reforzar o ensino! (*Aplausos.*)

E xa sabemos que non lles gusta o Xacobeo, pero, de verdade, non é bo quitarlle recursos á promoción porque achega moita riqueza a Galicia. Reúnanse cos sectores económicos e díganlles que o Xacobeo non é bo para Galicia e para as súas actividades.

E non quero estenderme moito máis, pero quero citar algo no que si coinciden o BNG e o PSdeG: en quitar os cartos para a conservación de estradas. ¿Tampouco quere o BNG arranxar as estradas para que sexan seguras? ¿Tamén lle parecía ben máis peaxes para a súa conservación? Estaría ben que o clarexaran.

Un ano máis o BNG quere retirarlles recursos aos sindicatos. No debate do ano pasado xa lles advertiu o conselleiro Valeriano Martínez que aceptar unha emenda deste tipo deixaría practicamente sen recursos as centrais sindicais. E nós cremos no papel dos axentes sociais para o deseño das políticas que deben levar a Galicia ao progreso.

Ademais, non entendo o que queren facer coa Risga, pois en dúas emendas minoran 40 e 10 millóns de euros, respectivamente, os recursos para este fin. E noutra poñen 50 millóns de euros na mesma aplicación orzamentaria. Tan só cambiando o nome de Risga por Plan de loita contra a pobreza e creación dunha renda galega de inclusión social.

E en canto aos aumentos previstos, moi brevemente algún comentario. A proba da inconsistencia das súas emendas é o feito de que, por un lado, piden un plan de atención de saúde mental e, por outro, minoran a partida xa prevista no Plan de saúde mental poscovid, dotada polo Sergas en 8,2 millóns de euros. Idéntica estratexia realiza o BNG cando propón un Plan de I+D+I no sector agrícola, que detraen os fondos do Plan xeral de I+D+I e da Estratexia de I+D+I de GAIN. Non semella ser moi serio.

Finalmente, hai unha serie de emendas nas que retiran recursos precisos para o bo funcionamento dos servizos públicos. Podería poñer máis exemplos, pero un xa pode servir para entender que non podemos apoialas. Propoñen un programa de captación e retención de talento. E ata aquí totalmente de acordo, todo o que sexa reforzar estas partidas. Pero non se é á custa de retirar os recursos da sanidade pública, en concreto de material sanitario imprescindible, para poder prestar este servizo. Retiran o 50 % dos consumibles deste material. Non sei se pretenden que a xente vaia ao centro de saúde coas gasas no bolsillo. Creo que son exemplos suficientes para xustificar que non podemos aplicar estas propostas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A min non me fai ningunha graza.



Para ir rematando, señorías. Analizando con detalle as súas emendas, tanto as do BNG como as do PSdeG son diferentes, pero teñen algo en común que fai que non as poidamos aceptar. En canto ao aumento dos ingresos, rexeitámolas porque ou ben soben os impostos que xa temos, aínda que non nas mesmas contías, ou crean novos impostos, e normalmente sen concretar suficientemente o seu alcance e como se calcula a suposta recadación.

En canto ás minoracións de gasto, só coinciden nunha cousa, en retirar os fondos finalistas do Estado ou fondos europeos que fan inviables as emendas que formulan con estes recursos, porque teñen unha finalidade concreta e non poden adicarse a outra cousa.

E nos aumentos de gasto, sen estar en contra de moitos, porque sempre está ben reforzar todo o que se poida, especialmente os servizos públicos fundamentais, nalgúns casos proponen plans que xa están previstos e noutros financian estes incrementos de gasto con partidas necesarias para a prestación dos servizos públicos á cidadanía.

Por todas estas razóns e porque, como é normal, queremos manter as prioridades orzamentarias do noso modelo, temos que rexeitar as formulacións que poidan afectar os nosos obxectivos, que son fortalecer a recuperación económica e reforzar o crecemento san descrito esta mañá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos agora á rolda do grupo parlamentario non emendante, por un tempo de dez minutos.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

A verdade é que estamos nun debate ben curioso, porque o certo é que, teoricamente, tiñamos que debater as emendas transversais que presentaron os dous grupos da oposición, pero estes non falan das súas emendas transversais, aínda que puidemos coñecelas da man da réplica que deu o conselleiro de Facenda sobre esas emendas transversais que os grupos da oposición nin sequera presentaron. Eu teño que dicir que, logo de escoitar as explicacións do conselleiro, entendo que vostedes non falan das súas propias emendas transversais. (*Aplausos.*)

E logo de escoitar as súas intervencións e logo de escoitar esta mañá a intervención da delegada de Bildu en Galicia e da sucursal de Ferraz no noroeste de España, (*Murmurios.*) eu teño que dicir que temos aquí unha oposición negacionista. ¡Unha oposición negacionista! Negan a realidade dos orzamentos, duns orzamentos que son bos para Galicia, e néganlle, ademais, a Galicia a oportunidade de saír adiante neste tempo de crise, nesta tripla crise: a



sanitaria, a económica e a terceira ¿cal é? A que nos provoca na nosa comunidade a xestión do Goberno de España.

Señora Rodríguez Rumbo, falou vostede da crise anterior e do Goberno de Mariano Rajoy. E permítame unha corrección: a gran recesión —como a chamou vostede— quen a provocou foi un goberno socialista, o Goberno de Rodríguez Zapatero, nesa xestión ata o ano 2011. Esa é a realidade.

Foi ese goberno, por certo, o primeiro goberno en España que lles baixou o soldo a todos os funcionarios do noso país, o primeiro Goberno de España... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, non, non bote as mans para arriba—, o único goberno en España que lles baixou o soldo a todos os funcionarios de España e o primeiro goberno que en España conxelou as pensións. Polo tanto, cando fale vostede da gran recesión, recorde que quen a provocou foi o Goberno do seu partido. (*Aplausos.*) E recorde que quen sacou a España desa crise económica foi o Goberno de Mariano Rajoy. Tiña vostede razón en algo que dixo: en que non é o mesmo que gobernen uns a que gobernen outros. É verdade, cando gobernan os socialistas, meten o país nunha crise e destrúen moitísimos postos de traballo, e cando goberna o Partido Popular, sacamos o país da crise e xeramos postos de traballo. Efectivamente, non é o mesmo que gobernen uns a que gobernen outros.

Vostede non quixo falar das súas emendas transversais, pero si falou da campaña de vacinación. E claro que si, a campaña de vacinación foi un éxito do goberno das comunidades autónomas. O único que fixo o Goberno de España foi pegar pegatinas nos palets enviados pola Unión Europea. Ese é o gran éxito do seu partido. O éxito da campaña de vacinación foi realmente a xestión rigorosa, seria e responsable dos servizos de saúde das dezasete comunidades autónomas do noso país.

Xa llo dixo o conselleiro de Facenda: ¿como se atreven vostedes, dende as filas do Partido Socialista, a falar de asesores e de persoal de confianza? ¡Pero como se atreven! Vaia á he-meroteca. (*O señor Tellado Filgueira le uns titulares de prensa.*): «*El gasto del Estado en asesores a dedo se dispara un 52 % desde la llegada de Pedro Sánchez.*» «*Pedro Sánchez bate el récord histórico en asesores, 4,8,3 millones de euros.*» «*El Gobierno del PSOE y Unidas Podemos acumula ya más de 1.200 asesores a dedo.*» (*Murmurios.*)

¿Como vén vostede criticar a unha Xunta de Galicia que ten menos asesores que cando gobernaban vostedes na Xunta de Galicia? (*Aplausos.*) Non lle tomen o pelo á xente, porque a xente xa non cre en vostedes.

Señores do BNG, aplíquense o conto. Sei que non lles gusta que lles falemos do Bipartito e me vai dicir que vostede era unha nena daquela. E felicítola, porque iso quere dicir que vostede é moi nova; eu non. Pero se non quere que falemos do que facían cando gobernaban na Xunta de Galicia, permítame que lle fale do que fan agora onde gobernan.

Miren, acaba de dicirme a compañeira Elena Candia. Teñen en Lugo os gobernos máis caros da historia, nos que participan vostedes. Téñeno no Concello e téñeno na Deputación. Fíxense se son os máis caros: teñen na Deputación de Lugo máis asesores que alcaldes en toda a provincia. Ese é o Bloque Nacionalista Galego. Debería darlles vergonza. (*Aplausos.*)



E, señora Presas, algo que non podemos tolerar é a súa crítica —a súa, non, senón a do seu partido, a do seu grupo parlamentario— á nosa política social. Nós estamos tremendamente orgullosos da política social que facemos. ¿E sabe por que? Porque duplicamos o número de prazas sociais dende que chegamos ao Goberno.

Centros de día: cando gobernaban vostedes, 983; hoxe, 3.850. Prazas en centros de alzhéimer: cando gobernaban vostedes, 230; hoxe, 520. Vivendas comunitarias: con vostedes había 80; con nós, 104. Prazas en residencias: con vostedes, 5.500; con nós, 8.000. Con vostedes é un dicir, porque esas son as prazas que puxo en marcha o Goberno de Manuel Fraga; vostedes non puxeron case nada en marcha. Pero o que quero dicirllas é que en bonos de libranza: cando gobernaban vostedes, había 855; con nós, 7.000 bonos de libranza. Casas do maior: con vostedes, cero, nin unha..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non había; con nós, 455 prazas. Prazas de discapacidade: con vostedes, 4.300; con nós, 5.500. Prazas totais cando gobernaba o Bipartito, 12.000; prazas totais na actualidade, 25.000, e seguiremos creando máis, ¡moitas máis! (*Aplausos.*)

Mire, con nós o gasto social representa o 74 % do orzamento da Xunta de Galicia; o 74 % do gasto adicado a sanidade, a educación, a política social e a políticas activas de emprego.

Estamos tremendamente orgullosos de ser o goberno máis social da historia da nosa autonomía. E esa é unha bandeira que a nós non nos van quitar.

Falan vostedes permanentemente de recortes, e eu teño que dicirllas: ¿que recortes? ¿Pero que recortes? ¡Se os orzamentos adican en gasto social, o ano 2022, 600 millóns de euros máis que neste ano 2021!: 269 millóns máis en sanidade, 179 millóns máis en educación, 126 millóns máis en políticas sociais e 37 millóns máis en políticas de emprego.

Miren, eu voules falar das súas emendas, das emendas que vostedes non presentaron. E non as presentaron porque o seu traballo non foi serio. Vostedes utilizan as emendas de anos anteriores, e este debate xa o tivemos o ano pasado nesta Cámara e tamén na Comisión 3ª. As explicacións que deron naquel momento as voceiras dos grupos da oposición eran que as emendas eran simbólicas. Elas ben saben que non son aplicables. Se aplicásemos as súas emendas, a Administración pública galega pecharía o 1 de xaneiro: non habería profesores, as consellerías non terían os medios materiais nin humanos necesarios para poder funcionar... Pero a vostedes dálles igual porque entenden que a súa oposición pode ser unha oposición irresponsable e imposible, porque vostedes saben que non están capacitados nin preparados para gobernar, e, polo tanto, as súas emendas son meramente simbólicas. A vostedes parar a Xunta de Galicia non lles importa absolutamente nada.

E quero adicar os últimos minutos da miña intervención a falar das emendas en concreto que presentan os grupos da oposición.

Miren, os deputados do BNG son como os vellos roqueiros retirados. (*Murmurios.*) Só sacan discos recompilatorios. As súas emendas son un compendio de vellos éxitos do Bloque Nacionalista Galego:

Primeiro. Deixar case sen orzamento os gabinetes de persoal eventual das consellerías.



Segundo. Deixar sen fondos para a compra de material de oficina os traballadores públicos.

Terceiro. Deixar sen pagar os salarios dos profesores do ensino concertado.

Se aquí gobernase o Bloque Nacionalista Galego ou nós lle votásemos a favor das súas emendas, o 7 de xaneiro cando volvan os rapaces á aula, se van a un centro concertado, atoparían que non hai profesor porque a Xunta de Galicia xa non pagaría as súas nóminas. Ese é a moderación da nova lideresa do Bloque Nacionalista Galego, inspirada supoño tamén pola moderación de Bildu. ¡Vaia referentes que teñen vostedes!

Miren, chama a atención porque vostedes falan dun gran fondo de atención primaria e, ao mesmo tempo, lle restan fondos á atención primaria doutras partidas. Polo tanto, o que meten por un lado quítano polo outro. Vostedes o que fan é un xogo malabar que, ao final, trata de enganar a todo o mundo.

Miren, para crear este fondo, vostedes laminan o funcionamento da metade dos servizos públicos de Galicia e queren pechar a práctica totalidade dos edificios públicos: eliminan todos os investimentos en turismo —vese que volveu a campaña de «Racha co Xacobeo»—, pechan todas as fundacións culturais dependentes da Xunta de Galicia, laminan os investimentos en accesibilidade para persoas con necesidades especiais, bloquean todo o gasto en enerxía e combustible dos edificios públicos —ja pasar frío!—, cancelan os gastos en seguridade e limpeza dos edificios públicos e ata pechan a Axencia Galega de Emerxencias. ¡Aquí cada un que se apañe!

Señorías, se lles fixésemos caso, vostedes pecharían a Xunta de Galicia a 1 de xaneiro. Non sei se esta emenda é produto da desidia do grupo ou da falta total de sentido común ou de experiencia de goberno, probablemente do desánimo que reina nesas bancadas.

Miren, recortes en sanidade. É que vostedes presentan recortes en sanidade nas súas emendas: 65 millóns menos para material sanitario —esa é unha delas— para investir na recuperación da pesca de baixura; quitan outros 30 millóns do Hospital de Vigo para unha suposta Mesa pola enerxía; detraen outros 10 millóns de euros en sanidade, que destinan a unha reformulación do Xacobeo; recortan outros 30 millóns de euros, que destinan a converter o Igape nunha banca pública galega. A vostedes pódelles o sectarismo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e o dogmatismo por riba do pragmatismo e da defensa dos intereses dos galegos.

Recortes sociais. Miren, é que vostedes presentan unha emenda que supón eliminar 42,6 millóns de euros que lles quitan ás residencias públicas de maiores de Galicia..., (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o que suporía deixar sen praza nas residencias públicas a un de cada catro maiores de Galicia. ¡Hai que ter moita cara...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para plantexar iniciativas como esta! (*Murmurios.*)

Miren, non contén con nós...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O certo é que consumín todo o tempo falando do Bloque Nacionalista Galego... (*Murmurios.*) e puiden adicar moi pouco a falar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...do Partido Socialista. Agardo que o conselleiro, na súa intervención, poida suplir este vacío que, pola repartición de tempos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...tan inxusta co grupo maioritario, non puiden desenvolver.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Se me dan tempo, métome, jeh!

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, a verdade é que é curioso porque vostede cada vez que sae aquí debe pretender que a oposición veñamos aplaudir o Goberno. A verdade é que é bastante curioso.

Mire, nós temos outra forma de entender a política e, polo tanto, temos o mesmo dereito de vir aquí plantexar cal é a nosa alternativa ao Goberno do Partido Popular. E vostede ten que respectar e non vir aquí dicindo que non facemos ben o noso traballo, que non o sabemos facer e pouco menos que somos unha panda de incompetentes. Polo tanto,



non llo permito e que sexa a última vez que se expresa neses termos. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, señor conselleiro, a verdade é que eu creo que parte do seu debate é un tema que vai ser debatido no próximo debate, que é no da Lei de medidas fiscais e administrativas. Pero, en todo caso, está ben, vostede ten tempo ilimitado, cousa que nós non temos e, polo tanto, pode repetir novamente moitas das cousas que nos acaba de dicir.

Eu a verdade é que esperaba que vostede non caera no mesmo erro no que se caeu durante todos estes anos —polo menos, durante os doce anos que vostedes levan gobernando—: o de que moitas veces aluden a esa man tendida, a ese consenso do que moitas veces falan pero que nunca practican. Pois esperaba, neste caso, que mudara e que realmente aproveitara esta ocasión para chegar a un acordo e realmente facer efectiva esa man tendida.

E mire, tamén me parece curioso —en vostede tamén, e no señor Tellado xa é habitual— que nos veña falar novamente do Bipartito. O Bipartito gobernou nun territorio e unha po-boación nun momento determinado, que pouco ou nada teñen que ver co momento actual, e foron moitos os acertos dese goberno bipartito. Se hoxe seguira gobernando ese goberno bipartito... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Non lle chegou o tempo? *(Risos.)* Ben, pois a nós tampouco. *(Aplausos.)*

Se estivera gobernando ese goberno bipartito, asegúrolle que a sanidade estaría blindada como servizo público, universal, gratuíto e de calidade; a educación sería un servizo universal, gratuíto e de calidade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e as políticas sociais atenderían as necesidades existentes na nosa sociedade, fundamentalmente para aquelas familias máis vulnerables.

E mire, señor Tellado, ¡só faltaría que doce anos despois houbera menos centros de día, que once anos despois houbera menos centros para atención ás persoas maiores e que doce anos despois houbera menos escolas infantís! A verdade é que vostedes non asumen que en doce anos non fixeron todo o que poderían ter feito. Non o fixeron, señor Tellado, ¡non o fixeron! E, polo tanto, sempre teñen que estar comparando con doce anos antes, con outra realidade e con outro momento.

Señor conselleiro, vostede falaba dos gastos en publicidade e propaganda, e eu recórdolle o que di o propio Consello de Contas: que son excesivos e que se esconden detrás do inmaterializado inmaterial. Non o digo eu, dío o Consello de Contas. Polo tanto, deberían de atender moitas veces as cousas que lles di o Consello de Contas.



E mire, se falamos de beneficios fiscais, eu creo que vostedes son moi exixentes respecto dos ingresos alleos, pero bastante restritivos respecto dos propios. Os socialistas cremos que, se se gana moito máis, se debe contribuír algo máis para fortalecer o Estado de benestar. E nestes momentos nos que se precisan máis ingresos, os que teñen moito máis deberían de contribuír tamén moito máis, sobre todo cando sabemos que a fenda das rendas máis altas respecto das máis baixas se incrementou durante esta crise.

Tamén lle digo, señor conselleiro, que non atende novamente as recomendacións do Consello de Contas, e fan un estudo dos indicadores para comprobar a efectividade das rebaixas fiscais que vostedes ano tras ano anuncian con moita publicidade e propaganda e para ver exactamente a quen están beneficiando máis, ¡a quen están beneficiando máis! Porque vostedes falan dunha rebaixa no IRPF que non favorece máis as clases máis baixas. Un euro ao mes non é favorecer a ninguén; un euro ao mes é simplemente para que quede ben no seu anuncio propagandístico e nos documentos que vostedes presentan. Non están favorecendo as clases... Non, non, non; non están favorecendo as clases máis necesitadas, están favorecendo sempre as clases máis altas e os que máis teñen, ¡os que máis teñen! (Aplausos.)

Pois a emenda que presentamos os socialistas e da que falaba o señor Tellado intenta mobilizar 466 millóns de euros. Porque nós, os socialistas, sabemos que sanidade e economía van da man; polo tanto, pretendiamos mobilizar máis de 115 millóns de euros para reforzar a atención primaria, o persoal de atención primaria e o persoal de especializada, un plan de saúde mental absolutamente necesario, a promoción de hábitos saudables e contra os trastornos aditivos ou a loita cada vez máis preocupante contra a adicción ao xogo e ás apostas.

En educación mobilizaríamos máis de 79 millóns de euros. ¿Para que? Pois para comedores escolares, aumento do profesorado, prevención do abandono escolar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...renovación informática, gratuidade nas taxas universitarias, incremento das becas para o alumnado universitario e rehabilitación e mellora de centros de educación especial.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En políticas sociais, aumentaríamos —remato xa, señor presidente, déixeme medio minuto, dos que me interromperon eles coas súas intervencións—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, xa está pasado, mire para o cronómetro.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...46 millóns de euros para reforzar o persoal en inspección e en centros residenciais e de día, a gratuidade de 0-3 anos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...dende xaneiro de 2022, incrementar as partidas para servizos en atención ao fogar...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...a mellora da Rede galega de atención temperá, o reforzo do equipo de valoración de discapacidade e un plan real de loita contra o... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Xa rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Tellado, agradecida e conmovida de que nos teña nos seus pensamentos e de que nos dedique o seu tempo. Creo que é síntoma de que imos polo bo camiño, facéndolles oposición.

Pero mire, todos os anos nos di que non falamos da nosa emenda. Eu recomendaríalle que lave os oídos ou que cambie o folio, porque nós si que falamos desa emenda, mal que lle pese. *(Aplausos.)* En todo caso, do Bipartito, xa sabe, cando queira, facemos un debate monográfico sobre el. Unha nena, non. Eu non votei porque son de outubro, pero non se preocupe que nas miñas carpetas do instituto xa ía chea de pegatinas do BNG e de Galiza Nova. Non se preocupe. *(Aplausos.)*

E mire, nós estámolle moi agradecidas porque as deputadas máis novas desta bancada, que non vivimos con intensidade militante ou con responsabilidades políticas, a época do Bipartito, grazas a vostedes facemos un gran máster continuamente. Eu xa me sinto como se estivera gobernando naquel momento. ¡Agradézollo moito! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E, ademais, dígolle unha cousa: canto máis tempo pasa e máis obsesionados seguen vostedes cun goberno de hai doce anos, máis convencidas estamos de que foi o mellor que lle pasou a este país, ¡máis convencidas estamos! *(Aplausos.)*

En todo caso, por traer ao debate un pouco máis o ano 2021, se quere, en lugar de enredar falando de bipartitos que si funcionan e moi ben, mal que lles proa, como o de Lugo, podemos



falar do que non funciona, como ese bipartito letal que sosteñen vostedes en Ourense. (*Aplausos.*) Se queren, podemos falar diso. Ou podemos falar máis sobre esas emendas que tanto lle molestaron de política social. Insisto no que insistía Ana Pontón hoxe pola mañá: pouco lles recortamos a esas partidas que serven para drenar —nomeadamente a do DomusVi— e que, aínda por riba da que vostede citou, quedaría máis da metade para chegar ao total co que vostedes dopan as empresas privadas cun modelo (*Aplausos.*) co que pasou o que pasou durante a pandemia da covid-19. Claro que hai que recortar aí, claro que hai que apostar polo sistema público de atención á velez. Claro que si, e niso seguiremos insistindo, señor Tellado, mal que lle pese. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*)

En todo caso, vou contestar a algunha das cuestións que puxo enriba da mesa tamén o señor conselleiro. Política impositiva, si. Efectivamente, nós pensamos que, nun momento de crise económica e de falta de recursos como o que estamos, hai que subirle os impostos a quen máis ten. É a única forma que hai de redistribuír a riqueza, e reafirmámonos niso.

Vostede fixo un repaso variopinto polos impostos que presentamos. Evidentemente, nós non gobernamos, non presentamos unha memoria económica. En todo caso, se o problema é que facemos moi mal as emendas, hai unha solución. Aínda sen ir máis lonxe, no pasado debate do estado da Nación, propuñamos facer unha mesa de estudo sobre como ten que afrontar, por exemplo, Galiza a fiscalidade verde, onde vostede sabe, ademais, perfectamente que aquí hai unha operación de recentralización por parte do Estado diante da que a Xunta non quere exercer a súa capacidade normativa nin tampouco está reaccionando. Entón, sentemos a discutir que marco impositivo necesita Galiza para ter máis recursos no marco desa fiscalidade verde. Desde logo, nós estaremos aí. En todo caso, cando menos, non falte á verdade.

Canon eólico: base impositiva, artigo 14.1 da lei e esas unidades de aerogeradores. Se non mudan o modelo, é simplemente porque están do lado do lobby eléctrico. (*Aplausos.*)

En todo caso, falaba vostede tamén —nun ton xeneroso e cordial; herdanza, estou segura, do noso añorado Valeriano— de facer un esforzo por achegar posturas. Ben, como pose, está ben, pero, claro, vostede fuxiu precisamente do fondo do debate orzamentario. É que é un debate de fondo político e non técnico. E veremos, porque entendendo e asumindo que, evidentemente, unha emenda de devolución e transversal vostedes non a van aceptar, xa podemos vaticinar aquí cal vai ser o resultado das máis de 400 emendas parciais do BNG. Eu estou convencida de que van argumentar o mesmo, cando habería marxe para transaccionar e para chegar a acordos. Se tan mal facemos uns as emendas e tan boas ideas temos, como nos dixo vostede, podíamos aproximar algunha cuestión. Pero a realidade é que non, porque o problema de fondo é político. Porque se vostedes, por exemplo, están de acordo con que hai que destinar 1 de cada 100 euros á loita contra a violencia machista, discutamos como aquilatamos iso nas emendas. Se vostedes queren revertir o recorte de profesorado, porque quen recorta o profesorado non é o BNG nunha emenda aos orzamentos cunha manipulación burda sobre a concertada, quen recortou 2.500 profesores foron vostedes (*Aplausos.*) —que llo di o Consello de Contas no seu último informe— desde o ano 2009. Ese é o recorte que hai. Se quere revertelo, pois negociemos as emendas.



E por cuestión de tempo, teño que ir reducindo, porque, claro, ao señor Tellado élle pouco, pero aos grupos que emendamos énos menos aínda, calibrando esforzo e tempo.

O mesmo respecto da risga. Claro que queremos cambiar o que non funciona, claro que queremos cambiar —se agora hai un ingreso mínimo vital e vostedes en dous anos non foron quen de traer un proxecto para facer compatibles as dúas axudas— e ir a un modelo máis ambicioso e que non sexa de caridade, senón de horizontalidade e de facer máis libres os cidadáns deste país. E claro que temos moitas máis propostas doutros ámbitos nos que xa non pode entrar.

Polo tanto, a cuestión do debate orzamentario é a de sempre. Hai modelos políticos diferentes, disfrázase este debate dunha cuestión técnica, cando o que non son vostedes quen de xustificar son moitas das ausencias que nós sinalamos nas nosas máis de corenta propostas concretas, e os seus orzamentos non incorporan nin o máis mínimo atisbo de cambio, porque o único que pretenden é volvernos á foto que tiñamos en 2019. Polo tanto, está disfrazado de debate técnico e, grazas a súa maioría...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...esta emenda será rexeitada, pero nós seguiremos insistindo.

E remato, agora si, señor presidente.

Esta semana deixounos Darío Xohán Cabana, que foi moito máis que un poeta para este país, e quero despedilo, señor Corgos, cun pouco de poesía.

Dicía Daría Xohán Cabana no seu poema aquilo de: «Venceredes vós./ Pero nosoutros/ temos da nosa parte/ os carballos de abril.». Polo tanto, neste debate, venceredes vós, pero nós seguiremos insistindo, porque estamos convencidas de que é o mellor para este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de peche, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señorías, polas súas aportacións.

Imos pechar esta parte do debate referente ás emendas transversais.

A min gustaríame pechar en positivo. Non sei se gusta ou non gusta, pero eu penso que temos que intentar chegar a acordos. O que pasa é que as emendas, evidentemente, nesta parte do debate



non se van aprobar, pero nas parciais dependerá destas. Se son as de todos os anos, pois, como dicía Einstein —que era unha persoa que sabía algo do método científico—: se queres un resultado diferente, terás que intentar realizar un experimento diferente. Se sempre realizamos a mesma proposta ou experimento, o resultado, lamentablemente, será o mesmo.

Dicía que non vou entrar porque non engadiron ningunha información adicional sobre o contido das emendas ás que fixen alusión inicialmente. Penso que dedicaron máis tempo a falar do Bipartito, increíblemente, (*Protestas.*) que das súas emendas, o cal é certamente preocupante. Pero, bueno, ¡alá vostedes mesmos!

Rematamos este amplo debate, como dicía, no que tivemos ocasión de debater sobre moitas propostas e cun intercambio de opinións e suxestións que coído moi proveitoso, pero, polos argumentos que expuxen, non podemos aceptar as súas emendas, porque se trata de vencer pero tamén de convencer, señora Presas.

Evidentemente, sabemos que todo é mellorable e que non temos toda a razón, pero igualmente debemos aplicar o noso modelo orzamentario que —reitero—, como xa expuxen pola mañá, consideramos que está sendo útil para consolidar a reactivación económica e reforzar o crecemento san.

Unha das maiores diferenzas está na política fiscal. O Goberno galego aposta por aliviar a carga de cidadáns e empresas sempre que haxa marxe, e máis nunha conxuntura como a actual, na que hai que recuperar o crecemento económico sostido e facer fronte a unha alza importante dos prezos. Cremos neste modelo porque os datos así nolo confirman. Se deixamos máis cartos nos petos dos cidadáns, increméntase o consumo e o investimento, isto favorece o mantemento e a creación de emprego, o que aumenta as cotizacións e, finalmente, a recadación, como aconteceu no período 2016-2019.

O modelo fiscal da oposición é outro, de suba de impostos, que é igualmente lexítimo, pero que consideramos que lastraría a saída de Galicia da crise e que penalizaría a nosa comunidade na etapa poscovid. Iso si, socialistas e nacionalistas coinciden en propoñer subas de impostos aos galegos e ás galegas, pero difiren na súa intensidade, se cadra porque na banda socialista están descontando tamén o «impuestazo» que está acordado coa Comisión Europea e que nos vai caer encima a todos os españois nos vindeiros anos.

En 2022 contaremos con máis recursos ca nunca, e aínda que as necesidades tamén serán moitas, cremos que estas contas teñen unha estratexia clara para o momento que estamos a vivir, porque a nosa obriga é priorizar actuacións e sacar o máximo rendemento a cada euro público. Pero non nos limitamos a que a Administración sexa o único motor de recuperación económica, queremos axudar a acompañar os sectores privados para que complementen o esforzo do público, e, sumados ambos os dous, favorecer a creación de riqueza e emprego. Precisamos rearmar un sector industrial que unha transición enerxética improvisada está a deixar no chasis na nosa comunidade autónoma.

Na última década, antes de que a pandemia condicionara todas as nosas actuacións, Galicia situouse no podio das comunidades autónomas que máis progresaron; a terceira que máis



progresou en termos de renda per cápita, que é o índice que nos dan os economistas para medir o avance sintético na riqueza e no progreso dun territorio.

Este ten que ser o obxectivo, un obxectivo común dirixido polo Goberno, pero oxalá co apoio de todos os grupos parlamentarios. Cunha posición única de país teremos máis posibilidades de éxito. Temos varios retos por diante, como xa sinaléi ao longo deste debate, entre estes, aproveitar ao máximo os fondos de recuperación provenientes da Unión Europea; algo que será máis doado se o Goberno de España, responsable da súa repartición, os distribúe para cohesionar os territorios e evitar saídas de crise a distintas velocidades. Porque acreditamos —e recoñécenolo a Comisión Europea e o propio Goberno de España— que somos moi bos xestores de fondos europeos. Nunhas semanas presentaremos os principais obxectivos da planificación estratéxica desta década, que tamén presentaremos a debate nesta Cámara, e, de xeito inmediato, tamén nunha comisión específica creada para o efecto, teremos que intentar pactar unha proposta de financiamento autonómico axeitada para que cada galego e galega poida ter a mesma calidade na prestación de servizos públicos que calquera outro cidadán, resida onde resida, pero que tamén deixe marxe á corresponsabilidade fiscal, de feito que permita capitalizar os recursos, os dividendos, da boa xestión financeira.

Mañá Galicia será sede dun encontro para abordar a necesaria revisión do actual sistema de financiamento, unha reunión que servirá para seguir tratando de consensuar melloras sen fronteiras, con diálogo, para acertar nun financiamento autonómico suficiente e equitativo que satisfaga os intereses de Galicia e das comunidades autónomas en xeral.

Remato xa agradecendo de novo as intervencións de todos os voceiros e voceiras, tanto no debate da mañá como no desta tarde, e desexando un bo traballo parlamentario para completar a tramitación destas contas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Votación das emendas á totalidade do grupo II

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Procedemos seguidamente á votación das emendas debatidas do grupo II de xeito acumulado, por grupo parlamentario, tanto as que modifican a contía global dos orzamentos como as que transfiren créditos entre seccións.

Pasamos, por tanto, á votación. Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que modifican a contía global dos orzamentos e as que transfiren créditos entre seccións.

Votación conxunta das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora á votación das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as que modifican a contía global dos orzamentos e as que transfiren créditos entre seccións.

Votación conxunta das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamento, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

Pasamos ao punto seguinte da orde do día, que é o debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Boa tarde de novo, por sexta e espero que última vez neste día, que parece inesgotable.

Grazas, señor presidente. Grazas, señorías.

Interveño neste Pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2022, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para o vindeiro exercicio, tamén actualmente en tramitación parlamentaria, e sobre o que acabamos de debater.

Permítanme unha breve exposición sobre os motivos deste proxecto, que se xustifica porque os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben



integrarse nas leis de presupostos anuais, senón en leis específicas. Desta forma, o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que as configurou como leis ordinarias, cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa de goberno nos distintos eidos de actuación.

Dende esta perspectiva, o obxectivo é o habitual, acadar unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas en diferentes áreas de actividade, que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen na consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei, quixera salientar as que buscan establecer tres novas rebaixas fiscais para os contribuíntes galegos: reforzar as medidas de conciliación e mellorar as condicións de traslado para as vítimas de violencia de xénero; introducir por primeira vez un procedemento extraordinario para a adxudicación directa dunha vivenda protexida de promoción pública aos colectivos máis desfavorecidos; adiantar en dous meses —ao 1 de abril— a obriga de xestión de biomasa preto das vivendas, para reforzar a prevención contra os incendios forestais; evitar a comercialización de produtos pesqueiros ilegais; habilitar a gratuidade de escolas infantís para todos os nenos e nenas de 0 a 3 anos —unha medida pioneira en toda España—; crear con carácter extraordinario unha nova categoría de facultativo especialista en atención primaria; e fixar unha moratoria de ano e medio para tramitar parques eólicos co fin de garantir unha planificación ordenada do sector compatible co desenvolvemento do medio natural.

En canto á estrutura da lei, esta divídese en dous títulos: o primeiro adicado a medidas fiscais; e o segundo adicado a medidas de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos: o capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos, das que xa falamos ao longo do día de hoxe. Así, no que atinxe ao IRPF —na senda iniciada por este goberno no ano 2014 e continuada no 2016—, para o vindeiro ano implantamos unha nova escala con tipos inferiores aos estatais e rebaixamos os tipos de todos os tramos, agás os de 60.000 euros, para beneficiar a todos os contribuíntes.

Quero salientar que se trata —como xa dixen antes— dunha rebaixa progresiva dun imposto progresivo. O obxectivo é que todos os galegos poidan incrementar o gasto privado neste intre para axudar os sectores máis afectados pola crise, que teñan máis recursos para consumir e para favorecer o emprego, e con iso incrementar a recadación tributaria.

As cifras demostran que cando baixamos os impostos, a recadación medra. Por exemplo, no IRPF, dende o ano 2015 —ano anterior á rebaixa da tarifa do IRPF de 2016 e ata a campaña de 2019—, medraron un 6% os declarantes de IRPF —como dixen antes— e un 28 % a súa recadación.

En relación co imposto sobre patrimonio, establécese unha bonificación do 25 % da cota para adaptarnos á nosa contorna da Unión Europea. Xa dixen tamén hoxe pola mañá que no contexto da Unión Europea tan só dous países manteñen un imposto que pode considerarse



análogo ao imposto de patrimonio: Francia, que grava os grandes patrimonios inmobiliarios, pero cun tipo moito máis inferior que o imposto de patrimonio español, un 1,6 %, e Holanda, que grava os rendementos dos bens patrimoniais, pero non grava os incrementos de patrimonio no imposto sobre a renda das persoas físicas, cun tipo tributario do 1,5 %. E tamén existe un gravame, que non é semellante, para os inmobles fóra do territorio nacional establecido en Italia.

Ademais, á vez mantéñense todos os tipos bonificados, redúcese un tipo porcentual, o tipo de gravame xeral do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na súa modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, polo que as operacións gravadas cun 10 % pasarán a gravarse, a tributar, cun 9 %.

Deste xeito, acompañamos a dinamización que se está a producir nas operacións inmobiliarias, fundamentalmente da compra de vivendas usadas, que son as que se gravan no imposto de transmisións patrimoniais, como saben, que en moitas ocasións sofren modificacións ou rehabilitacións cando son adquiridas e que provocará, por tanto, maior actividade económica no sector da construción.

Hai que ter en conta que a actividade de construción volve medrar en Galicia tras quince meses en números roxos e cunha demanda das compras que acada niveis superiores a 2019, nun 26 %.

A situación de crise sanitaria provocada pola pandemia obrigou a pechar no primeiro trimestre deste ano os establecementos de xogo e de restauración, locais nos que se instalan máquinas de xogo, que tributan por cota fixa, estean abertos ou non. Na mesma liña que outras once comunidades autónomas e para poñelos nunha situación de equivalencia respecto do resto do sector, adóptase unha medida similar á do ano pasado, para que tributen dun xeito proporcional ao período no que puideron desenvolver a súa actividade.

Pola súa banda, o capítulo segundo, relativo aos tributos propios, soamente está integrado por un precepto sobre as taxas. Por unha banda, elévanse os tipos das taxas de contía fixa, que son as taxas administrativas, polo xeral, e, por outra, que deben reflectir o custo da prestación dos servizos; e, por outra banda, introdúcese modificacións na Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras.

Señorías, ata aquí o relacionado coas medidas de carácter tributario.

Permítanme agora referirme ao título II, relativo ás medidas administrativas.

En materia de emprego público, introdúcese medidas para favorecer a xestión dos fondos de recuperación, e mellóranse as condicións de traslado para vítimas de xénero. En concreto, o período de mobilidade voluntaria incentivada dos funcionarios amplíase para sectores prioritarios, como é o caso da xestión dos fondos europeos. Por outra banda, mellóranse as condicións de traslado para as empregadas públicas vítimas de violencia de xénero, como dicía antes. Deste xeito, o posto de traballo que se asigne á persoa vítima de violencia de xénero poderá ser ocupado con carácter definitivo, sen necesidade de que teña que concursar para poder consolidar esta medida, sempre que así o solicite.



En materia de medio ambiente e territorio, inclúense varios cambios: créase un novo fondo de cooperación para os concellos que desexen adquirir e promocionar vivenda de nova construción destinada a alugueiro social. Ademais, exonérase do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias aos beneficiarios dos bonos de alugueiros que sexan considerados colectivos vulnerables no momento do pago da axuda concedida, como é o caso do bono alugueiro social ou do de vítimas de violencia de xénero. E introdúcese por vez primeira un procedemento extraordinario para a adxudicación directa dunha vivenda protexida de promoción pública para os colectivos desfavorecidos.

En materia de medio rural, o principal cambio normativo consiste en modificar a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais para adiantar en dous meses —como indiquei anteriormente— a obriga de xestión de biomasa preto das vivendas, en concreto ao 1 de abril, para axilizar a resolución dos expedientes para a limpeza desta biomasa.

En materia de infraestruturas e mobilidade, introdúcense melloras nos eidos das estacións de transporte de viaxeiros e da normativa de estradas. En canto ás estacións de transporte de viaxeiros, defínense os seus elementos esenciais e fíxanse as normas de coordinación para o seu impulso entre as administracións con competencias concorrentes. O principal obxectivo é que estas infraestruturas actúen como centros de intercambio ou transbordo entre distintos nodos de transporte.

Respecto da Lei de estradas, búscase flexibilizar as condicións e a tramitación administrativa necesarias para a realización de actividades nas marxes das estradas autonómicas. Trátase de modificacións positivas para a reactivación económica, en liña coas máis recentes tendencias en materia de simplificación e racionalización administrativa.

Finalmente, regúlase un procedemento específico que dea cobertura á execución de determinadas infraestruturas de fomento da mobilidade sostible, como sendas peonís ou aparcadoiros disuasorios, que actualmente carecen dunha regulación específica.

En materia de mar, modifícase a Lei de pesca co obxectivo de evitar a comercialización de produtos pesqueiros ilegais. Así, establécese o comiso de produtos como sanción accesoria no caso de infraccións en materia de comercialización para evitar esas vendas ilegais. E evítanse incongruencias como ter que indemnizar un infractor ou ter que devolverlle o produto, malia ter cometido unha infracción en materia de comercialización. En materia de política social, introdúcese a habilitación legal para aplicar a gratuidade nas escolas infantís para todos os nenos e nenas de 0 a 3 anos, unha medida —como dicía antes— pioneira en toda España. Esta medida permitirá que todas as familias galegas, teñan o número de fillos e a renda que teñan, poidan aforrar a matrícula e os gastos de atención educativa nas escolas infantís de Galicia, sexan da titularidade que sexan: públicas, autonómicas, municipais e de iniciativa social ou privadas.

En materia de sanidade, incorpórase con carácter extraordinario a proposta de creación dunha nova categoría de facultativo especialista en atención primaria. Esta medida responde a que, malia que se están esgotando as taxas impostas polo Estado, a áxil execución das ofertas públicas de emprego e os contratos de continuidade, seguimos a sufrir —como o



conxunto dos sistemas sanitarios en España— un importante déficit de profesionais na especialidade de Medicina familiar e comunitaria. Esta nova categoría busca mellorar a cobertura da atención primaria.

Por outra banda, tamén enfocada á atención primaria, formúlase a incorporación de novo persoal médico técnico de saúde. Permitirase así que médicos titulados que aínda non completaron a súa especialidade poidan ser contratados polo Sergas para apoiar o médico de familia na xestión de procesos e na realización de determinados informes, por exemplo, no seguimento das incapacidades temporais. Ademais, nesa liña de traballo, van medidas, na propia Lei de orzamentos, como as 28 novas prazas de farmacia de atención primaria e as 81 novas prazas de enfermaría, xa que consideramos que se trata de profesionais que deben gañar capacidade de resolución e proporcionar no paciente resposta sen necesidade de pasar polo médico.

En materia de industria, establécese unha moratoria de ano e medio para poder tramitar os expedientes correspondentes a parques eólicos co fin de levar a cabo unha planificación ordenada do sector, achegarlle seguridade xurídica e priorizar un desenvolvemento compatible co medio natural. Ademais, na mesma liña de dar seguridade ao sector e de garantir que o seu desenvolvemento sexa compatible coa protección do medio ambiente, Galicia tamén acaba de acordar unha nova limitación na distancia dos aeroxeradores aos núcleos de poboación, que pasa a ser o maior destes dous parámetros: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador. Esta decisión contribuirá á defensa dos espazos naturais e a evitar o impacto visual.

En materia de coordinación de policía locais, introdúcense varias medidas de coordinación. A principal novidade consiste na regulación da mobilidade, que pasa de configurarse como un sistema de acceso ás diferentes categorías de carreira dos corpos de policía local a configurarse como un sistema de provisión. Desta forma, o persoal funcionario de carreira dos corpos de policía local de Galicia pertencente ás categorías de policía —oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente— poderá participar nos procesos de provisión de postos vacantes da súa mesma categoría noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma.

Señorías, remato xa reiterando que as principais medidas incluídas neste proxecto pretenden establecer tres novas rebaixas fiscais para os contribuíntes galegos: reforzar as medidas de conciliación e mellorar as condicións de traslado para as vítimas de violencia de xénero; introducir por vez primeira un procedemento extraordinario para a adxudicación directa dunha vivenda protexida de promoción pública aos colectivos desfavorecidos; adiantar en dous meses, ao 1 de abril, a obriga de xestión de biomasa preto das vivendas para reforzar a prevención contra os incendios forestais; evitar a comercialización de produtos pesqueiros ilegais; habilitar a gratuidade de escolas infantís para todos os nenos e nenas de 0 a 3 anos — unha medida, como xa dixeran, pioneira en España—; crear con carácter extraordinario unha nova categoría de facultativo especialista de atención primaria; e, finalmente, fixar unha moratoria dun ano e medio para tramitar parques eólicos co fin de garantir unha planificación ordenada do sector compatible co desenvolvemento e a protección do medio natural.



Nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos agora á rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Boa tarde a todos e a todas, deputados e deputadas.

Antes de nada, señor Corgos, quero darlle a benvida tamén a este debate e desexarlle, evidentemente, todos os éxitos posibles ao longo destes próximos tempos.

En fin, nós lamentamos tamén —e sumámonos ao conxunto dos deputados e deputadas que xa o amosaron— o falecemento do señor Martínez; un home con competencias e capacidades, que as adicou a Galicia, pero tamén, fundamentalmente, un bo home, no escaso trato que tiven eu con el. Unha boa persoa, pois, e iso é o que a min me queda.

A primeira cuestión en relación con esta lei é que eu creo que coa Lei de medidas fiscais e administrativas, que é unha lei que acompaña a Lei de orzamentos —e, ademais, débátese no mesmo prazo que a propia Lei de orzamentos—, dáme a sensación de que estamos diante dun debate absolutamente repetido ano tras ano, dun debate absolutamente prescindible e dun debate redundante. Porque vostedes, lonxe de utilizar esta Lei de medidas con carácter excepcional, normalizan ano tras ano a Lei de medidas fiscais e administrativas para modificar todo tipo de normas que non teñen nada que ver coa cuestión orzamentaria. Neste caso, neste ano, modifican vostedes 30 disposicións, 30 normas, 26 leis e 4 decretos legislativos, a inmensa maioría deles que nada teñen que ver coas cuestións de índole tributaria ou de índole económica vinculadas aos orzamentos. E a través deste mecanismo modifican vostedes a Lei de saúde pública, que hai uns meses, en fin, se traía a este Parlamento a súa a modificación polo procedemento de urxencia. Xa o portavoz do Grupo Socialista —neste caso o meu compañeiro Julio Torrado— avisaba de que había indicios sólidos de inconstitucionalidade de determinados artigos, pero, aínda así, aprobouse esa modificación legislativa para arrogarse o señor Núñez Feijóo a capacidade de determinar sobre dereitos fundamentais que lles afectaban os galegos e galegas, e tivo que vir o Tribunal Constitucional suspender esa modificación. E agora vostedes, coándolla novamente a través dunha modificación global de 30 disposicións, tráennola aquí sen pasar polo Pleno —como sería obrigatorio—, sen debate legislativo nesta Cámara, sen un debate no que se seguise o procedemento legislativo ordinario. Enténdame vostede que nós non podemos aprobar este tipo de técnicas inapropiadas e inasumibles que consisten en modificar todo tipo de normas a través da Lei de medidas. (*Aplausos.*)



Pero, bueno, non contentos con modificar trinta leis, trinta normas, a través da Lei de medidas, o Partido Popular vexo que nas emendas que plantexa á propia Lei de medidas introduce 39 emendas, o cal xa nos parece un auténtico abuso dunha técnica lexislativa e dunha forma de legislar que é absolutamente inasumible, porque evita que esta Cámara, evita que este Pleno, se pronuncie, evita que os deputados e deputadas poidamos intervir nas propias decisións sobre a lexislación que se aproba nesta Cámara. E, dende logo, en fin, nós plantexamos ao respecto un recurso no Tribunal Constitucional hai dous anos, e esperemos que o Tribunal Constitucional resolva no sentido que nós temos plantexado, que é que é inasumible e ademais inconstitucional plantexar o que fai o Partido Popular, que non é nin máis nin menos que legislar á marxe do propio Parlamento de Galicia.

En relación coa propia lei, en fin, é o conxunto dunha amálgama de normas inconexas e sen puntos de homoxeneidade que se modifican a través desta Lei de medidas; unha lei que, en fin, é contraria á transparencia e quebra incluso o principio de seguridade xurídica. É dicir, que é unha técnica lexislativa inapropiada e desaxustada que ao longo dos últimos anos lle vimos discutindo nesta Cámara dende o Grupo Socialista —tamén dende o BNG— e que vai en contra do que opina a propia doutrina.

Vostede acaba de ler a exposición de motivos na súa exposición hai uns minutos e nós xa sabemos que hai unha sentenza do Tribunal Constitucional e que a lei, efectivamente, é constitucional, aínda que na propia sentenza hai autores ou ponentes desa sentenza —ponentes non, pero si maxistrados do Tribunal Constitucional— que están en contra deste tipo de mecanismo, de utilizar a Lei de acompañamento para modificar todo tipo de normas que nada teñen que ver coa cuestión orzamentaria.

Evidentemente, a Lei de medidas fiscais e administrativas é unha lei que nace, teoricamente, para complementar os orzamentos, que nace como lei de acompañamento aos orzamentos, o que pasa é que vostedes acaban facendo disto un *totum revolutum*, unha lei ómnibus onde cabe todo, con grave afectación —insisto— da seguridade xurídica e con subtracción, evidentemente, de debate público e de debate parlamentario nesta Cámara.

A Lei de medidas está suxeita aos prazos do proxecto de lei de orzamentos; é, polo tanto, un proxecto de lei de medidas con prazos rapidísimos. E, ao estar suxeita a ese calendario, evítase que se acompañen determinados informes que serían lóxicos na tramitación dun procedemento lexislativo, o cal vai, evidentemente, en detrimento da calidade xurídica e da calidade democrática que debe preservar a aprobación dun texto lexislativo.

En relación coa constitucionalidade da norma, se me insiste logo a portavoz do Partido Popular —que creo que vai intervir a señora Paula Prado—, pois dígolle que si, que é constitucional; si, home, si. Pero hai numerosos autores na doutrina que sosteñen que, efectivamente, este tipo de leis de medidas fiscais e administrativas non son outra cousa que unha fraude á doutrina do Tribunal Constitucional en canto aos límites dos contidos que teñen que ver coa Lei de orzamentos, posto que a través da Lei de medidas se crean impostos ou se modifican sen unha lei que os habilite, tal e como establece o propio artigo 134.7 da Constitución.



Por tanto, estamos diante dun sistema lexislativo que se compendia nesta lei de medidas que impide coñecer co debido rigor e profundidade todas e cada unha das cuestións incluídas na propia lei. E, desde logo, impide o control que o Lexislativo ten que facer ao Executivo en relación coa aprobación deste tipo de normas. Insisto: 30 leis, 30 normas, 26 leis e 4 decretos lexislativos. É verdade que o ano pasado foron 25. Dende o ano 2017 levan vostedes modificado 112 leis a través deste procedemento, que é, en fin, insisto, constitucional e legal, todo estu- pendo, pero moi ético, dende logo, non queda e moi estético tampouco, todo hai que dicilo.

E simplemente para facer un cotexo, quero dicir que aquí se falou do Bipartito e das maldades do Bipartito. Pois durante o Bipartito aprobáronse 56 leis, e ningunha delas a través do me- canismo da Lei de medidas fiscais e administrativas. (*Aplausos.*)

Modifican vostedes todo tipo de normas: a Lei do solo —que xa foi modificada oito veces—, a Lei de patrimonio natural, a Lei de ordenación do territorio de Galicia, leis que mesmamente se aprobaron no ano 2021, unha lei de simplificación administrativa e a propia Lei de ordena- ción do territorio ou a Lei da recuperación da terra agraria. Tamén en temas de pesca, portos, servizos sociais, cooperativas, temas fiscais; evidentemente, en tema de vivenda, en tema de saúde, etc. É dicir, modificáronse multitude de normas que nada teñen que ver coa materia or- zamentaria e que, dende logo, poñen de manifesto que vostedes están modificando pola porta de atrás disposicións administrativas sen que exista debate necesario sobre cada unha delas.

E todo isto sen informe do Consello Económico e Social. Porque a Lei de medidas fiscais e administrativas e as materias que se modifican a través dela inciden no desenvolvemento económico e social de Galicia, e, polo tanto, entre as competencias e as obrigacións do CES está emitir ditames sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que re- gulen materias que vaian vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Polo tanto, non hai informe do CES, hai unha memoria nos informes que se acompañan para xustificar a inexistencia do informe do Consello Económico e Social, e acompáñase un que nin tan sequera motiva a innecesariedade do informe do Consello Económico e Social.

Polo tanto, nós non podemos conformarnos con este tipo de técnica lexislativa. Non podemos aceptar que a través da Lei de medidas fiscais e administrativas se modifiquen normas que non teñen nada que ver cos orzamentos e, dende logo, opoñémonos a este xeito de facer le- xislación que vostedes traen ano tras ano dende que o señor Núñez Feijóo goberna na Xunta de Galicia.

Son leis de medidas que incumpren leis autonómicas: a Lei de transparencia e bo goberno, o Regulamento de réxime interior da propia Xunta de Galicia ou a propia lei que regula a ra- cionalización do sector público; leis que denotan a ausencia de informes das distintas con- sillerías en función das materias que se modifican nelas e leis que se modifican sen informe de impacto económico, sen estar ditaminados polo propio Consello Económico e Social. En definitiva, fanse todo tipo de modificacións á marxe do control deste Parlamento, á marxe da fiscalización dos deputados e deputadas que conformamos a Cámara de Galicia.

E, bueno, modifican vostedes aquí —xa se falou ao longo de toda a mañá— todo tipo de nor- mas, incluídos impostos. Vostede falaba agora de tres rebaixas fiscais no imposto de trans-



misións patrimoniais, no IRPF e no de patrimonio, e eu teño que dicirlle, que, efectivamente, vostedes aquí —xa se dixo tamén— utilizan moito a propaganda cando falan de rebaixas fiscais, cando, en fin, eu leo titulares como que os orzamentos da Xunta introducen 522 millóns de euros de bonificacións fiscais. A Lei de orzamentos da Xunta, no artigo 5.2, fala de que a capacidade para introducir bonificacións fiscais pola Xunta é de 267 millóns. Bueno, imos deixalo, pero introducen vostedes bonificacións no IRPF dicindo, ademais, que benefician a 1.100.000 galegos. E xa se dixo aquí, e non quero ser excesivamente repetitivo respecto da cuestión, pero non é así. Benefician a 1.100.000 galegos, pero benefician a uns máis que a outros, porque o soldo medio en Galicia, señor Corgos, é de 22.177 euros, o cal equivale a unha base liquidable de 15.000 a 17.000 euros, e nese tramo hai 800.000 galegos que se van ver beneficiados pola súa rebaixa fiscal no IRPF nunha contía de 12 a 20 euros —800.000 galegos—. Sen embargo, o 0,3 % dos galegos, 38.000 galegos, que teñen unha base liquidable de máis de 100.000 euros, van verse beneficiados en máis de 500 euros ou en aproximadamente 500 euros cada un. O cal supón un impacto respecto das bonificacións fiscais de 20 millóns de euros. Polo tanto, aquí quen se beneficia realmente das súas bonificacións fiscais son as rendas altas e os que máis ganan. E isto é así. ¡Isto é así! (Aplausos.)

Dende logo, vostedes están instalados nesa malignidade que supón pagar impostos en Galicia e instalados nesa dialéctica que manexan vostedes que consiste basicamente en anunciar constantemente e ano tras ano baixada de impostos, nos impostos cedidos, claro, nos impostos propios, nos impostos que recada a Xunta, pero logo en manter unha confrontación permanente co Goberno do Estado e en reclamarlle máis e mellor financiamento, como é lóxico. Por certo, este ano 7.995 millóns no sistema de financiamento autonómico, se non lembro mal; 360 millóns como consecuencia da compensación da liquidación negativa do ano 2020, incluídos os que asume o Estado.

Polo tanto, en fin, nesa confrontación permanente que vostedes fan co Estado, renúnciase ás autocapacidades propias de recadar máis impostos, especialmente no IRPF, respecto das rendas máis altas, ou mesmamente no imposto de patrimonio, ou mesmamente no imposto de sucesións, onde a base exenta é de 1 millón de euros. Efectivamente, a sucesión en liña directa non beneficia a todos por igual; beneficia, evidentemente, os que máis teñen, porque nunha familia, nun matrimonio con 4 millóns de euros e con 2 fillos, os seus fillos, cando herden, non van pagar absolutamente nada. E non creo que en Galicia existan moitos patrimonios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...de 4 millóns de euros. Hai patrimonios moito menores. Entón, vanse beneficiar exactamente igual os patrimonios pequenos que os patrimonios altos neste caso. Polo tanto, é unha política que beneficia, evidentemente, as rendas altas, e nós non nos conformamos con iso.

Entón, esta Lei de medidas, en definitiva, o que amosa é que se legisla a impulsos, señor Corgos, e evidénciase...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor FRANCISCO RIVERA: ...unha ausencia de planificación sobre o que debe conformar a lexislación desta comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

O señor FRANCISCO RIVERA: Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Bo día, conselleiro. Efectivamente, vostede leva unha sesión así intensa e maratoniana, pero, como mal de moitos, consolo duns poucos, pense que a nós quizais nos quedan dúas xornadas máis de pleno ordinario, martes e mércores.

Fóra xa das brincadeiras, efectivamente, eu tamén quero non sei se saudalo ou darlle a benvida. Tamén é a primeira vez que, polo menos eu, teño ocasión de falar con vostede. Así que lembramos, efectivamente, moito a Valeriano, pero vostede xa é tamén agora presente e futuro, polo menos no inmediato neste país.

A respecto do debate desta Lei de acompañamento aos orzamentos, a Lei de medidas fiscais e administrativas, comentábase hai un momento que era un debate reiterativo. Pode ser, aquí falamos moitas veces de moitas cousas, pero non por iso son menos importantes. Eu no que non coincido en ningún caso é en que sexa un debate prescindible; todo o contrario, máis ben. O problema é que se debate pouco, que se debate pola vía rápida e que se debate, sobre todo, todo en conxunto. Son 27 leis, 27 textos normativos, que non están vinculados co sistema tributario deste país e que se debaten dunha maneira conxunta, nunha mestura que fai imposible que se poida dar un debate sosegado e un debate centrado en cada unha das propostas de modificación que se presentan.

Tamén é verdade que veñen todos os anos intentando xustificarnos o uso e abuso deste mecanismo ou deste procedemento lexislativo, intentando convencernos —ou non sei se convencerse a vostedes mesmos— de que —din na exposición de motivos— o contido esencial desta Lei de medidas fiscais e administrativas é de natureza tributaria, pero o certo é que non é verdade, porque dos 42 artigos que compoñen a Lei de acompañamento aos orzamentos, a Lei de medidas fiscais e administrativas, apenas cinco artigos están referidos á materia tributaria. Os 36 restantes están unha vez máis dirixidos a modificar máis dunha vintena de textos normativos que nada, nada teñen a ver na práctica totalidade coas contas.

Vostede dicía na súa intervención que era un complemento aos orzamentos, que requirían modificacións normativas á execución orzamentaria, pero o certo e verdade é que non é así.



Vostedes utilizan este mecanismo ou este procedemento como unha vía rápida para legislar, para introducir modificacións de toda índole e de moi heteroxénea natureza no ordenamento xurídico do noso país, e iso é o contrario á seguridade xurídica ou á estabilidade que despois predicán.

Dicímolo todos os anos desde o Bloque Nacionalista Galego, pero repetímolo unha vez máis nesta ocasión. As leis de acompañamento son vías moi pouco democráticas para legislar tanto na forma como no fondo. Representan un procedemento de tramitación acelerado que furta o necesario debate social e político que exige calquera procedemento legislativo, non só a esta Cámara ou aos axentes e sectores sociais afectados polas modificacións que se propoñen no proxecto de lei, senón, por exemplo, a organismos estatutarios como o Consello Económico e Social, que en calquera procedemento legislativo ordinario ten que emitir un informe, aínda que non sexa vinculante, sobre o contido dese texto.

Vostedes isto xa o saben; é dicir, non é por descoñecemento que usen e abusen desta práctica ou deste mecanismo normativo, senón que o utilizan de maneira recorrente, anual, porque lles é útil aos seus propios intereses políticos e partidarios por ser, insisto, unha vía rápida, unha porta traseira coa que modificar o marco normativo deste país.

Eu hoxe non vou falar máis da forma, porque no fondo, aínda que sexa reiterado o debate, sempre hai algo novo; sempre, vostedes non defraudan. Eu levo cinco anos aquí, e catro —se non me lembro mal— textos de leis de acompañamento, e cando unha pensa que xa o viu todo, pois non, teñen capacidade para que aprendamos algo novo e para sorprendernos.

En canto ao fondo, que é o máis importante deste texto, deste proxecto de lei, vaíamos por partes.

En primeiro lugar, a respecto das medidas fiscais, eu non vou determe moito nos impostos nesta Cámara —si que farei algunha mención ou algunha referencia— porque xa se falou moitísimo hoxe diso e creo que queda bastante clara cal é a posición de cada un dos grupos. En todo caso, no proxecto, nós o que vemos desde o BNG é que non hai unha aposta pola redución das desigualdades sociais e territoriais nin medidas para acadar maior capacidade redistributiva atendendo aos principios que deben rexer nese sistema que nós defendemos, que é esa progresividade e equidade fiscal, en lugar de apostar por unha reforma ambiciosa que alivie as maiorías sociais. Porque aquí se nos preguntaba, e nós podemos estar de acordo con rebaixar impostos ás traballadoras e aos traballadores, pero haberá que buscar —e logo falaremos diso— como compensar esa redución nos ingresos ás contas públicas. En vez de apostar —insisto— por unha reforma ambiciosa que alivie as maiorías sociais máis castigadas, o que vemos é como se adoptan modificacións na dirección contraria. E aquí —insisto— fago un inciso, porque vostedes teñen dúas caras —ademais dunha cara bastante dura, teñen dúas caras—, xa que hoxe debatemos unha proposta que realmente é papel mollado. Porque o que vai acontecer realmente neste país, o que entre en vigor o día despois da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a non ser que haxa un xiro inesperado *de los acontecimientos* —que no creo—, o que se vai publicar no DOG non é o que hoxe debatemos neste proxecto de lei, senón as emendas que presenta o Grupo Parlamentario Popular. E, ademais de ser bastante retorcido o mecanismo, porque impide o debate sosegado e demorado de máis



de vinte e sete reformas legais, encima métennos realmente a proposta que defende o Partido Popular e o Goberno pola vía das emendas do PP, que esas si que non son nin sequera emendables. (Aplausos.)

Eu, claro, preparando esta intervención, dicía: ¿méréceme a pena ler sequera o proxecto? Porque realmente o que teño que ler, porque ha de ser o que saia publicado no DOG, son as emendas do Partido Popular, pero, ben, sempre hai momento para o debate e nós non escatimamos esforzos.

Pero —insisto, xa se falou moito disto— nós non vemos unha reforma fiscal progresiva, nin xusta coas maiorías sociais —dicíao a miña compañeira Noa Presas hai un momento—. As rebaixas que vostedes recollen para unha muller que traballe de caixeira nun supermercado supoñen unha rebaixa de 12 euros ao ano, pero para unha persoa que faga parte do Consello de Administración de Ence —que estou segura de que houbo moita xente que onte viu unha coñecida canle de televisión privada—, o conselleiro de Ence terá un aforro de 500 euros ao ano. Iso nin é xusto nin é equitativo nin é progresivo; é máis ben o contrario.

Pero —insisto— non vou afondar moito nesta cuestión. Cremos que perden a oportunidade, perdemos as galegas e os galegos a oportunidade de procurar un financiamento adicional, porque ningún goberno ten unha máquina de facer billetes, ninguén o ten. Entón, o que perdemos de ingresos por rebaixas fiscais —non só estas que aparecen aquí, senón outras que vostedes foron aprobando nos últimos anos, como, por exemplo, deixar sen impostos as herdanzas entre 400.000 e 1 millón de euros—, iso supónnos unha merma na capacidade, nos ingresos que ten a Xunta de Galiza.

Estes son datos da Atriga, non do Grupo Parlamentario do BNG. Nese deixar sen impostos esas herdanzas entre 400.000 e 1 millón de euros, perdemos 136 millóns de euros ao ano. E eu digo: ¿e iso que é para un goberno? Porque, claro, para unha persoa na súa casa pois é moitísimo diñeiro. Pois para o Goberno é todo o programa de transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da Comunidade Autónoma. Iso é o que deixamos de poder investir por esas rebaixas fiscais ás que vostedes non dan unha alternativa. Nós cremos que hai que buscar alí onde están os cartos, porque riqueza neste país hai, o que hai é pouca distribución da mesma.

No que ten que ver coas medidas administrativas, que —insisto— é o groso da lei, trinta e seis de corenta e dous artigos, este ano modifican vinte e dúas leis e dous decretos lexislativos, na inmensa maioría as mesmas leis de sempre, reformadas unha e outra vez a través deste mecanismo, que é para vostedes a principal forma de legislar —imos velo agora con casos concretos—, a pesar desa pésima calidade democrática que representa.

Reforma constante, por exemplo, da Lei de emprego público, sen negociación de ningún tipo coas organizacións sindicais que representan ás traballadoras e aos traballadores da Administración. Reformaron sete veces, con esta oito, esa Lei de emprego público, e todas pola vía das leis de acompañamento e sen negociación coas organizacións sindicais que representan ás traballadoras e traballadores públicos.

Reforma da Lei de prevención e extinción de incendios, sete veces. Sete veces reforman o artigo 22, que volven reformar unha vez máis con este proxecto de Lei de orzamentos. E isto o que



evidencia é que non teñen nin idea de cara a onde van. Van coma un foguete sen varilla, non saben para onde. Sete veces reformamos o mesmo artigo 22, que regula a xestión da biomasa, e, claro, calquera que teña unha leira con catro pinos e teña que rozar non sabe nin sequera o que ten que facer, porque o ano que vén volverán aquí e traerannos outra vez outro texto e outra redacción dese mesmo artigo 22, que —insisto— xa modificaron sete veces por esta vía.

Reforma da Lei de montes veciñais en mancomún, para seguir, pouquiño a pouco e sen debate, minando a propiedade comunal até que desapareza. E agora xa nos intentan colar que van declarar, establecendo en que condicións o farán, en abandono algúns destes montes e pasalos —jollo!— a titularidade municipal, non a xestión provisional municipal, non, non, titularidade municipal, e eu, ¡home!, quero pensar que aquí —non fai falta dicilo— o monte comunal nin é público nin é privado, é comunal, e como comunal non pertence a veciña ou ao veciño senón á casa; entón, pasalo a unha titularidade municipal supón cambiar, por completo, a natureza dunha propiedade tan característica, tradicional e arraigada no noso país.

Reforman tamén a Lei de estrutura territorial agraria, a Lei de recuperación de terra agraria, un exemplo perfecto do escándalo e o esperpento máis absoluto. E non só porque se modifica unha lei que ten seis meses desde que se aprobou e entrou en vigor, non só por iso, que teña menos dun ano de vixencia, senón porque a modificación consiste en introducir o contido dunha disposición transitoria que vostedes mesmos se cargaron noutra modificación previa que fixeron na aprobación doutra lei que non era unha modificación *stricto sensu* desta. Non é un erro, non é un erro, é que vostedes son unha chapuza, literalmente, (*Aplausos.*), os que veñen aquí dar leccións de rigor e de solvencia todos os días, unha auténtica chapuza.

A Lei de solo, dez veces modificada, seis coa Lei de acompañamento. A Lei de vivenda e —¡como non!— as que levan, como esta que acabo de citar, menos dun ano en vigor, a de terra agraria, pero tamén a de ordenación do territorio, que tamén *ya le va tocando*. Entón, tamén se modifica.

Hai tres aspectos que son nos que nós imos centrarnos máis este ano, porque son as grandes modificacións que vostedes nos meten con esta lei de acompañamento. Unha é esa Lei de saúde, para colarnos sen negociación coas organizacións sindicais, porque teñen unha curiosa concepción da democracia, que é chegar á mesa sectorial, primeiro anunciarlles o que vai pasar, nin sequera se lles presenta o texto desa nova categoría profesional que vostedes crean e despois nin sequera se lles pregunta se estás a favor, se estás en contra ou es mediopensionista; simplemente te advirten ou informan de que che van colar unha nova categoría profesional na sanidade por un período de cinco anos, que ao ano seguinte pois cambiarán e onde pon «cinco» poñerá «quinze», que son esas médicas ou médicos de familia que agora prestarán co mesmo contrato un dobre servizo, que é prestar gardas no seu centro de saúde pero agora tamén e con carácter obrigatorio gardas nos PAC, que até o momento eran voluntarias.

Cambian tamén por enésima vez a Lei do sector eólico, para introducir unha suposta moratoria que non é tal, que non é tal; ben, mecanismo que atoparon vostedes para ver se rebaixamos un pouco (*Aplausos.*) a presión social e política diante dun *boom* eólico depredador. Claro, veñen aquí dicir de maneira ordenada e planificada, pero ¡se só coas solicitudes que hai hoxe presentadas na consellería en materia de parques eólicos duplicamos a capacidade de produción que xa ten o país! Entón, ¡home!, puido acordarlles o de ordenar e ter en conta



a conservación do medio ambiente e do territorio algo antes, que non nesta lei de acompañamento. (*Aplausos.*)

En todo caso, volvemos ao mesmo. Eu podo falar aquí do texto que se nos presenta como proxecto, pero o que realmente vai entrar en vigor son as emendas que presentou o Grupo Parlamentario Popular e que, entre outras cousas, din que, ben, iso do quilómetro de distancia dos parques eólicos e as casas, ben, non; non para os que están xa admitidos e non para os que son obxecto de repotenciación; é dicir, que, para molinillos, como dicía aquí o presidente da Xunta hai uns días, de douscentos metros pois podes telos perfectamente no pico da cabeza, porque esa distancia do quilómetro queda..., ben, pois non, non é obrigatorio para repotenciacións, que —insisto— supón a instalación de aeroxeradores de douscentos metros de altura, que é máis do que mide a grúa de Astano, é máis do que mide a fachada da catedral de Santiago de Compostela, para facernos unha idea de que é do que estamos falando.

E a terceira novidade —eu aquí digo: non, equivocáronse, pero non, é que non defraudan— é que agora decidiron xa darlle unha volta de porca a todo isto, retorcer xa *ad infinitum* este mecanismo supostamente excepcional e vinculado á execución orzamentaria e este ano decidiron converter as leis de acompañamento en leis sectoriais. E explícome: converten a lei de acompañamento en lei en si propia; é dicir, non modifican algo que xa está, non, non, crean lexislación específica para regular ¿o que? Pois as infraestruturas e a mobilidade. Teño que recoñecer que eu, claro, cando lin o proxecto, digo: aquí olvidáronse, olvidáronse, pois foi un erro, un *coup d'oeil*, un erro de introducir cal é a lei que se modifica. Pero non, é que o que se fai no capítulo IV é directamente crear unha lexislación ordinaria para regular o sector do transporte ou as infraestruturas de mobilidade sostible.

Eu, claro, imaxino a vostedes indo pois a unha cimeira máis ou menos internacional, que é na que temos unha conselleira por aí por Copenhague dando voltas, e entón eu imaxino que van a unha cimeira internacional, pregúntanlles a vostedes en que marco normativo, en que lei se apoian pois para regular algo tan fundamental como a mobilidade por estrada, ou as infraestruturas de mobilidade sostible, e hai pois leis de acompañamento aos orzamentos, a de 2017 e agora esta tamén de 2022. Non está feito para isto, non se crearon leis de acompañamento nin deben ser usadas para crear normativas sectoriais en ámbitos que son transcendentais para o presente e o futuro deste país, porque na mobilidade e nas infraestruturas temos un eixo estratéxico da loita contra o cambio climático pero tamén da cohesión social (*Aplausos.*) e territorial deste país.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O mínimo —e con isto remato— é que se dea un debate específico e se traia unha lexislación específica para regular algo tan básico e tan fundamental coma isto.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Iniciamos agora a rolda a favor ou en contra das emendas ou de portavoces de grupos non emendantes para fixar posición.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías, debatemos hoxe a emenda á totalidade da Lei de medidas, un ano máis e sen moitas novidades no discurso da esquerda. Eu creo que copiaron e pegaron maioritariamente o seu discurso e eu tampouco vou ser moi innovadora.

Señor Rivera, vostedes son os que hai pouco máis de dúas semanas no Congreso do Partido Socialista pois aplaudían a ministra de Facenda cando dixo: *el lunes arreglo lo de la plusvalía; dicho y hecho*, e alí aplaudiu todo o mundo. É dicir, para arranxar unha cuestión inconstitucional fano a través dun instrumento xurídico inconstitucional, e vostede hoxe vénnos dar aquí leccións de constitucionalidade ou de inconstitucionalidade das normas. Mire, o seu discurso foi unha manipulación absoluta do texto lexislativo, pero, ben, manipulou concretamente no relativo á Lei de saúde.

Mire, voulle facer un relatorio para que vostede e quen lle dixo o que tiña que dicir —que ao mellor pois está ben que o escoite— refresquen un pouco a memoria do que sucedeu aquí en Galicia. Pois ante a necesidade de contar con normas que permitisen a xestión dunha pandemia, o Goberno da Xunta de Galicia remitiulle ao Goberno central unha proposta de modificación da Lei orgánica do ano 1986, porque loxicamente non estaba adaptada á situación sanitaria que nós tiñamos por diante. E o Goberno español non o aceptou. E, por iso, o Parlamento de Galicia tomou a iniciativa de lexislar a nivel autonómico o desenvolvemento desa lei orgánica para concretar medidas que se poden tomar e como. Sorprendentemente, o Goberno de España recorreu esta lei con moita urxencia, unha urxencia que non entendeu nin o Consello de Estado, que ditaminou sobre o recurso. Finalmente, o Tribunal Constitucional —señor Francisco, escoite— constatou que non había ningún motivo para que eses preceptos estiveran suspendidos, porque non habilitan ningunha medida que non fose posible xa tomar a través da lei xeral, simplemente concreta esas medidas para dar seguridade xurídica aos actos administrativos, aos tribunais que deben interpretalos e á cidadanía. O Tribunal constatou, ademais, que existe normativa autonómica noutras comunidades, por exemplo Baleares, non recorrida polo Estado, con contidos idénticos, e, neste caso, o Goberno central, non actuou ante estes preceptos. Este foi o escenario.

Pois ben, ¿que pasou? Pois, despois disto, finalmente a Xunta de Galicia acordou co Goberno de España sobre o único punto que quedaba en disputa, que era o da vacinación; un acordo ao que se podería ter chegado desde o inicio sen necesidade de toda a peripecia que sufriu a norma en detrimento dos galegos e das galegas.

Agora, ese acordo de modificación do artigo é o que se traslada á Lei de medidas, porque o acordo co Estado dicía que esa modificación sería urxente, e por iso vai na Lei de medidas. Non manipule vostede, señor Francisco.



E, señora Rodil, tamén fai aquí un discurso sobre as novas condicións de traballo do persoal médico de familia que non son certas. Mire, a nova categoría foi presentada á mesa sectorial; non minta, non minta, porque foi presentada; e a Administración loxicamente terá que estar aberta aos acordos que terán que negociar. Esta categoría créase por necesidade de urxencia, e, por tanto, tampouco sería preciso, pero, a pesar diso, o Goberno fixo esa presentación á mesa sectorial.

Esta incorporación do persoal á nova categoría demorarase porque é precisa unha negociación coa mesa sectorial, señora Rodil. Hai que concretar os postos de traballo que serán ofertados á nova categoría, as súas características, o ámbito de traballo, a xornada, determinar un sistema de selección axustado á urxencia e á situación, a singularidade e as funcións a desenvolver, e, de ser o caso, ao que finalmente dispoña a Lei de medidas sobre o sistema de selección, publicar a convocatoria do proceso de selección para acceso fixo, e nesa convocatoria figurarán os concretos postos de traballo ofertados e as súas características.

Mire, a incorporación á nova categoría de postos de traballo como estatutario fixo será totalmente voluntaria. Os postos da nova categoría non impedirán que se continúe incorporando persoal coas condicións actualmente vixentes, e por razóns de necesidade e urxencia que todos coñecemos os postos de traballo da futura categoría quedan configurados dende o principio con traballo mixto en centros de saúde e PAC, e accederase aos mesmos voluntariamente —señora Rodil, ninguén os vai obrigar— e a través dunha convocatoria pública, por suposto.

E tamén lle digo que se trata dun único posto de traballo con prestación mixta, cunha prestación mixta que tampouco é unha novidade. Vostede faltou aquí á verdade. Actualmente o persoal con destino nun centro de saúde —que é o que se chama a prestación xa ordinaria— xa pode realizar gardas voluntarias nun PAC, e viceversa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois por suposto, e tamén é voluntaria a incorporación a esa nova figura de persoal. Non manipulen, que non é necesario.

Miren, ¡que importante é a coherencia en política! A coherencia é un valor que se transmite co exemplo, é o valor que dá sentido á fidelidade, á honestidade, á sinceridade e a outros tantos valores dos que carece, por exemplo, o Partido Socialista. Vostedes, que lexislan a golpe de decreto lei, veñen aquí rasgar as vestiduras agora coa Lei de medidas. ¿Saben cantos reais decretos leis aprobou o Goberno de Pedro Sánchez? Pois mire, máis dun cento; concretamente, a día de hoxe, dende xuño de 2018 ata hoxe, 104 reais decretos leis. Si, si, señor Francisco Rivera. ¿Sabe cantos fixo o señor Mariano Rajoy, que tan criticado foi polo señor Sánchez durante dez anos e medio que estivo gobernando, fronte a tres e medio que leva o señor Sánchez? Pois mire, 103.

Así que vostedes veñen aquí falar de técnica lexislativa propia ou impropia con esta bagaxe. A verdade é que é realmente sorprendente. É o que se chama hipocrisía política, coherencia cero, señorías, (*Aplausos.*), coherencia cero. A min, se me preguntan se me satisfai esta ferramenta de técnica lexislativa, xa saben que non, díxeno moitas veces. Non me satisfai, non é o mellor instrumento, pero tamén é de xustiza recoñecer que grazas a esta lei se resolven moitísimos problemas e moitísimas cuestións que xeran dificultades na aplicación dalgunha lei, na tra-



mitación dalgunhas cuestións nas que a cidadanía demanda solucións. E nós estamos aquí para resolver os problemas da xente e non para xerar máis. E nun contexto... (*Murmurios.*) Non, xa sei que a vostede lle fai moita graza, vén aquí de monoloxista, falta á verdade, manipula a lexislación, pero creo que é importante saber cal é a verdadeira realidade e o fondo desta lei.

Nun contexto de tripla crise — sanitaria, económica e social — os representantes públicos estamos obrigados a poñer en marcha todas as medidas ao noso alcance para darlles solución aos problemas que ten a xente nestes tres ámbitos, que viven os nosos veciños e veciñas, e que para iso nos puxeron aquí, para resolver problemas, non para crealos.

E a Lei de medidas permite abordar os tres erres: reaxustar, reactivar e recuperar. Reaxustar a lexislación para axudar á reactivación económica, para acadar a recuperación da economía. ¿A vostedes non lle gusta esta técnica lexislativa? Pero é que tampouco ofrecen alternativas para arranxar os problemas derivados da pandemia. O que fan é xerar desconfianza nun texto lexislativo, un texto que nada oculta, nada raro lexisla, non furta o debate, e proba disto é que hoxe estamos aquí debatendo, e despois deste debate teremos o debate de ponencia, teremos un debate en comisión, teremos un ditame que volverá a este pleno e volveremos debater ese ditame que aprobamos en comisión.

E din vostedes que non permite reunirse cos colectivos afectados. Mire, este grupo parlamentario maioritario reunímonos con todos os colectivos que nos pediron reunión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, por suposto, claro, señora Rodil. ¿Sabe quen non se reuniu? Os do Partido Socialista estaban moi entretidos coas primarias, claro, por iso non tiñan tempo para facer o que tiñan que facer. E vostedes tamén se reuniron; ¿a que si, señora Rodil, lle deu tempo a reunirse con todos eles? Claro, entón non veñan aquí mentir e dicir que non houbo tempo para reunirse cos colectivos afectados, porque nós polo menos o tivemos, vostedes creo que tamén, outros quizais non porque estaban máis entretidos en resolver os seus problemas e non os problemas dos galegos e das galegas.

Mire, señor Francisco, insisto no que lle digo todos os anos. Vostede vén aquí co mantra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como?...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, pero vostede vén co discurso do Partido Socialista, ¿non? De momento aínda son un, creo que era o mesmo discurso que tiña a súa compañeira. Pero ben, vostede insiste en dicir que é unha técnica lexislativa inconstitucional. E non é certo, porque non se require polo Tribunal Constitucional unha conexión coas cuestións tributarias ou financeiras. Hai unha sentenza que lle recomendo, a 36/2013 do Tribunal Constitucional. Pero é que hai outra, a 76/1992, onde pode comprobar que o verdadeiro espírito do Tribunal Constitucional é que haxa unha conexión coas cuestións tributarias ou financeiras. Pero esta sentenza, señor Francisco — xa llo dixen o ano pasado, e como vostede sabe ou debería saber, e penso xa que empeza a ter un pouco de mala fe dicindo aquí estas cousas — aplícase á Lei de orzamentos do Estado, non a leis autonómicas. En Galicia a Lei de medidas é unha lei ordinaria, e isto non hai autor nin doutrina que o negue nin que o cuestione, señor Francisco. Esta lei respecta absolutamente a doutrina do Tribunal Constitucional.



Pero é que o máis grave é que alí onde gobernan para vostedes a Lei de medidas é un instrumento útil. Fun ver que pasaba en Valencia, onde gobernan vostedes cos nacionalistas. ¿E que pasa en Valencia? ¡Ah!, pois en Valencia modifican trinta e cinco leis e catro decretos leis, e o conselleiro de Facenda di que é moi útil porque lle resolve moitísimas cuestións tanto de índole administrativa como para solventar problemas que xerou a pandemia. Aquí en Galicia non podemos facelo. Vostedes, os socialistas, depende: en Valencia, si; en Galicia, non. Coherencia, señor Francisco, coherencia.

Mire, nós consideramos que, efectivamente, a lei é necesaria para abordar as tres crises das que falei: a sanitaria, a social e a económica. Temos un problema de persoal médico de familia na atención primaria, e por iso creamos con carácter extraordinario unha nova categoría de facultativo de atención primaria. Tamén se incorpora a habilitación da categoría de técnico de saúde. No ámbito social reforzamos medidas de conciliación. Dámoslle amparo legal á gratuidade de escolas infantís de 0 a 3 anos. Melloramos as condicións de traslado para empregadas públicas vítimas de violencia de xénero. Habilitamos un procedemento extraordinario para a adxudicación directa de vivenda protexida e promoción pública ás persoas máis vulnerables. Créase un novo fondo de cooperación para os concellos que desexen adquirir e promocionar vivenda de nova construción destinada ao alugueiro social. Exonérase do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias aos beneficiarios dos bonos alugueiros que sexan considerados colectivos vulnerables.

E, en canto á crise económica, aquí, efectivamente, hai dous modelos: o do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, que consiste en subir impostos, e o do Partido Popular, que é propoñer na Lei de medidas rebaixas fiscais que a vostedes non lles gustan. E, señora Rodil, vostedes, nas súas emendas parciais, que xa coñecemos, soben o IRPF ás rendas medias, aínda que o disfrazan de subirlles o imposto aos ricos. Ese mantra tamén xa nos soa, e vostedes, como bos herdeiros que son das Mareas de Podemos, pois seguen co mantra de subirlles os impostos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) aos ricos, unha progresividade ficticia, señora Rodil.

Porque, claro, despois, tributos ás grandes superficies comerciais, pero ¿quen deu a aprobación de todas as superficies comerciais que hai en Galicia? Foi o Bloque Nacionalista Galego, que era o responsable da Consellería de Industria cando se abriron todas as superficies comerciais en Galicia, señora Rodil. ¡Que hipocrísia, señora Rodil! (*Aplausos.*)

O imposto sobre vivendas baleiras, como bos herdeiros que son das Mareas de Podemos, pois claro, votan en contra de medias antiokupas e propoñen medidas para castigar os lexitimos propietarios.

Benvidos ao canon eólico. Tamén cando vostedes gobernaban había unha..., vostedes tramitaban parques eólicos, señora Rodil, e ¿por que non puxeron ese canon? Veu o Partido Popular poñerlle un canon eólico, vostedes intimaban máis cos empresarios do sector.

Miren, as súas propostas sempre pasan por subir impostos, e non só aos ricos. ¿Parécelle pouco o que pagan os cidadáns de luz, de gas, de diésel, de gasolina e en todos os produtos que se viron afectados pola suba do IPC? ¿Parécelle iso máis xusto, señora Rodil?, ¿parécelle



iso máis equitativo, señora Rodil? Pois ese é o Goberno que apoia o Bloque Nacionalista Galego, ese é o seu modelo xusto e equitativo, o Goberno do Partido Socialista de Madrid, ao que apoia constantemente o Bloque Nacionalista Galego dándolle ao botón do si a todos eses reais decretos dos que falei anteriormente.

Mire, sobre a necesidade do informe do CES, señor Francisco, eu non teño moito tempo, remítome ao boletín do debate do ano pasado.

En relación coa exposición pública, exactamente o mesmo; remítome ao boletín do ano pasado, porque a resposta é a mesma. E vostede vén aquí co mesmo discurso.

O que si me gustaría dicirlle, señor Rodil, é que eu non sei se, como monoloxista, terá futuro; agora, como xurista, non. Porque mire, vostede veu dicir aquí que se crea unha nova regulación, cando non é verdade; simplemente se trata dunha particularización da Lei —tome nota, porque despois non sabe que lei é— 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, para un determinado tipo de infraestruturas relacionadas coa mobilidade sostible (sendas peonís, ciclistas, aparcadoiros disuasorios, plataformas reservadas para o transporte público, paradas ou estacións de transporte público), precisamente co obxectivo de fomentar a mobilidade sostible. Esta figura, que se aproba na Lei de medidas, permite axilizar a execución das infraestruturas para mobilidade sostible, de forma que a Xunta de Galicia e tamén os concellos —e alí tamén vostedes gobernan— contan cunha ferramenta para poder desenvolver con axilidade, entre outras, as actuacións incluídas no programa Next Generation da Unión Europea, que é algo importante e urgente, e non pode agardar porque o Goberno de España impón prazos moi estritos para a súa execución.

Miren, señorías, hoxe debatemos unha lei que aporta unha solución importante para captar profesionais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si, remato xa, señor presidente— de atención primaria e atender así as carencias de persoal, intensifica as políticas de igualdade, reduce a presión fiscal aos sectores máis castigados pola crise e modifica a lexislación que mellora a execución das políticas de mobilidade, forestais e do medio rural.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos agora ao turno de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Francisco Rivera.



O señor FRANCISCO RIVERA: Boa tarde, novamente.

Efectivamente, eu levo un ano no Parlamento de Galicia, eu deille a Google para saber cantos anos levaba vostede e a verdade é que non fun capaz de atopar o dato, volveuse tolo o navegador buscando. *(Risos.) (Murmurios.)* Si, non sei. *(Aplausos.)*

Miren, a vostede non lle gusta a Lei de medidas, xa o dixo o ano pasado, que non lle gustaba a Lei de medidas, pero, en fin, para non lle gustar a Lei de medidas, ampliána con bastante asiduidade dende o Goberno da Xunta. Insisto: dende o ano 2017 a través deste mecanismo lexislativo —que a vostede non lle gusta, porque a vostede lle gustan máis as emendas á Lei de medidas, efectivamente— vostedes modificaron cento doce leis. E a vostedes, en fin, non lles gusta este tipo de técnica lexislativa; se lles chega a gustar, non sei, non sei que pasaría aquí.

Ben, evidentemente, eu coincido co BNG en que a Lei de medidas e as medidas que se modifican a través desta lei son papel mollado á vista das propias emendas que o Partido Popular nos fai chegar nas emendas ao articulado. Papel mollado porque sabemos, precisamente, que as emendas do Partido Popular vanse votar, vanse debater e vanse aprobar. Polo tanto, o Partido Popular está a emendar o Goberno para fixar a posición do propio Goberno, sen permitir á oposición facer emendas á súa propia posición política como grupo emendante. Polo tanto, unha trampa lexislativa que vostedes utilizan, utilizan reiteradamente, ano tras ano, para modificar todo tipo de normas.

Claro, no ámbito fiscal a Xunta de Galicia preséntanos no ámbito do IRPF unha modificación das bonificacións do IRPF, establece cinco tramos, crea un novo, o seis, e vén o Partido Popular nas súas emendas e reduce novamente os tramos, quedando en cinco, elimina o tramo das rendas para a base liquidable de 100.000 euros. Evidentemente, tal como contempla a Xunta de Galicia, elimina a posibilidade de que se tribute cun tipo marxinal máis amplo para ese tipo de base liquidable. E ao final iso vai ser o que se vai aprobar definitivamente.

Por tanto, señora Paula Prado, isto a nós parécenos, dende logo, un uso e un abuso da norma absolutamente inasumible, porque non permite ao Grupo Socialista nin aos grupos da oposición facer emendas ao seu propio proxecto lexislativo, que vostede emenda, á propia Lei de medidas da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* E iso é o que acontece basicamente. Ben, en fin. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, xa, xa sei. Si, non sei se o señor Pazos quere tamén dicir algunha cuestión.

En todo caso, nós, evidentemente, non coincidimos co seu sistema fiscal nin apoiamos o seu sistema fiscal; é evidente, temos distintos modelos fiscais. Eu respecto o seu modelo fiscal, un modelo fiscal que se fundamenta basicamente en que as rendas altas, os que máis teñen, os máis ricos, paguen menos; é dicir, que non sexan os impostos un elemento de redistribución da renda, senón que sexa un elemento regresivo o seu proxecto de modelo fiscal.

E respecto da Lei de saúde pública, o que pasou aquí no Parlamento neste pleno foi que se modificou a Lei de saúde pública e se lle dixo á Xunta de Galicia que esa modificación entrañaba riscos respecto de determinados dereitos fundamentais que teñen os cidadáns, e que, por tanto, o señor Núñez Feijóo non se podía arrogar a capacidade normativa que non



ten a Xunta de Galicia, que a ten o Estado, que é a modificación dunha lei orgánica, que é competencia loxicamente non da Xunta de Galicia, ou ben impoñer un estado de alarma en Galicia, que é o que pretendía impoñendo a obrigação ou establecendo medidas a través dun estado de alarma en Galicia, que o señor Núñez Feijóo non ten competencias para executar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Diga? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, en fin..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei, é que non sei o que di, *(Murmurios.)*, non sei o que di.

En definitiva, que o que veu dicir aquí o Tribunal Constitucional é que se suspende esa modificación legislativa da Lei de saúde pública que introducía a Xunta de Galicia porque vulnera ou pode vulnerar artigos e dereitos fundamentais dos cidadáns, dos que a Xunta de Galicia carece de competencias para facelo. E iso é o que sucede. E agora veñen vostedes coa Lei de medidas fiscais e administrativas modificando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...no sentido que se establece nesa comisión bilateral Goberno-Xunta de Galicia, o artigo en cuestión, onde xa o Grupo Socialista lle dicía que había un abuso por parte da Xunta impoñendo unha normativa que atentaba a dereitos fundamentais.

¿Ou é que obrigar os cidadáns a vacinarse, á marxe da modificación dunha lei orgánica ou á marxe de que se estableza a través da lei que regula o estado de alarma, non é unha atribución inconstitucional da Xunta de Galicia? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Ben, remato xa, señor presidente, dicindo que a nós esta Lei de medidas, dende logo, imposta ano tras ano, non nos gusta como técnica legislativa, e rexeitámola. Por iso plantexamos a emenda á totalidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu, tres cuestións, por ordenar un pouco as ideas.

A primeira. Falaba a señora Prado de coherencia política. Eu voulle falar de hipocrisía e cinismo total e absoluto, porque veu aquí e repítenolo todos os anos: non nos gusta, non nos gusta. ¡Encántalles! Entón, eu o que lles pediría é que polo menos teñan o valor de ir de fronte e defender as súas posicións políticas con todas as consecuencias. *(Aplausos.)* E a proba



de que lles encanta este procedemento é que ademais é a maneira pola que optan para cambiar a lexislación deste país na inmensa maioría dos casos e que crean lexislación específica sectorial en materia de mobilidade e de infraestruturas. Apunte aí a páxina, que despois non se aclara, señora Prado. (*Aplausos.*) Páxina 15, exposición de motivos... (*Aplausos.*) Porque eu non sei se terei moito futuro como xurista, pero de momento saber sei ler e da vista non me queixo. Entón, páxina 15, capítulo 4: «Aborda diversas medidas en materia de infraestruturas e mobilidade. O capítulo divídese en tres seccións. En relación coa sección primeira, contén unha serie...» —bla, bla, bla— «...en materias que actualmente carecen dunha lexislación específica que as regule». Vostedes mesmos recoñecen que a lexislación en materia de transporte para tapar as vergoñas e as chapuzas que lles tombou o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza co cambalache do sector do transporte por estrada, señora Prado, está na lei de acompañamento de 2017 e nesta lei de acompañamento de 2022. (*Aplausos.*) Entón, de momento, ler sabemos, señora Prado, ler sabemos.

E para mostra, como parece que *todavía, pues yo, ¿qué quieren que les diga? Capítulo 4, sección primera, artículo 18 y siguientes*, señora Prado, que está especificamente regulado ese ámbito sectorial nas leis de acompañamento. Veñan aquí, traian unha lexislación específica, dialoquen coas organizacións, axentes e todos os actores que representan o sector de algo que é fundamental para o futuro deste país, que é o transporte, que é a mobilidade, que son as infraestruturas, máis alá —insisto— dos autobuses ou as poucas carreteras sobre as que o Goberno galego ten competencias. Porque se falamos de infraestruturas e falamos de mobilidade, hai que falar da AP-9, hai que falar da AP-53, hai que falar dos trens, dos portos e dos aeroportos; e aí Galiza non ten capacidade política. (*Aplausos.*) Soberanía tamén é iso: poder decidir sobre as infraestruturas do propio país.

Pero é que teñen unha concepción do diálogo e a negociación que tamén queda moi patente, moi palpable, moi en evidencia nestes procedementos lexislativos, nestas leis de acompañamento e, nomeadamente, nesta. Falábase aquí de que se negociou *muchísimo*, ¡eh!, coas organizacións sindicais para ese novo contrato que é obrigatorio que preste esa asistencia no centro de saúde e ao mesmo tempo no punto de atención continuada, no PAC, pero aí vemos o diálogo ou como conciben o diálogo e a negociación. Porque na mesa sectorial do 19 de outubro vostedes dixéronlles alí o que había, nin sequera lles presentaron o borrador e o texto para que puideran debater sobre el ou se quixeran emendalo. Esa é a concepción que teñen vostedes do diálogo, da negociación e —se mo permiten— tamén da democracia.

O segundo, dicía: estamos aquí para resolver os problemas da xente. Dixo que modificou sete veces o mesmo artigo, o artigo 22 da Lei de prevención de incendios, que é unha lei á que non lle queda da súa versión orixinal nin o título, e nunca trouxeron unha proposta de reforma específica. Foi a través da Lei de montes de 2012 e a través en sucesivas ocasións das leis de acompañamento aos orzamentos. Insisto: iso o único que evidencia é que non teñen nin idea de cara a onde van, non hai proxecto político nin hai horizonte, van coma un foguete sen varilla, así que non saben cara a onde... (*Aplausos.*) Ti tira, que se non para o ano que vén volvemos emendarnos a si mesmos.

En terceiro lugar, efectivamente, eu desde o meu escano dáballe a razón á señora Paula Prado de que as emendas do Grupo Parlamentario Popular reflicten esa capacidade escoitativa con



colectivos afectados polo proxecto de orzamentos orixinal da Xunta de Galiza. Eu dáballe a razón porque esas emendas así o evidencian. Na Lei do sector eólico. Na Lei do sector eólico había unha proposta de afastar a unha distancia dun quilómetro os aeroxeradores e os parques eólicos das vivendas. ¿E quen mandou parar? ¿Quen tocou corneta? Porque non se senta unha exconselleira de Medio Ambiente nun consello de administración gratis, nin se dan abrazos... (*Murmurios.*), ¡hombre!, con dirixentes (*Aplausos.*) de coñecidas empresas eléctricas, como Iberdrola, a cambio de nada, a cambio de nada. Esas emendas nas que vostedes agora deixan sen efecto esa distancia dun quilómetro para os parques eólicos xa admitidos ou para repotenciacións que suporán a instalación de aeroxeradores de douscentos metros de altura responden a eses intereses deses colectivos que teñen nomes e apelidos, e chámase *lobby* eléctrico, amigo do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Votación das emendas presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non tendo solicitado o Goberno intervención neste momento, pasamos xa á votación das emendas, á votación conxunta de todas as emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, co número de documento 24585, e a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, co número de documento 24568.

Así que votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade de devolución, dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas á totalidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Este proxecto de lei continúa o trámite parlamentario.

Rematamos a sesión.

Boas tardes.



Remata a sesión ás sete e trece minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

